UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

Manual Operativo para a xustificación de gastos cofinanciados polo FSE POI de Galicia (2000-2006)

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
San Caetano, s/n
15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Elaboración:

AUDITGAL AUDITORES
Praza de Europa, 15ª - 4º B
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Coordinación e Maquetación:

José Alejo Losada Aldrey
Xefe do Servicio de E. A. e Xestión Económica

Revisión Lingüística:

Ricardo Luís Pita Fernández

MANUAL OPERATIVO PARA A XUSTIFICACIÓN DE GASTOS COFINANCIADOS POLO FSE

SUMARIO

0. INTRODUCCIÓN

1. GASTOS ELIXIBLES: CONCEPTOS E CRITERIOS

2. OPERACIÓNS, PROBLEMÁTICA E PROCEDEMENTOS ESPECÍFICOS.

3. ALTERNATIVAS Á COMPRA DIRECTA DE EQUIPAMENTO. Arrendamento puro ou simple, leasing e renting.

4. CONTABILIDADE DE GASTOS COFINANCIADOS POLO FSE. Deseño dun sistema contable.

5. REXISTROS AUXILIARES CONTABLES DA AMORTIZACIÓN DE EQUIPAMENTO. Deseño dun soporte documental.

6. CONTROL DE GASTOS. Sistema de arquivo, visado e deseño doutra documentación soporte xustificativa dos gastos financiados polo FSE.

7. PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DE GASTOS SUBVENCIONADOS. Planificación de gastos sobre a base dunha subvención orzada.

8. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁN ENVIAR OS CENTROS Ó ÓRGANO XESTOR

9. PLANIFICACIÓN PARA O CONTROL E A XESTIÓN DE GASTOS DO FSE POLO ÓRGANO XESTOR

ANEXOS

ÍNDICE

0. INTRODUCCIÓN

1. GASTOS SUBVENCIONABLES. CONCEPTOS E CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE

- **1.1. Accións obxecto das axudas cofinanciadas** (páx. 12)
- **1.2. Categorías de gastos elixibles segundo a normativa do FSE** (páx.12)
- **1.3. Gastos elixibles para o FSE (normativa)** (páx. 14)
- **1.4. Criterios de elixibilidade dos gastos. Normas sobre os gastos subvencionables** (páx. 21)
- **1.5. Resumo dos puntos máis importantes** (páx. 39)

2. OPERACIÓNS, PROBLEMÁTICA E PROCEDEMENTOS ESPECÍFICOS

- **2.1. Criterio para determinar cándo un ben é inventariable** (páx. 51)
- **2.2. Métodos de amortización; análise comparativa** (páx. 60)
- **2.3. Reparación e mantemento** (páx. 65)
- **2.4. Adecuación de espacios** (páx. 66)
- **2.5. Software informático** (páx. 68)
- **2.6. Ferramentas e pequeno material; procedemento de regularización** (páx. 69)
- **2.7. Equipos de montaxe, desmontaxe, simulación, etc.** (páx. 74)
- **2.8. Gastos directos e gastos indirectos** (páx. 75)

3. ALTERNATIVAS Á COMPRA DIRECTA DE EQUIPAMENTO. Arrendamento puro ou simple, leasing e renting (páx. 84)

4. CONTABILIDADE DE GASTOS COFINANCIADOS POLO FSE. Deseño dun sistema contable

- **4.1. Cadro de contas** (páx. 95)
- **4.2. Fichas individuais de contas: definición e relacións contables** (páx. 105)
- **4.3. Sistema alternativo contable (relación detallada) en soporte distinto ó do programa informático de contabilidade** (páx. 154)

5. REXISTROS AUXILIARES DE EQUIPAMENTO. Deseño dun soporte documental

5.1. Ficha individual de amortización de equipamento (páx. 160)
5.2. Inventario e cadro de amortización de equipamento (páx. 162)
5.3. Exemplo de confección de ficha individual, inventario e cadro resumo de amortización (páx. 165)
5.4. Táboa fiscal de amortización e coeficientes de amortización usuais (páx. 171)

6. CONTROL DE GASTOS. Sistema de arquivo, visado e deseño doutra documentación soporte

6.1. Xeneralidades sobre control (páx. 177)
6.2. Recomendacións e propostas de control interno (páx. 178)
6.3. Deseño dun sistema de arquivo (páx. 181)
6.4. Certificados (como xustificante da imputación dun ben inventariable como gasto) (páx. 188)
6.5. Modelo de informe de control de gastos (páx. 195)
6.6. Modelo de xustificante de gastos de viaxe (páx. 198)

7. PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DE GASTOS SUBVENCIONADOS. Planificación de gastos sobre a base dunha subvención orzada (páx. 202)

8. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁN ENVIAR OS CENTROS Ó ÓRGANO XESTOR

8.1 Documentación xustificativa (páx. 208)
8.2 Anexo: formularios (páx. 210)

9. PLANIFICACIÓN PARA O CONTROL E A XESTIÓN DE GASTOS DO FSE POLO ÓRGANO XESTOR

9.1. Introducción (páx. 218)
9.2. Planificación dun control por parte do órgano xestor (páx. 219)
9.3. Normativa aplicable ó programa operativo integrado de Galicia (2000-2006) (páx. 227)

ANEXOS:

- **TÁBOA FISCAL DE AMORTIZACIÓN**

- **DISQUETE CON SOPORTE DOCUMENTAL**

    - **Folla de reconto físico de ferramentas** (Apartado 2.6.)
    - **Cálculo e cadro de imputación de gastos indirectos** (Apdo.2.8.)
    - **Relación detallada de gastos cofinanciados** (Apdo. 4.3.)
    - **Ficha individual e cadro de amortización de equipamento** (Cap. 5)
    - **Modelos de certificados de gastos** (Apdo.6.4.)
    - **Modelo de informe de control de gastos** (Apdo.6.5.)
    - **Modelo de liquidación de gastos de viaxes** (Apdo.6.6.)
    - **Cadro de planificación financeira de gastos subvencionables** (Cap.7)
    - **Formularios** (Apdo.8.2)

0. INTRODUCCIÓN

0. INTRODUCCIÓN

O Fondo Social Europeo (en adiante FSE) é o instrumento estructural das Comunidades Europeas que ten como **finalidade** a mellora das posibilidades de emprego dos traballadores, o desenvolvemento dos recursos humanos e de integración no medio laboral e a contribución á elevación do seu nivel de vida mediante o fomento das oportunidades de emprego e a mobilidade xeográfica e persoal.

O FSE apoia e complementa as actividades dos estados membros destinadas ó desenvolvemento do traballo e dos recursos humanos.

O regulamento do FSE sinala unha serie de ámbitos prioritarios de actuación, entre os que destacan as políticas activas do mercado de traballo, a **formación profesional** e a mellora da situación da muller.

A Comisión aproba o Marco de Apoio Comunitario (MAC) unha vez finalizado o plan de desenvolvemento presentado polo estado membro, no que se describen a estratexia e as prioridades da acción, os seus obxectivos específicos e a participación dos fondos e demais recursos financeiros.

Para o período de programación 2000-2006 simplificáronse e concentráronse as accións comunitarias como se recolle nos obxectivos prioritarios:

Obxectivo 1: diríxese a fomenta-lo desenvolvemento e o axuste estructural das rexións menos desenvolvidas, aquelas cun PIB inferior ó 75% da media comunitaria. En España atópanse neste caso Andalucía, Asturias, Canarias, Castela-A Mancha, Castela e León, Comunidade Valenciana, Estremadura, **Galicia**, Murcia, Ceuta e Melilla.

As axudas financeiras do FSE destínanse especialmente á asistencia a favor de persoas para as seguintes actividades de desenvolvemento dos recursos humanos, que poden formar parte dos itinerarios integrados de inserción profesional:

a) Educación e formación profesional, aprendizaxe, rehabilitación profesional, orientación, asesoramento, etc.
b) Axudas ó emprego e ó autoemprego.
c) Formación universitaria de terceiro ciclo e formación de directivos e técnicos.
d) Desenvolvemento de novas fontes de emprego.

A porcentaxe de cofinanciamento da axuda comunitaria nas rexións do obxectivo 1 pode alcanza-lo 75% do custo total, excepcionalmente o 80% do custo total e, mesmo, ata o 85% cando se trate de rexións ultraperiféricas.

Unha ou varias administracións públicas deben achega-la porcentaxe restante con carácter xeral.

O Goberno español presentou á Comisión Europea o 28 de abril de 2000 o proxecto do programa operativo de Galicia 2000-2006 correspondente ó FSE.

A Unión Europea aprobou na Decisión da Comisión do 7 de marzo de 2001 a concesión dunha axuda do Fondo Social Europeo (FSE) para o **Programa Operativo Integrado de Galicia (2000-2006)**, que se integra dentro do Marco Comunitario de Apoio para as intervencións estructurais nas rexións españolas de obxectivo 1 (2000-2006).

A xestión do Programa Operativo do Fondo Social Europeo para o período 2000-2006 relativa a actividades de desenvolvemento de recursos humanos, incluídas a educación e a formación profesional, correspóndelle na nosa Comunidade Autónoma á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da súa Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

O Fondo Social Europeo esixe unha serie de medidas de xestión, control e xustificación necesarias, que se deben realizar polo órgano xestor e os beneficiarios das axudas. Neste sentido, cabe menciona-lo Regulamento (CE) N°438/2001 da Comisión, do 2 de marzo de 2001, no que se establecen disposicións en relación ós sistemas de xestión e control das axudas outorgadas con cargo ós fondos estructurais.

A normativa comunitaria sobre os gastos subvencionables polos fondos estructurais establécese no Regulamento (CE) N°1685/2000 da Comisión, do 28 de xullo de 2000, na que se fixan as normas de elixibilidade dos gastos polos fondos estructurais.

A xestión dos gastos cofinanciados polo FSE realízase da seguinte maneira:

As ensinanzas obxecto de cofinanciamento polo FSE autorízanse mediante unha orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicada no Diario Oficial de Galicia. O seu desenvolvemento está regulado pola normativa específica de funcionamento, resolucións da Dirección Xeral, inspección educativa, etc. Os gastos imputables ás accións compóñense de gastos de persoal e gastos de funcionamento. Para a xustificación dos ditos gastos, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais dictou a Circular 13/2000. Os gastos de persoal, correspondentes ós soldos e ás cargas sociais do profesorado que imparte os ciclos, son pagados e xestionados directamente polas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Os centros públicos de ensino xustifican as horas de docencia imputadas ó FSE polo profesorado que imparte as ensinanzas cofinanciadas a través duns formularios deseñados para este

obxecto na circular 13/2000. No Servicio de Informática da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria grávanse as horas certificadas polos centros e imprímese un informe co total de custos de persoal, que se lle remite ó órgano xestor. Os gastos de funcionamento son xestionados directamente polos centros de ensino. As axudas correspondentes ós gastos de funcionamento transfírenselles ós centros docentes polas delegacións provinciais da Consellería de Educación en tres partidas ó longo de cada exercicio orzamentario, que xeralmente son en xaneiro, abril e setembro, e por un importe do 40%, o 30% e o 30% respectivamente da subvención concedida. Os centros de ensino xustifícanlle os gastos de funcionamento ó órgano xestor a través duns formularios deseñados na circular 13/2000, nos que se detalla a categoría do gasto, o seu tipo (directo ou indirecto) e a súa clasificación por acción ou tipo de ensino cofinanciado, e remítense ó órgano xestor en dúas datas unha vez finalizados os períodos que detallan, que son xaneiro-setembro e outubro-decembro do ano natural. **A partir do 1 de xaneiro de 2003, os centros utilizarán este manual para realiza-la xustificación de gastos de funcionamento e de profesorado; para tal efecto recóllese no capítulo 8 os formularios que deberá enviar á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.**

Hai accións que son xestionadas directamente pola Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional; o presente manual está destinado ós gastos que son xestionados polos centros de ensino e, en particular, á xustificación dos gastos de funcionamento.

Debido ás peculiaridades dos centros educativos e ás esixencias administrativas canto á xustificación de gastos cofinanciados establecida na normativa comunitaria, cómpre a elaboración dun manual administrativo detallado ou manual operativo que afonde, desenvolva e detalle o contido da normativa europea e que, ademais, conteña procedementos contables aplicables na xustificación de determinados gastos, para así cumprir coas demandas da normativa comunitaria no relativo á xustificación e ó control das axudas. É importante que teñamos un sistema administrativo-financeiro que sexa de doada comprensión e de áxil manexo, tal que a xustificación das actividades do proxecto se poidan levar a cabo con facilidade e por persoal altamente especializado en funcións contables e financeiras. Isto é debido a que os centros de ensino non dispoñen desta figura profesional e esta actividade é desempeñada por persoal docente. Todo cambio ou adaptación dun sistema de xestión como o que se propón para a xustificación de gastos cofinanciados polo FSE require tempo e esforzo por parte do persoal responsable da súa implantación, sobre todo no seu primeiro ano de aplicación. O propósito deste manual de administración é o de ser usado como ferramenta de traballo que faga posible a creación dun sistema de xestión que sirva como soporte para a xustificación e o control dos gastos cofinanciados polo FSE.

A base do desenvolvemento do presente manual está nas obrigas legais e financeiras dos centros públicos de ensino, como beneficiarios finais das axudas cofinanciadas polo FSE. Estas obrigas son as seguintes:

A) Levar unha contabilidade separada e de carácter analítico para as actividades realizadas ó abeiro do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006, conservando os comprobantes xustificativos de gastos ata un período de cinco anos a partir da finalización do proxecto.
B) Imputa-los gastos en consonancia cos criterios de gastos elixibles segundo a regulamentación do FSE e co tipo de acción desenvolvida, de maneira que o gasto se entenda necesario para o fin proposto.
C) Facilita-la inspección e o control dos órganos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co obxectivo de supervisa-lo cumprimento das actividades previstas no programa operativo que lle permitan a esta a xustificación financeira ante os órganos competentes.
D) Remiti-los informes e demais documentos que reclame a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional como órgano xestor para a súa xustificación ante os órganos competentes do FSE.

1. GASTOS ELIXIBLES. CONCEPTOS E CRITERIOS

CAPíTULO 1

GASTOS SUBVENCIONABLES

1. CONCEPTOS E CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE

1.1. Accións obxecto das axudas cofinanciadas

1.2. Gastos elixibles para o FSE (normativa)

1.3. Definición e documentación xustificativa dos gastos elixibles segundo a normativa do FSE

1.4. Criterios de elixibilidade dos gastos: normas sobre os gastos subvencionables

1.5. Resumo dos puntos máis importantes

1.1. Accións obxecto das axudas cofinanciadas polo FSE

O programa operativo 2000-2006, segundo decisión CE, xira en torno ás accións denominadas "Formación profesional educativa", e instruméntase a través das seguintes medidas:

- *Formación profesional específica de grao medio e de grao superior.*
- *Formación práctica en empresas.*
- *Orientación educativa e profesional.*
- *Incentivo á formación en titulacións deficitarias.*
- *Desenvolvemento de cursos modulares, a distancia, semipresenciais e en horario nocturno, en particular dirixidos a adultos.*
- *Apoio ós adultos non titulados para o acceso á formación e para a obtención da titulación.*
- *Formación de formadores e de administradores e xestores de centros.*
- *Mobilidade de alumnos e profesores e fomento da cooperación transfronteiriza.*
- *Fomento da calidade en formación profesional e impulso da innovación curricular, de metodoloxías e de materiais didácticos.*
- *Fomento de centros integrados de formación profesional e incremento dos sistemas de acompañamento para favorece-la integración laboral.*
- *Difusión, seguimento e avaliación do sistema de formación profesional.*

1.2. Gastos elixibles para o FSE (normativa)

A tipoloxía de gastos elixibles que a normativa comunitaria considerou nas accións de "recursos humanos" é a seguinte:

1. *Formadores.*

   - *Remuneracións de persoal formador.*
   - *Cargas sociais.*
   - *Gastos de viaxe e estancia do persoal formador.*
   - *Compra de cursos.*

2. *Gastos de estudiantes.*

   - *Remuneración ou asignación de participantes.*
   - *Cargas sobre subsidios.*
   - *Cargas sociais e seguros sociais.*
   - *Outras cargas sociais.*

3. *Gastos de viaxe e estancia de estudiantes.*

    - *Gastos de viaxe diarios.*
    - *Gastos de alimentación, desprazamento e aloxamento durante os cursos externos.*

4. *Consumo, equipamentos e edificios.*

    - *Bens consumibles non amortizables necesarios para a formación.*
    - *Equipamento.*
        - *Alugamento e leasing (soamente operativo).*
        - *Amortización consonte a lexislación do estado membro.*
    - *Edificios.*
        - *Alugamento e leasing.*

5. *Custos indirectos.*

    - *Remuneración de persoal de administración e xerencia.*
    - *Remuneración de persoal non docente nas accións cofinanciadas.*
    - *Cargas sociais.*
    - *Gastos de viaxe ligados á formación do persoal non docente e do persoal de administración e xerencia.*
    - *Adaptación de locais nos centros de formación profesional para persoas discapacitadas.*
    - *Gastos diversos de xestión (limpeza, vixilancia, etc.).*
    - *Publicidade dos cursos.*
    - *Obxectos e artigos de escritorio.*
    - *Documentación en xeral.*
    - *Gastos de correo, fax, internet e teléfono.*
    - *Auga, gas e electricidade.*
    - *Taxas e seguros.*
    - *Gastos de funcionamento de garderías.*

<u>Os seguintes gastos non son elixibles</u>

- *Gastos financeiros e xuros de préstamos e de contas correntes.*
- *Outros gastos financeiros.*
- *Comisións, indemnizacións extralegais de persoal.*
- *Amortización de construccións.*
- *Compra de equipos e de construccións amortizables.*

1.3. Definición de gastos elixibles e documentación soporte xustificativa

Previamente, diferenciamos entre gastos directos e gastos indirectos.

Gastos directos son os específicos dos ciclos, dos programas de garantía social, dos departamentos de orientación e das ensinanzas de persoas adultas; é dicir, das ensinanzas cofinanciadas.

Gastos indirectos son os gastos de funcionamento xerais do centro que afectan á totalidade dos alumnos e dos que cómpre calcula-la parte proporcional correspondente ó alumnado das ensinanzas cofinanciadas.

Un gasto é directo ou indirecto non en función do tipo ou da categoría do gasto, senón en función da relación do gasto coa acción cofinanciada, que pode ser directa, cando é custo específico da ensinanza cofinanciada, ou indirecta, cando é un custo común a tódalas ensinanzas.

No apartado 2.8. trátanse con máis detalle os gastos directos e indirectos.

A seguir, verase a definición e a documentación soporte dos tipos ou categorías de gastos elixibles.

1.3.1. Formadores

- Remuneracións de persoal formador.
- Cargas sociais.
- Gastos de viaxe e estancia do persoal formador.
- Compra de cursos.
- Retribución de expertos ou especialistas.

Este apartado, inclúe o custo de persoal docente das accións cofinanciadas (salario e contribucións sociais) nos labores de impartición, preparación de clases, titorías, avaliación e seguimento do alumnado por parte do profesorado. Non inclúe materiais e outros gastos, nin tampouco as horas investidas na preparación de medios didácticos.
Os custos de persoal estarán documentados, por unha parte, para a xustificación das horas de docencia cofinanciadas coa programación do centro e horarios das ensinanzas asinados por persoa autorizada (documentación dispoñible nos IES), e, por outra banda, para a xustificación dos custos de persoal, cos boletíns de salarios, boletíns de cotización social, contratos de traballo, etc. (documentación non dispoñible nos IES).

Os gastos de viaxes e de estancia corresponden ós gastos polos conceptos de locomoción, manutención e estancia por desprazamento do persoal docente en relación coas accións cofinanciadas (cursos de formación, viaxes de

cooperación transfronteiriza, etc.), e inclúen gastos por concepto de quilometraxe, peaxes, aparcamento, billetes de avión, comidas, hotel, etc.

Os gastos de viaxes e de estancia estarán documentados cunha folla de liquidación de gastos de viaxes (exemplo en apartado 6.6.), onde se detalla o desprazamento (motivo, lugar, data, datos do receptor, relación detallada de gastos, etc.), asinada por persoa autorizada, á que se deberán achegar tódolos xustificantes, facturas, recibos, notas, etc. que acrediten os gastos.

A compra de cursos refírese á xestión e/ou organización de cursos, xornadas, encontros para a formación do profesorado, etc.
Os gastos de compra de cursos estarán documentados cunha folla de rexistro de actividades e con detalle de gastos realizados onde se identifiquen e detallen as actividades realizadas e a relación de gastos incorridos, asinada por persoa autorizada, á que se deberán achegar tódolos xustificantes que acrediten os gastos realizados.

Retribución de expertos ou especialistas.
Corresponden a custos de persoas contratadas para realizar un curso, xornada, encontros para a formación do profesorado, etc.
A xustificación incluirá, ademais da factura emitida polo profesional na que se identifique a actividade realizada, o seu currículo, o detalle das horas impartidas e o seu custo por hora.

1.3.2. Gastos de estudiantes

- Remuneración ou asignación de participantes.
- Cargas sobre subsidios.
- Cargas sociais e seguros sociais.
- Outras cargas sociais.

Este apartado inclúe o custo de persoal correspondente a estudiantes das accións cofinanciadas (salario e contribucións sociais). Non é aplicable nas accións impartidas polos IES. Os gastos incorridos polo alumnado nos IES e cofinanciados polo FSE son os correspondentes ós gastos de desprazamentos e comidas para o alumnado que efectúa as prácticas nas empresas, para a realización do módulo de formación práctica, e estarán xustificados da mesma forma que os gastos por este mesmo concepto do persoal formador.

Os custos de persoal, se os houber, estarán soportados con documentos como a programación do curso, o parte de asistencia, nóminas, boletíns de salarios e boletíns de cotización social.

1.3.3. Gastos de viaxe e estancia de estudiantes

- *Gastos de viaxe diarios.*
- *Gastos de alimentación, desprazamento e aloxamento durante os cursos externos.*

Os gastos de viaxes e estancia de estudiantes pola realización de cursos externos, programas de intercambio de alumnos e prácticas en empresas inclúen gastos de quilometraxe, peaxes, aparcamento, billetes de avión, comidas, hotel, etc., incorridos polos estudiantes en relación coas accións cofinanciadas.
Os gastos de viaxes e estancia estarán documentados cun certificado do organizador do curso ou programa, unha relación dos alumnos participantes e unha folla na que se detalle o desprazamento (motivo, lugar, data, datos de receptor, quilómetros, etc.) asinada por persoa autorizada, á que se deberán achegar tódolos xustificantes, facturas, recibos, notas, etc., que acrediten os gastos realizados. No caso dos gastos de viaxe de alumnos polas prácticas en empresas cumprirá a relación de alumnos con identificación do lugar e os quilómetros percorridos, certificado da empresa da realización das prácticas e xustificantes do seu pagamento (normalmente, xustificante bancario ó realizarse o pagamento mediante transferencia).

1.3.4. Consumo, equipamento e edificios

- *Bens consumibles non amortizables necesarios para a formación.*
- *Equipamento.*
    - *Alugamento e leasing (soamente operativo).*
    - *Amortización consonte a lexislación do estado membro.*
- *Edificios.*
    - *Alugamento e leasing.*

1.3.4.1. Bens consumibles non amortizables necesarios para a formación

Inclúe todo tipo de material necesario para realiza-lo ensino: material didáctico, subministros, etc. No ensino teórico este material didáctico pode ser común na maioría dos ciclos (libros, material diverso consumible, etc.). No ensino práctico dos ciclos, dada a grande variedade de familias profesionais existentes, é moi variado o tipo de material que se utiliza. De seguido relacionamos, a modo de exemplo, diverso material didáctico utilizado nas prácticas de distintas familias profesionais:

- Hostalería e turismo: toda a materia prima utilizada para a elaboración dos alimentos ou productos obxecto das prácticas (alimentos, condimentos, bebidas, etc.), bolsas, guías, batas, cofias, mandís, luvas, etc.

- Electricidade e electrónica: material eléctrico e electrónico funxible utilizado na realización das prácticas (cables, conexións, tubos, cavillas, enchufes, interruptores, conmutadores, caixas de montaxe, regretas, bridas, abrazadeiras, platinas, contactores, relés, resistencias, cinta illante, bornes, fusibles, pilas, antenas, placas, circuítos, díodos, conectadores, electrodos, transistores, etc.

- Madeira e moble: taboleiros, táboa de madeira, puntas, colas, pechaduras, ancoraxes, tacos, verniz, lixas, etc.

- Albanelería: pedra, ladrillos, grixo, cemento, area, cordel, lapis, máscaras, botas, monos, etc.

- Fabricación mecánica e automoción: tubos, chapas, fío, silicona, cintas, pasta, soldadura, verniz, disolventes, ancoraxes, parafusos, bombonas, tapaporos, etc.

- Imaxe persoal: material de cosmética, ceras, depilatorios, cremas, tinturas, alcol, esparadrapo, gasas, material de limpeza, peites, cepillos, tesoiras, outros productos de perruquería, etc.

- Edificación e obra civil: láminas lapis, láminas vexetais, estenógrafos, regras, rolos vexetais para plotters, amoníaco, láminas acuarelas, caixas de minas, cartografía diversa, etc.

- Informática: placas base virxes, reveladores placa positiva, díodos, circuítos integrados, bornes, resistencias de grafito, etc.

- Química: ácido clorhídrico, reactivo vanadato molibdato, ácido sulfúrico, fíos de cobre, embudes de vidro, vaso precipitado, tubos de ensaio, etc.

- Sanidade: agullas dun só uso, luvas de látex, gasa, algodóns, sondas, exectores, tubos venoxect, corpitol, etc.

Outros gastos de funcionamento

Hai outros gastos de funcionamento que poden ser directos ou indirectos, atendendo ó criterio comentado anteriormente. Este tipo de gastos xustifícase normalmente mediante factura, excepto as primas de seguros, que se soportan cunha póliza de seguro e un recibo bancario do seu pagamento. Son os de seguido se relacionan.

Reparación e conservación. Reparación é o proceso polo que se volve a pór en condicións de funcionamento un elemento de inmobilizado material (ben inventariable). A conservación refire ás operacións encamiñadas a mante-lo elemento do inmobilizado material en boas condicións de funcionamento e coa mesma capacidade productiva.

Subministros. Trátase de electricidade, gas, auga, combustibles e calquera outro abastecemento que non teña a calidade de almacenable. Normalmente son gastos indirectos, xa que non existe un contador individual por aula.

Material de oficina. O destinado á finalidade que indica a súa denominación. Trátase de material funxible de oficina, como por exemplo carpetas, bolígrafos, rotuladores, clips, grampas, folios, sobres, papel, disquetes, tinta, prensa, revistas, libros, etc.

Arrendamentos. Gastos desta natureza polo concepto de alugamento de bens mobles ou inmobles. Inclúe, entre outros, o arrendamento de locais, de equipos informáticos, de transporte, etc.

Transporte. Importes satisfeitos por este concepto, cando non deban ser incluídos no prezo de adquisición do equipamento.

Comunicacións. Importes satisfeitos polo concepto que indica a denominación do gasto, como son o teléfono, fax, internet, correo, etc.

Publicidade. Gastos de divulgación e calquera outro de propaganda e publicidade conducente a informa-la comunidade dos servicios da entidade.

Prima de seguros. Cantidades satisfeitas en concepto de primas de seguros para cubrir riscos posibles de instalacións, inmobilizado, etc.

Gastos diversos. Outros gastos que non figuran nas categorías anteriores e que sexan necesarios para a realización das actividades cofinanciadas.

1.3.4.2. Equipamento

- *Alugamento e leasing (soamente operativo).*
- *Amortización consonte a lexislación do estado membro.*

Considérase como equipamento os seguintes elementos: aplicacións informáticas, edificios e construccións, instalacións técnicas, maquinaria, útiles e ferramentas, moblaxe e aparellos, outras instalacións, equipos para procesos de información e elementos de transporte.

Son elixibles os custos de amortización dos elementos anteriores. No Plan Xeral Contable de 1990 denomínaselles a estes elementos “inmobilizado material”, con excepción das aplicacións informáticas, que entran dentro do que se denomina “inmobilizado inmaterial”. Trátase de bens de equipo ou equipamento que sexan utilizados en aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento da formación e necesarios para a impartición das ensinanzas cofinanciadas durante a actividade formativa, que non

correspondan a dotacións dos programas centralizados da Consellería, da seguinte maneira:

Equipos adquiridos sen financiamento (directamente). É elixible todo o prezo de compra do investimento ou da adquisición, distribuído nos exercicios nos que vai presta-la súa función de ensino (vida útil); é dicir, é elixible anualmente como gasto polo importe correspondente á súa amortización efectiva.

Equipos adquiridos e financiados por leasing. É elixible todo o prezo de compra pagado nas cotas mensuais, excepto os xuros pagados polo financiamento desta operación; é dicir, excepto a parte da cota que corresponde a xuros.

Equipos utilizados en renting. É elixible todo o prezo pagado en cada cota mensual do alugamento por renting, excepto os xuros pagados polo financiamento deste contrato; é dicir, excepto a parte da cota que corresponde a xuros.

Equipos utilizados en alugamento puro. É elixible todo o prezo pagado polo seu alugamento. Esta operación non inclúe xuros.

Amortización. Cando se adquire un ben inventariable ou equipamento mediante compra directa (sen financiamento nin mediante alugamento), cómpre ter en conta que só é imputable como gasto elixible no ano a amortización efectiva do dito ben durante ese ano.
Amortización é a expresión contable da depreciación do inmobilizado (bens inventariables) na súa aplicación ó proceso productivo (no noso caso o proceso productivo equivale á prestación dun servicio público de ensino). Identifícase normalmente coa depreciación que normalmente sofren os bens de inmobilizado polo seu funcionamento e uso, valorándose, de se-lo caso, a obsolescencia que lles poida afectar.
Consiste, por tanto, na distribución do custo de adquisición do inmobilizado material durante a vida útil estimada de cada elemento, efectuada de forma racional e uniforme. A expresión numérica dese importe amortizable correspondente a un exercicio económico é a denominada "cota de amortización".
Para a xustificación de gastos cómpre a factura de adquisición do equipo, método e cálculo da amortización imputable.

1.3.5. Custos Indirectos

- *Remuneración de persoal de administración e xerencia.*
- *Remuneración de persoal non docente nas accións cofinanciadas.*
- *Cargas sociais de persoal de administración, de xerencia e non docente.*

- *Gastos de viaxe ligados á formación do persoal non docente e de persoal de administración e xerencia.*
- *Adaptación de locais nos centros de formación profesional para persoal discapacitado.*
- *Gastos diversos de xestión (limpeza, vixilancia, mantemento, etc.).*
- *Publicidade de tódalas ensinanzas impartidas no centro.*
- *Obxectos e artigos de escritorio.*
- *Documentación en xeral.*
- *Gastos de correos, fax, internet e teléfono.*
- *Auga, gas e electricidade.*
- *Taxas e seguros.*
- *Gastos de funcionamento de garderías.*

Nestes gastos, normalmente, aínda que son indirectos, temos en conta o criterio de clasificación de gastos directos e indirectos, en función da relación do gasto coa acción cofinanciada, que pode ser directa, cando é un custo específico da ensinanza cofinanciada, ou indirecta, cando é un custo relativo a tódalas ensinanzas.

Para a xustificación deste tipo de gasto cómpre a factura e cálculo do criterio de imputación como gasto indirecto (ver apartado 2.8.).

En xeral, tódolos gastos de funcionamento necesarios e vinculados ás accións cofinanciadas son elixibles.

1.4 Criterios de elixibilidade dos gastos. Normas sobre gastos subvencionables

No Regulamento (CE) nº 1145/2003 da Comisión, do 27 de xuño de 2003 que modifica o Regulamento (CE) nº 1685/2000 no relativo ás normas sobre cofinanciacións subvencionables por parte dos forndos estructurais, recolle no anexo as normas sobre gastos subvencionables, de carácter xeral para tódolos fondos estructurais. Del obtémo-las normas e os criterios de elixibilidade dos gastos cofinanciados polo FSE, que se inclúen de seguido traducidos literalmente coa inclusión de comentarios nalgunha das normas.

Norma nº 1. Gastos efectivamente pagado

1. PAGAMENTOS DOS BENEFICIARIOS FINAIS

1.1. Os pagamentos realizados polos beneficiarios finais segundo o especificado no parágrafo terceiro do apartado 1 do artigo 32 do Regulamento (CE) nº 1260/1999 (en diante, "o Regulamento Xeral") faranse en efectivo, excepto nos casos recollidos no punto 1.5.

1.2. No caso de rexímenes de axuda baseados no establecido no artigo 87 do Tratado e de axudas concedidas por organismos designados polos Estados membros, entenderase por "Pagamentos realizados polos beneficiarios finais" as axudas pagadas ós beneficiarios últimos –que para os efectos de aplicación da presente norma, se definen como os organismo públicos ou privados que efectúan a operación individual- polos organismos que conceden a axuda. Os pagamentos de axudas efectuados polos beneficiarios finais deberán estar xustificados en relación coas condicións e os obxectivos da axuda.

1.3. As aportacións a fondos de capital de risco, fondos de préstamos e fondos de garantía (incluídos os fondos de carteira de capital de risco) consideraranse "gastos efectivamente pagados", segundo o especificado no parágrafo terceiro do apartado 1 do artigo 32 do Regulamento Xeral, sempre que os fondos sexan conformes ó establecido nas normas 8 e 9, respectivamente.

1.4. Nos casos distintos dos citados no punto 1.2. entenderanse por "pagamentos realizados polos beneficiarios finais" os pagamentos realizados polos organismos ou empress públicas ou privadas do tipo definido no complemento do programa, segundo o previsto na letra b) do apartado 3 do artigo 18 do Regulamento xeral, que teñan a responsabilidade directa de ordea-la operación que se trate.

1.5. Sempre e cando se cumpran as condicións establecidas nos puntos 1.6, 1.7 e 1.8, os gastos de amortización, as contribucións en especie e os gastos xerais tamén poderán formar parte dos

pagamentos contemplados no punto 1.1. Non obstante, o cofinanciamento dunha operación polos fondos estructurais non deberá sobrepasa-lo gasto total subvencionable ó final da operación, excluídas as contribucións en especie.

1.6. O custo da amortización de ben inmobles ou bens de equipo que estean directamente relacionados cos obxectivos da operación poderá subvencionarse, sempre que:

a) Na adquisición dos bens inmobles ou bens de equipo non se utilizaran subvencións nacionais ou comunitarias.
b) Os gastos de amortización se calculen de conformidade coas normas de contabilidade pertinente, e
c) O gasto se refira exclusivamente ó período de cofinanciamento da operación considerada.

Comentarios. Establece claramente que só é susceptible de subvención a amortización dos bens inventariables (inmobilizado material e inmaterial) e nunca a súa compra.
A imputación da amortización realizarase consonte a práctica contable e fiscal (no apartado 2.2. detállanse os sistemas de amortización admitidos na práctica contable e fiscal).
Queda, sen embargo, excluída a amortización de bens que foron obxecto para a súa adquisición dun cofinanciamento público (estatal ou comunitario).
Refírese a bens que xa foron obxecto dunha subvención para a súa adquisición e que, xa que logo, non se poden incluír na xustificación ó FSE, xa que se recibiría unha dobre subvención para un mesmo ben. Un exemplo disto son os bens que correspondan a dotacións de equipamento dos programas centralizados da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou que foron financiados con cargo a outros fondos estructurais.

1.7. As contribucións en especie poderán subvencionarse, sempre que:

a) Consistan no subministro de terreos, bens inmobles, bens de equipo, materias primas, servicios de investigación ou profesionais, ou traballo voluntario non remunerado.
b) Non garden conexión coas medidas de enxeñería financieira a que se refiren as normas 8, 9 e 10.
c) O seu valor poida avaliarse e auditarse.
d) No caso de subministro de terreos ou ben inmobles, o valor sexa certificado por un taxador cualificado independiente ou por un organismo oficial debidamento autorizado.
e) No caso de traballo voluntario non remunerado, o valor do dito traballo se determine segundo o tempo adicado e os salarios normais por hora e día para o traballo realizado, e.
f) Se cumpran, cando proceda, as disposicións das normas 4, 5 e 6.

Comentarios. As condicións fixadas pola normativa, moi restrictivas, fan que a imputación de gastos en especie non sexa conveniente. Ó ser subvencionado o 100% dos gastos cofinanciados polo FSE nos IES, os gastos en especie sempre teñen que ser a maiores dese 100% que ten que corresponder a gastos efectivos. É dicir, se no ano 2002 nos conceden unha subvención de 3.000 euros (75% FSE=2.250; 25% CC.AA.=750), temos que xustifica-los 3.000 euros concedidos

con gastos efectivamente soportados, para xustifica-la axuda do FSE, que é de 2.250 euros (75% de 3.000 euros de gastos efectivos), xa que o que xustifiquemos con gastos en especie, dentro dos 3.000 euros, diminuiráno-la axuda na porcentaxe do 75% dos gastos en especie incluídos dentro dos 3.000 euros. Só sería interesante aplicala cando non fora susceptible de subvención o 100% dos gastos incorridos, caso que non é o noso (por exemplo, se se subvencionara o 90% dos gastos e a axuda fose do 75%, poderiamos incluír un 10% para completa-lo 100% dos gastos con gastos en especie).

1.8. Os gastos xerais serán subvencionables sempre que correspondan a custos reais de execución da operación confinanciada polos fondos estructurais e se asignen a prorrata á operación con arreglo a un método xusto e equitativo debidamente xustificado.

1.9. As disposicións dos puntos 1.5 a 1.8 aplicaranse ós destinatarios últimos das axudas contemplados no punto 1.2 cando se trate de rexímenes de axuda baseados no disposto no artigo 87 do Tratado e de axudas concedidas polos organismos desginados polos Estados membros.

1.10. Os estados membros poderán aplicar normas nacionais máis estrictas para determina-los gastos subvencionables con areglo ós puntos 1.6, 1.7 e 1.8.

2. DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS

2.1. Como norma xeral, os pagamentos realizados polo beneficiario final, declarados como pagamentos provisionais e pagamentos do saldo final, deberanse xustificar mediante facturas orixinais aboadas. Nos casos nos que iso non sexa posible, os pagamentos xustificaranse mediante documentos contables de valor probatorio equivalente.

2.2. No que atinxe ó desenvolvemento rural, o especificado no apartado 2.1 non será obstáculo para a aplicación das disposicións específicas establecidas no Regulamente (CE) nº 445/2002 en relación coa fixación de baremos para os prezos unitarios de determinados investimentos no ámbito da silvicultura.

2.3. Ademais, cando a execución das operacións teña lugar por medio de licitación pública, os pagamentos realizados polos beneficiarios finais, declarados como pagamentos provisionais e pagamentos de saldo final, deberanse xustificar mediante facturas orixinais aboadas emitidas conforme ó estipulado nos contratos asinados. En calquera outro suposto, como a concesión de subvencións públicas, os pagamentos dos beneficiarios finais, declarados como pagamentos provisionais e pagamentos do saldo final, xustificaranse como gastos efectivamente pagados (incluídos os gastos a que se refire o punto 1.5) efectuados polos destinatarios últimos mencionados no punto 1.2.

3. SUBCONTRATACIÓN

3.1. Sen prexuízo da aplicación de normas nacionais máis estrictas, os gastos relativos ós seguintes subcontratos non poderán ser cofinanciados polos fondos estructurais.

a) Subcontratos que aumenten o custo de execución da operación sen ningún valor engadido.

b) Subcontratos con intermediarios ou asesores nos que o pagamento consista nunha porcentaxe do custo da operación, a menos que o beneficiario final xustifique o dito pagamento por referencia ó valor real do traballo realizado ou os servicios prestados.

3.2. Con relación a tódolos subcontratos, os subcontratistas deberanlles facilitar ós organismos de auditoría e control toda a información necesaria sobre ás actividades subcontratadas.

Norma nº 2. Tratamento contable dos ingresos

1. Para os efectos da presente norma, entenderase por "ingresos" os percibidos con respecto a unha operación durante o período do seu cofinanciamento ou durante un período máis longo que se extenderá, como máximo, ata o final da intervención e que establecerá o Estado membro, en concepto de vendas, alugueres, servicios, taxas de inscrición ou outros ingresos equivalentes, excluídos os ingresos:
   a) Os xerados durante o ciclo de vida dos investimentos cofinanciados e suxeitos ás disposicións específicas do apartado 4 do artigo 29 do Regulamento Xeral.
   b) Os xerados no marco das medidas de enxeñería financeira citadas nas normas 8, 9 e 10.
   c) Os que sexan contribucións do sector privado ó cofinanciamento de operacións que aparezan xunto ás contribucións públicas nos cadros financieiros da intervención.
2. Os ingresos contemplados no punto 1 constitúen as rendas que reducen o cofinanciamento dos fondos estructurais necesaria para a operación en cuestión. Antes de calcula-la participación do Fondo Estructural e, como máis tardar, no momento en que finalice a intervención, estos ingresos deduciranse dos gastos subvencionables da operación na súa totalidade ou a prorrata, dependendo de se foron xerados enteira ou parcialmente pola operación cofinanciada.

Norma nº 3. Gastos financeiros, legais e doutra natureza

1. GASTOS FINANCEIROS

   O xuro debedor (con excepción das bonificacións de xuros destinadas a reduci-lo custo de préstamos para actividades empresariais conforme réxime de axuda estatal autorizado), os gastos de transaccións financeiras, as comisións e perdas de cambio, así como outros gastos puramente financeiros, non serán cofinanciables polos fondos estructurais. Sen embargo, os gastos ocasionados por transaccións financieiras transnacionais realizadas ó amparo do programa PEACE II e iniciativas comunitarias (INTERREG III, LEADER+, EQUAL e URBAN II) sí serán subvencionables, tras deduci-los xuros xerados polos pagamentos a conta. Por outro lado, cando se trate de subvencións globais, os xuros deudores pagados polo intermediario designado, antes do pagamento do saldo final da intervención, serán subvencionables, tras deduci-los xuros xerados polos pagamentos a conta.

2. GASTOS BANCARIOS DAS CONTAS

Nos casos en que o cofinanciamento dos fondos estructurais requira a apertura dunha ou de varias contas separadas para executar unha operación, serán subvencionables os gastos bancarios de apertura e de mantemento da conta.

3. GASTOS DE ASESORAMENTO LEGAL, NOTARÍA, ASESORAMENTO TÉCNICO OU FINANCEIRO, CONTABILIDADE OU AUDITORÍA

Estes custos serán subvencionables se están directamente ligados á operación e son necesarios para a súa preparación ou posta en práctica ou, no caso dos gastos de contabilidade ou auditoría, se se derivan de esixencias da autoridade de xestión.

4. GASTOS DE GARANTÍAS BANCARIAS OU DE OUTRA INSTITUCIÓN FINANCEIRA

Serán subvencionables na medida en que as garantías sexan esixidas pola lexislación nacional ou comunitaria ou pola decisión da Comisión que aprobe a intervención.

5. MULTAS, SANCIÓNS FINANCEIRAS E GASTOS DE PROCEDEMENTOS LEGAIS

Estes gastos non serán subvencionables.

Norma nº 4. Adquisición de bens de equipo de segunda man

Os custos de adquisición de bens de equipo de segunda man serán cofinanciables polos fondos estructurais sempre que se cumplan as tres condicións seguintes, e sen prexuízo da aplicación de normas nacionais máis estrictas:

a) O vendedor dos bens deberá facilitar unha declaración sobre a súa orixe e confirmar que durante os últimos sete anos non foron adquiridos coa axuda de subvencións nacionais ou comunitarias.

b) O prezo non será superior ó valor de mercado e deberá ser inferior ó custo de bens novos similares e

c) Os bens deberán reuni-las características técnicas necesarias para a operación e cumpri-las normas e criterios que sexan de aplicación.

<u>Comentarios.</u> A compra de material usado é admitida como elixible, tendo en conta as mesmas normas de xustificación que para os materiais novos. Cando correspondan a bens de equipo é aplicable o xa comentado para a amortización.

Norma nº 5. Adquisición de terreos

1. NORMA XERAL

1.1. O custo da adquisición de terreos non edificados será cofinanciable polos fondos estructurais sempre que se cumpran as seguintes tres condicións, e sen prexuízo da aplicación de normas nacionais máis estrictas:

a) Deberá existir unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación cofinanciada.

b) Excepto nos casos mencionados no punto 2, o custo de adquisición do terreo non deberá sobrepasa-lo 10% do custo total subvencionable da operación, a menos que na axuda aprobada pola Comisión se estableza unha porcentaxe máis alta.

c) Achegarase un certificado dun taxador independente cualificado ou dun organismo oficial debidamente autorizado no que se confirme que o prezo de compra non excede do valor de mercado.

1.2. No caso dos réximes de axuda baseados no disposto no artigo 87 do Tratado, a suvencionalidade da adquisición de terreos determinarase á luz do réxime de axudas no seu conxunto.

2. OPERACIÓNS DE PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL

Nas operacións de protección ambiental, para que gasto sexa subvencionable deberanse cumpli-las seguintes condicións, na súa totalidade:

- A adquisición será obxecto duna decisión favorable da autoridade de xestión.
- O terreo destinarase ó uso previsto durante un certo período que se especificará na dita decisión.
- O terreo non se destinará a actividades agrícolas, agás en casos debidamente xustificados e aceptados pola autoridade de xestión.
- A adquisición será efectuada por unha institución pública ou un organismo de Dereito público, ou no seu nome.

Norma nº 6. Adquisición de bens inmobles

1. REGRA XERAL

O custo de adquisición de bens inmobles, isto é, edificios xa construídos e os terreos sobre os que se asentan será cofinanciable polos Fondos Estructurais se existe unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación e se cumplan as condicións establecidas no punto 2, sen prexuízo da aplicación de normas nacionais máis estrictas.

2. CONDICIÓNS

2.1. Obterase un certificado de un taxador independente cualificado, ou de un organismo oficial debidamente autorizado, no que conste que o prezo non excede do valor de mercado e o ben se axusta á normativa nacional, ou que especifique que extremos non gardan conformidade coa dita normativa pero está previsto que o beneficiario final rectifique no contexto da operación.

2.2. Os bens inmobles non deberán ter recibido, durante os dez últimos anos, ningunha subvención nacional ou comunitaria que poida comportar duplicidade de axuda se os fondos estructurais cofinancian a adquisición.

2.3. Os bens inmobles deberán utilizarse para os fins e durante o período que autorice a autoridade de xestión.

2.4. Os ben inmobles só poderan utilizarse en relación cos obxectivos da operación. Só poderán albergar servicios administrativos públicos cando o dito uso se enmarque na realización de actividades subvencionables polos fondos estructurais.

Comentarios
A compra de locais e terreos non entra dentro da autonomía de xestión que teñen os IES. Os IES onde se imparten as ensinanzas cofinanciadas xa están construídos e a súa dotación é con cargo ós orzamentos da Xunta de Galicia e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Os IES poden realizar adecuacións, melloras e renovacións de espacios; neste caso, o custo realizado sería o gasto pola súa amortización efectiva anual. Tamén podería darse o caso de ter que alugar un espacio para impartir algunha ensinanza cofinanciada; neste caso, o custo do alugamento pagado sería gasto elixible.

Norma nº 7. IVE e outros impostos e gravames

0. O IVE só será subvencionable se é real e definitivamente soportado polo beneficiario final ou polo destinatario último, dentro dos rexímenes de axuda baseados no disposto no artigo 87 do Tratado e cando se trate de axuda concedida por organismos designados polos Estados membros.

O IVE que sexa recuperable por algún medio non será subvencionable, aínda que o beneficiario final ou destinario último non cheguen a recuparalo na práctica. Para os efectos desta norma, o carácter público ou privado do beneficiario final ou do destinatario último non influirán na decisión sobre a subvencionabilidade do IVE.

1. Se, en aplicación de disposicións nacionais específicas, o beneficiario final ou destinatario último non poidesen recupera-lo IVE, este so poderá ser subvencionable cando as citadas disposicións garden plena conformidade co establecido na Sexta Directiva 77/388/CEE do Consello [(1)] sobre o IVE.
2. Se o beneficiario final ou destinatario último están suxeitos a un réxime a tanto alzado, segundo o previsto no título XIV da Directiva 77/388/CEE, o IVE desembolsado considerarase recuperable con arreglo ó especificado no punto 1.
3. A cofinanciación comunitaria non poderá ser superior ó gasto total subvencionable, descontado o IVE, sen prexuízo do disposto no apartado 6 do artigo 29 do Regulamento Xeral.
4. Calquera outro imposto ou gravame (máis en concreto, os impostos directos e as cotizacións sociais sobre as remuneracións e salarios) que afecte ás accións cofinanciadas polos fondos estructurais non será subvencionable, agás cando sexa auténcia e definitivamente soportado polo beneficiario final ou o destinatario último.

Comentarios

Os centros públicos de ensino (IES) onde se imparten as ensinanzas cofinanciadas non presentan declaracións de IVE nin repercuten IVE que compensara ou recuperara o IVE soportado nas compras ou nos gastos do centro, polo que o IVE soportado e pagado nas compras ou nos gastos, ó non se compensar nin ser recuperado, corresponde a un maior custo das ditas compras e dos gastos.

Norma nº 8. FONDOS Capital de risco e de préstamos

1. NORMA XERAL

Os fondos estructurais poderán cofinancia-lo capital de fondos de capital de risco e/ou de préstamos ou de fondos de carteira de capital de risco (no sucesivo, "fondos") nas condicións establecidas no punto 2. Para os efectos da presente norma, entenderanse por "fondos de capital de risco e fondos de préstamos" os sistemas de investimento establecidos específicamente para participar en capital accionarial ou

(1) DO L 145 de 13.5.1977, p. 1.

achegar outras formas de capital de risco, incluídos préstamos, a pequenas e medianas empresas definidas na Recomendación 96/280/CE da Comisión[(2)]. Por "fondos de carteira de capital de risco" entenderase os fondos creados para investimentos en varios fondos de capital de risco e de préstamos. A participación dos fondos estucturais nestes fondos poderá ir acompañada de coinvestimentos ou garantías doutros instrumentos financieiros comunitarios.

2. CONDICIÓNS

2.1. Os cofinanciadores ou patrocinadores do fondo presentarán un plan empresarial prudente no que quede constancia, entre outras cousas do seguinte: o mercado ó que se dirixen, os criterios e as condicións do financiamento, o orzamento operativo do fondo, os socios na propiedade e o cofinanciamento, o profesionalismo e a competencia e independencia da xestión, os estatutos do fondo, a xustificación e a utilización prevista da contribución dos fondos estructurais, a política de desinvestimento e as disposicións sobre liquidación do fondo, incluída a reutilización dos ingresos atribuíbles á contribución dos fondos estructurais. O plan empresarial deberase valorar coidadosamente e a súa posta en práctica será supervisada pola autoridade de xestión ou estará baixo a responsabilidade desta.

2.2. O fondo constituirase coma persoa xurídica independente rexida por acordos entre os accionistas, ou como bloque financeiro independente dentro dunha institución financeira xa existente. Neste último caso, estará suxeito a un acordo de execución separado que estipule, en especial, a existencia de contas diferenciadas que distingan os novos recursos investidos no fondo (incluídos os achegados polos fondos estructurais) dos inicialmente dispoñibles na institución. Tódolos participantes no fondo farán as súas contribucións mediante achegas diñeirarias.

2.3. A Comisión non poderá ser socio ou accionista do fondo.

2.4. A contribución dos fondos estructurais estará suxeita ós límites fixados nos apartados 3 e 4 do artigo 29 do Regulamento Xeral.

2.5. Estes fondos só se poderán investir para a creación de PEME, para as súas primeiras estapas (incluído o capital inicial) ou a súa expansión, e só en actividades que os xestores do fondo consideren que poden ser economicamente viables. Na apreciación da viabilidade terase en conta a totalidade das fontes de ingresos da empresa. Os fondos non se investirán en empresas en dificultades, segundo se definen nas Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestructuración de empresas en crise[(3)].

2.6. Deberanse adoptar precaucións para reduci-lo falseamento da competencia no mercado de capital de risco ou de préstamos. As

[(2)] DO L 107 de 30.4.1996, p. 1.
[(3)] DO C 288 de 9.10.1999, p. 2.

plusvalías dos investimentos en capital accionarial e en préstamos (menos a parte, a pro rata, correspondente ós custos de xestión) poderanse asignar preferentemente a accionistas do sector privado ata o nivel de remuneración fixado no acordo de accionistas e, a continuación, distribuiranse proporcionalmente entre tódolos accionistas e os fondos estructurais. Os beneficios do fondo atribuíbles a contribucións dos fondos estructurais deberanse reutilizar para actividades de desenvolvemento das PEME na mesma área subvencionable.

2.7. Os custos da xestión non poderán excede-lo 5% do capital medio desembolsado sobre unha media anual durante o período cuberto pola axuda, a non ser que, tras unha licitación pública, resulte necesaria unha maior porcentaxe.

2.8. No momento de conclusión da operación, o gasto subvencionable do fondo (o beneficiario final) será o capital do fondo investido nas PEME ou prestado a elas, incluídos os custos de xestión contraídos.

2.9. As contribucións dos fondos estructurais e outras contribucións públicas a fondos de garantía, así como as garantías prestadas por estes fondos a PEME individuais, estarán suxeitos ás normas sobre axudas estatais.

3. RECOMENDACIÓNS

3.1. A Comisión recomenda aplica-las normas de boas prácticas establecidas nos puntos 3.2. a 3.6. ós fondos nos que participen os fondos estructurais. A Comisión considerará o cumprimento destas recomendacións como un factor positivo ó examina-la compatibilidade do fondo coas normas sobre axudas estatais. As recomendacións non serán vinculantes para efectos da subvencionabilidade do gasto.

3.2. A contribución financeira do sector privado debe ser substancial e superior ó 30%.

3.3. Os fondos deberán ser suficientes e dar cobertura a unha poboación suficiente para garantir que as súas operacións poidan ser economicamente viables, con prazos de investimentos adaptados ó período de participación dos fondos estructurais, e centraranse en sectores nos que o mercado sexa deficiente.

3.4. As achegas de capital ó fondo por parte dos fondos estructurais e dos accionistas deberanse realizar nos mesmos prazos e a pro rata das participacións subscritas.

3.5. Os fondos deberán ser xestionados por equipos de profesionais independentes con suficiente experiencia empresarial, que denote a necesaria capacidade e credibilidade para xestionar un fondo de capital de risco. Os equipos de xestión elixiranse mediante un proceso de selección competitivo e tendo en conta o nivel de honorarios previsto.

3.6. Normalmente, os fondos non deberán adquirir participacións maioritarias en empresas e terán como obxectivo realizar tódolos investimentos durante o seu ciclo de vida.

Norma nº 9. Fondos de garantía

1. NORMA XERAL

Os fondos estructurais poderán cofinancia-lo capital de fondos de garantía nas condicións establecidas no punto 2. Para os efectos da presente norma, por "fondos de garantía" entenderase os sistemas de financiamento que garanten fondos de capital de risco e de préstamos, segundo se define na norma nº 8, e outros sistemas de financiamento de riscos das PEME (incluídos os préstamos) fronte a perdas derivadas dos seus investimentos en pequenas e medianas empresas, segundo se define na Recomendación 96/280/CE. Os fondos poderán ser fondos mutuos con apoio público subscritos polas PEME, fondos comerciais con socios do sector privado ou fondos financiados na súa totalidade polo sector público. A participación dos fondos estructurais nos fondos poderá ir acompañada de garantías parciais prestadas por outros instrumentos financeiros comunitarios.

2. CONDICIÓNS

2.1. Os cofinanciadores ou promotores do fondo deberán presentar un plan empresarial prudente, na mesma forma, *mutatis mutandis*, que no caso dos fondos de capital de risco (regra nº 8), indicarán a carteira de garantías prevista. O plan empresarial deberase valorar coidadosamente e a súa posta en práctica será supervisada pola autoridade de xestión ou farase baixo a responsabilidade desta.

2.2. O fondo constituirase como persoa xurídica independente rexida mediante acordos entre os accionistas ou como entidade financeira independente dentro dunha institución financeira xa existente. Neste último caso, o fondo estará suxeito a un acordo de execución separado que estipule, en especial, a existencia de contas diferenciadas que distingan os novos recursos investidos no fondo (incluídos os achegados polos fondos estructurais) dos inicialmente dispoñibles na institución.

2.3. A Comisión non poderá ser socio ou accionista do fondo.

2.4. Os fondos só poderán garantir investimentos en actividades consideradas como economicamente viables. Os fondos non proporcionarán garantías para empresas en dificultade para os efectos das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestructuración de empresas en crise.

2.5. Todo posible remanente da contribución dos fondos estructurais unha vez satisfeitas as garantías deberase reutilizar en actividades de desenvolvemento das PEME na mesma área subvencionable.

2.6. Os custos de xestión non poderán excede-lo 2% do capital desembolsado sobre unha media anual, durante o período cuberto pola axuda, a non ser que, despois dunha licitación pública, unha mayor porcentaxe resulte necesaria.

2.7. No momento de conclusión da operación, o gasto subvencionable do fondo (o beneficiario final) deberá corresponder ó importe do capital do fondo desembolsado necesario, conforme a unha auditoría independente, para cubri-las garantías prestadas, incluíndo os gastos de xestión.

Norma nº 10. Arrendamento financiero

1. REGRA XERAL

Os gastos xerados polas operacións de arrendamento financeiro poderán ser cofinanciados polos fondos estructurais de acordo coas condicións establecidas nos puntos 2 a 4.

2. AXUDA A TRAVÉS DO ARRENDADOR

2.1. O arrendador é o destinatario directo do cofinanciamento comunitario que se utiliza para a reducción dos pagamentos do arrendatario por activos cubertos polo contrato de arrendamento financeiro.

2.2. Os contratos de arrendamento financeiro polos que se paga a axuda comunitaria deben incluír unha opción de compra ou establecer un período mínimo de arrendamento igual ó da vida útil do activo ó que se refire o contrato.

2.3. Nos casos nos que se rescinda un contrato de arrendamento financeiro antes do remate do prazo mínimo de arrendamento sen a aprobación previa das autoridades competentes, o arrendador deberá comprometerse a devolverlles ás autoridades nacionais competentes (para o seu ingreso no pertinente fondo) a parte da axuda comunitaria correspondente ó período de arrendamento restante.

2.4. O gasto cofinanciable será o activo adquirido polo arrendador, adquisición que se demostrará mediante unha factura con recibín ou un documento contable de igual valor probatorio. O importe máximo cofinanciable pola Comunidade non deberá excede-lo valor de mercado do activo arrendado.

2.5. Os custos distintos dos mencionados no punto 2.4. ligados ó contrato de arrendamento financeiro, en particular impostos marxe do

arrendador, xuros de custos de refinanciamento, gastos xerais e seguros, non serán subvencionables.

2.6. A axuda comunitaria pagada ó arrendador deberase utilizar por completo a beneficio do arrendatario mediante unha reducción uniforme de tódolos pagamentos namentres dure o arrendamento.

2.7. O arrendador deberá demostrar que o beneficio da axuda comunitaria será transferido completamente ó arrendatario, desagregando ós pagamentos de alugueiro ou mediante un método alternativo que ofreza garantías equivalentes.

2.8. Os custos mencionados no punto 2.5, o aproveitamento de beneficios fiscais derivados da operación de arrendamento financeiro e outras condicións do contrato serán equivalentes ós aplicables no caso de que non existira intervención financeira da Comunidade.

3. AXUDA Ó ARRENDATARIO

3.1 O arrendatario será o beneficiario directo do cofinanciamento comunitario.

3.2 O gasto cofinanciable serán os pagamentos aboados polo arrendatario ó arrendador, que se demostrarán mediante unha factura con recibín ou un documento contable de valor probatorio equivalente.

3.3 No caso dos contratos de arrendamento financeiro que inclúan unha opción de compra ou que establezan un período mínimo de arrendamento igual á vida útil do activo ó que o contrato se refire, o importe máximo cofinanciable pola Comunidade non excederá o valor de mercado do activo arrendado. Outros custos ligados ó contrato de arrendamento financeiro (impostos, marxe do arrendador, xuros de custos de refinanciamento, gastos xerais, seguros, etc.) non serán financiables.

3.4 A axuda comunitaria para os contratos de arrendamento financeiro citados no punto 3.3. pagaránselle ó arrendatario nun ou en máis tramos e en relación cos pagos de aluguer efectivamente aboados. Cando a data de finalización do contrato de aluguer sexa posterior á data final prevista para ter en conta os pagos na axuda comunitaria, so poderá considerarse subvencionable o gasto correspondente ós pagamentos de aluguer aboados polo arrendatario ata a data final do pagamento prevista.

3.5 No caso dos contratos de arrendamento que non conteñan unha opción de compra e a súa duración sexa menor ó período de vida útil do activo ó que se refire o contrato, os alugueiros serán cofinanciariamente subvencionables pola Comunidade en proporción á duración da operación subvencionable. Sen embargo, o arrendatario deberá poder demostrar que o arrendamento financeiro era o método máis rendible para obte-lo uso dos bens. Se os custos puideran ser máis baixos utilizando un método alternativo (por

exemplo, alugamento do equipo), os custos adicionais deduciranse do gasto subvencionable.

3.6. Os estados membros poderán aplicar normas estatais máis estrictas para determina-lo gasto subvencionable conforme os puntos 3.1 a 3.5.

4 VENDA E SUBSEGUINTE ARRENDAMENTO FINANCEIRO

Os alugueiros pagados polo arrendatario no marco dunha operación de venda e subseguinte arrendamento financeiro do mesmo ben serán considerados gastos subvencionable, nos termos que se indican no punto 3. Os custos de adquisición do activo non serán cofinanciables pola Comunidade.

Comentarios.

A modalidade de leasing, renting ou alugamento puro é a forma, financeiramente falando, máis interesante para que os IES adquiran bens inventariables, debido a que na compra directa ou ó contado só é susceptible de subvención, no exercicio en que se fai o desembolso financeiro, a amortización efectiva anual. Xa que logo, a diferencia, que non é susceptible de subvención no exercicio en que se realizan a compra e o pagamento, ten que estar financiada polos fondos da Consellería destinados ós gastos de funcionamento xerais do centro non cofinanciados. Ó adquiri-lo ben mediante alugamento, a parte da cota correspondente á recuperación do custo e o IVE é susceptible de subvención na súa totalidade polo FSE cando se paga, polo que só se necesitaría financiar con fondos da Consellería a parte da cota que corresponde a xuros (concepto non elixible).

Na modalidade de alugamento normal non se inclúe o concepto de xuros no pagamento periódico da cota por alugamento, como é o caso do leasing e o renting, polo que a cota de alugueiro pagada sería susceptible de subvención na súa totalidade con cargo ó FSE. Ademais, o IES non soporta un desembolso inicial moi forte polo custo total dos bens adquiridos, o que permite destinar ese diñeiro liberado a adquirir máis equipamento. Por exemplo, o centro dispón de 18.000 euros no exercicio 2002 para adquirir equipos informáticos que necesita para renovar unha aula de informática; mércaos ó contado ou con pagamento fraccionado a 30 días; con esa cantidade podería adquirir aproximadamente 10 equipos e só estaría subvencionada e financiada polo FSE a amortización correspondente ó exercicio 2002 (25% de 18.000 euros, igual a 4.500 euros, se se adquiren o 1/1/2002); o resto, 13.500 euros, tería que estar financiado con cargo ós fondos transferidos pola Consellería para gastos de funcionamento xerais. Se, polo contrario, se adquiren mediante renting, a cota mensual sería de aproximadamente 600 euros, que en 12 meses sumarían 7.200 euros, polos que o centro disporía de 10.800 euros (18.000 menos 7.200) para destinalos á adquisición de máis equipos, e só necesitaría financiar, con cargo ós fondos da Consellería para gastos xerais, os xuros incluídos nas cotas.

Norma nº 11. Custos de xestión e execución das axudas dos Fondos Estructurais

1. NORMA XERAL

Os custos soportados polos estados membros na xestión, na posta en marcha, no seguimento e no control de programas dos Fondos Estructurais incluídos nas categorías establecidas no punto 2.1. só poderán ser cofinanciados nos casos previstos no punto 2.

2. CATEGORÍAS DE GASTOS DE XESTIÓN, EXECUCIÓN, SEGUIMENTO E CONTROL COFINANCIABLES.

2.1. As seguintes categorías de gastos poderán ser cofinanciadas pola axuda consonte as condicións establecidas nos puntos 2.2. a 2.7.

- Gastos ligados á preparación, á selección, á valoración e ó seguimento da axuda e das operacións (excluídos os custos de adquisición e instalación de sistemas informáticos para a xestión, seguimento e avaliación).
- Gastos de reunións de comités e subcomités de seguimento da execución da intervención. (Este gasto poderá incluír tamén os custos ligados á participación nos ditos comités de expertos e outros participantes, incluídos nacionais de terceiros países, cando o presidente dos ditos comités considere que a súa presencia sexa esencial para a correcta execución da intervención).
- Gastos de auditorías e operacións de control *in situ*.

2.2. Os soldos do persoal, incluíndo as cotizacións sociais, só serán cofinanciables nos seguintes casos.

a) Funcionarios ou outros empregados públicos destinados mediante decisión formal da autoridade competente co fin de realiza-las tarefas citadas no punto 2.1.
b) Outro persoal que realice as tarefas citadas no punto 2.1.

A duración do destino ou do emprego non poderá excede-la data límite establecida para a intervención fixada na decisión pola que se aprobe a dita asistencia.

2.3. A contribución dos fondos estructurais ós gastos mencionados no punto 2.1 estará limitada a un máximo que se fixará na intervención aprobada pola Comisión e non excederá os límites acumulativos establecidos nos puntos 2.4. e 2.5.

2.4. Para tódalas formas de intervención, agás para as iniciativas comunitarias, para o programa especial PEACE II e para as accións innovadoras, o límite será a suma das seguintes cantidades.

- O 2,5 % da parte da contribución total dos fondos estructurais inferior ou igual a 100 millóns de euros
- O 2 % da contribución total dos fondos estructurais superior a 100 millóns de euros e inferior ou igual a 500 millóns de euros.
- O 1 % da parte da contribución total dos fondos estructurais que sexa superior a 500 millóns de euros e inferior ou igual a 1.000 millóns de euros.
- O 0,5 % da contribución total dos fondos estructurais que exceda os 1.000 millóns de euros.

2.5. Nas iniciativas comunitarias, as accións innovadoras e o programa especial PEACE II, o límite será o 5 % da contribución total dos fondos estructurais. Cando a dita intervención implique a participación de máis dun estado membro, este límite poderá incrementarse para ter en conta o aumento dos custos de xestión e execución e será determinado mediante unha decisión da Comisión.

2.6. Para os efectos de cálculo do importe dos límites establecidos nos puntos 2.4 e 2.5, a contribución total dos Fondos Estructurais será o total establecido en cada intervención aprobada pola Comisión.

2.7. Os detalles da aplicación dos puntos 2.1 a 2.6 da presente norma acordaranse entre a Comisión e os estados membros e especificaranse no texto da intervención. A porcentaxe da axuda fixarase segundo o establecido no apartado 7 do artigo 29 do Regulamento Xeral. Para os efectos de seguimento, o gasto mencionado no punto 2.1 será obxecto dunha medida específica de asistencia técnica.

3. OUTROS GASTOS DERIVADOS DA ASISTENCIA TÉCNICA

As actividades que poden ser cofinanciadas en concepto de asistencia técnica, distintas das establecidas no punto 2 (tales como estudios, seminarios, actividades de información, avaliación e a adquisición e instalación e programas informáticos para a xestión, o segumiento e a avaliación) non estarán suxeitas ó establecido nos puntos 2.4 a 2.6. Non poderán financiarse os soldos dos funcionarios ou outros empregados públicos que executen tales accións.

4. GASTOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DERIVADOS COA EXECUCIÓN DAS OPERACIÓNS

Os seguintes gastos das administracións públicas serán cofinanciables, á marxe da asistencia técnica, se teñen relación coa execución dunha operación, coa condición de que non se deriven do

exercicio das competencias das autoridades públicas ou das tarefas cotiás de xestión, seguimento e control das ditas autoridades.

a) Gastos por servicios profesionais prestados por un servicio público para a execución dunha operación. Os gastos deberanse facturar a un beneficiario final (público ou privado) ou certificarse sobre a base de documentos de valor probatorio equivalente que permitan determina-los custos reais pagos polo servicio público afectado pola operación.
b) Gastos de execución da operación (incluída a prestación de servicios) soportados por unha autoridade pública que sexa, ademais, a beneficiaria final, e que execute unha operación pola súa propia conta sen recorrer a expertos exteriores ou a outras empresas. O gasto será real e directamente pagado en relación coa operación cofinanciada, e deberase certificar sobre a base de documentos que permitan determina-los custos reais pagados polo servicio público para executar esa operación.

Norma nº 12. Subvencionabilidade dos gastos segundo o lugar no que se efectúe a operación

1. REGRA XERAL

En xeral, as operacións cofinanciadas polos fondos estructurais deberanse efectuar na rexión á que se refira a axuda.

2. EXCEPCIÓN

2.1. Cando a rexión á que se destine a axuda se beneficie total ou parcialmente dunha operación realizada fóra dela, a operación poderá ser admitida pola autoridade de xestión para o seu cofinanciamento, sempre que se cumpran tódalas condicións dos puntos 2.2. a 2.4. Noutros casos, a operación poderá ser cofinanciada conforme o procedemento que especifica no punto 3. As operacións financiadas a través do Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) rexeranse sempre polo procedemento establecido no punto 3.

2.2. As operacións deberán efectuarse en zonas NUTS III do Estado membro contiguas á rexión subvencionada.

2.3. O gasto máximo da operación determinarase a pro rata da porcentaxe dos beneficios da operación que se prevé que beneficien a dita rexión e basearase nunha avaliación efectuada por un organismo independente da autoridade de xestión. Os beneficios

calcularanse tendo en conta os obxectivos específicos da axuda e as súas previsibles repercusións. A operación non poderá ser cofinanciada cando a porcentaxe dos beneficios sexa inferior ó 50%.

2.4. En cada medida de axuda, os gastos subvencionables das operacións aceptadas en aplicación do punto 2.1 non poderán excede-lo 10 % dos gastos subvencionables totais da medida. Ademais, os gastos de tódalas operacións de axuda subvencionables aceptadas en virtude do punto 2.1 non poderán excede-lo 5 % dos gastos subvencionables da axuda.

2.5. As operacións aceptadas pola autoridade de xestión consonte o punto 2.1 deberán ser indicadas nos informes anuais e final de execución da axuda.

3. OUTROS CASOS

No caso de operacións que se efectúen fóra da rexión á que se refira a axuda pero que non cumpran as condicións do punto 2, así como cando se trate de operacións financiadas a través do IFOP, a operación poderá ser cofinanciada logo da súa autorización pola Comisión en cada caso, a instancia do Estado membro e tendo en conta, en especial, a proximidade do lugar da operación coa rexión, o nivel de beneficios previstos para a rexión e o importe do gasto con relación ó gasto total dentro da medida e a intervención. Cando a axuda se refira a rexións ultraperiféricas, será aplicable o procedemento que se especifica no presente punto.

1.5. Resumo dos puntos importantes

Beneficiario final

O Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006, nas medidas referidas ós ciclos formativos e programas de garantía social, designa a Dirección Xeral de ordenación Educativa e Formación Profesional como beneficiario final.

Data de elixibilidade dos gastos

A data de comezo do programa operativo é aquela na que os gastos ocasionados se converten en elixibles. O programa operativo 2000-2006 comeza o 1 de xaneiro de 2000 e remata o 31 de decembro de 2008.

Como consecuencia, os gastos ocasionados antes do comezo da data 1 de xaneiro de 2000 non poden ser incluídos na certificación do exercicio 2000 (ver excepción 1).

Entendemos que hai unha excepción a esta regra nos custos por amortización de bens inventariables adquiridos antes do 1 de xaneiro de 2000, que serían elixibles pola amortización efectiva correspondente ós exercicios iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2000. Por exemplo, un equipo informático adquirido o 1 de xaneiro de 1999 que se amortiza en catro anos, de maneira que no exercicio 1999 se amortizou un 25% (corresponden ó programa operativo anterior), nos exercicios 2000, 2001 e 2002 (programa operativo actual) corresponde un 25% de amortización respectivamente; serán elixibles os custos por amortización correspondente nos ditos exercicios, aínda que a data de adquisición é anterior ó período de elixibilidade, debido a que os equipos están a ser utilizados nas accións cofinanciadas e dentro do programa operativo vixente.

Gastos aínda non realizados no momento da clausura anual do tramo

Dado que o FSE efectúa unha clausura anual dos tramos, cabe admitir que as facturas correspondentes a determinados gastos correntes (por exemplo o gas, a electricidade, o teléfono, etc.) se poidan aceptar unha vez finalizado o ano natural para o pagamento do saldo, sempre que o beneficiario final pagara efectivamente estas facturas antes da presentación consecutiva da solicitude de pagamento final polo estado membro (nun prazo de seis meses).

Disto dedúcese que tódolos gastos certificados nun exercicio teñen que estar pagados na data límite da solicitude de pagamento final por parte do organismo

competente da Xunta de Galicia. O regulamento Nº 2080/93 do Consello, no seu artigo nº 21 sobre o pagamento do saldo de cada un dos compromisos, di: "o organismo designado presentará á Comisión a solicitude dentro dos seis meses seguintes ó final de cada ano completo de execución". É dicir, o prazo límite de solicitude do pagamento final é o 30 de xuño do ano seguinte ó exercicio que se certifica (tramo anual). Entendemos que non existe inconveniente en incluír tódolos gastos pendentes de pagamento ó fin do ano natural, coa condición de que estean pagos antes da presentación da solicitude do saldo final por parte da Xunta.

No referente ós gastos de subministros de gas, electricidade, teléfono, etc., o motivo polo que a data do seu pagamento sexa normalmente posterior á do ano en que se certifican é que os subministradores destes servicios facturan por meses completos e a factura ten unha data posterior á da realización. Por este motivo, o subministro ou servicio que corresponde ó último mes do ano natural (por exemplo, o de decembro de 2001) é facturado e pagado con data do ano seguinte (en xaneiro de 2002). Normalmente, os provedores de bens e servicios facturan coa data que corresponde á da realización da entrega de bens ou prestación do servicio.

Cómpre non interpretar esta norma no sentido de que se poidan incluír facturas con data posterior ou anterior ó período certificado, senón que neste tipo de servicios, antes mencionados, e de forma excepcional, a data da factura non corresponde co período facturado (é dicir, no que se cobre o servicio).

Entendemos que cómpre ter coidado con estes gastos, xa que ó utilizar normalmente a data da factura como criterio de imputación temporal dos gastos, e non o criterio de cobramento contable (cando se produce a súa recepción ou a prestación do servicio) nin o de pagamento (como se podería interpretar da norma), se se imputan facturas coa data posterior á do ano no que son incluídas na certificación de gastos (formularios), temos que revisa-las facturas polos mesmos conceptos do exercicio anterior que se imputaran co mesmo criterio. Por exemplo, unha factura de teléfono ou electricidade con data de 2/1/2001 que corresponde ó período de lectura de decembro de 2000 impútase ó período en que se cobre (ano 2000); a factura polo mesmo concepto con data 2/1/2000, que ten un período de lectura do exercicio 1999, estará imputada no exercicio 1999 e non no 2000, xa que senón estariamos a imputar 13 meses de gasto telefónico ó exercicio 2000.

Entendemos que o criterio operativo para a xustificación dos gastos é o da data do seu documento soporte (data da factura), coa excepción dos gastos mencionados anteriormente (teléfono, electricidade, gas, etc.). Utilizando un criterio ten que ser aplicado uniformemente. Ó final dun exercicio, por exemplo no mes de decembro do ano 2000, pódense realizar compras que sexan facturadas por algún provedor con data do exercicio seguinte, no 2001; nestes casos conviría falar cos provedores para que facturen o gasto no exercicio en que se produciu a recepción do ben ou servicio. No caso de inmobilizado, a

amortización pódese aplicar a partir da data de posta en funcionamento do elemento (normalmente data do albará de entrega do material, que pode ser distinta á da factura). Contablemente, o criterio temporal de imputación de gastos é independente da data de pagamento, que pola práctica habitual de mercado pode ser contado 30, 60 ou 90 días posteriores á data da factura, que adoita coincidir coa prestación do servicio.

Documentos contables equivalentes de valor probatorio equivalente

Os "comprobantes de contabilidade de valor de proba equivalente", no caso en que a emisión dunha factura non sexa necesaria de acordo coas normas fiscais e de contabilidade, son calquera tipo de documento emitido para xustifica-la operación realizada, de maneira que o seu rexistro contable sexa imaxe fiel da realidade da operación ó axustarse ás normas de contabilidade en vigor (no punto 3 seguinte ampliamos información sobre o documento contable de valor probatorio). Para que un gasto sexa efectivo ten que estar pago, coa excepción dalgunhas facturas pendentes de pagamento no momento do pechamento do tramo anual, coa condición de estaren pagas antes da presentación da solicitude de pagamento final polo estado membro (ver ficha nº 2).

Existen dúas clases principais de xustificantes de rexistros contables con base na súa orixe:

- Os xustificantes emitidos ou procedentes de terceiros, como son escrituras, contratos, facturas recibidas, xustificantes e extractos bancarios, correspondencia, fax, etc.

- Os xustificantes internos ou emitidos pola propia sociedade; no caso dos IES, o cálculo de imputación dos gastos ou custos indirectos, da depreciación do equipamento, periodización de gastos segundo o principio de cobramento, perdas de inmobilizado, regularización de ferramenta, formularios de gastos, programación xeral de centro, recibos de nóminas, xustificantes de desprazamentos do persoal, correspondencia, etc. Estes documentos internos son admitidos na práctica contable do Estado como soporte xustificativo dos rexistros contables.

É posible, en determinadas circunstancias, que a entidade careza do soporte documental preciso dunha operación concreta, por extravío, destrucción ou imposibilidade material de xustificala, mesmo por medios indirectos (falla de factura pero constancia de transferencia de pagamento). Neses supostos, prevalecería a realidade da operación sobre a formalidade da súa falla de xustificante, para os efectos de rexistro contable, sen prexuízo de que a autorización de contabilización se someta a requisitos máis rigorosos.

Os xustificantes globais son, en todo caso, documentos de orixe interna, tales como diarios contables, listaxes informáticas ou inventario de inmobilizado. En

principio, dependendo da súa natureza, un xustificante global estará soportado nos xustificantes das operacións concretas que refunde e sintetiza para efectos contables.

A elixibilidade dun gasto xulgarase en relación co contexto xeral en que se inscriba, a súa natureza e o seu importe, o cumprimento da asignación física ou temporal do ben ou o servicio e a medida cofinanciada.

Isto é moi importante, desde a perspectiva dun control financeiro ou auditoría, debido a que o documento soporte (factura, etc.) non é por si só un xustificante suficiente da realidade da operación, senón que tamén se terá en conta o contexto no que se inscriba o gasto, a natureza e o importe da operación. O gasto xulgarase tendo en conta aspectos que indiquen a realidade da operación, que o soporte documental corresponda á práctica habitual deste tipo operación, que os bens adquiridos correspondan á acción cofinanciada, que a data de imputación corresponda á da entrada en servicio do ben, etc. Por exemplo, no caso dunha factura polo concepto de reparación dun ordenador por un importe igual ó que corresponde á súa compra, ou unha factura de alugamento dun ordenador durante un período curto de tempo e cun importe facturado igual ó que corresponde á compra do mesmo equipo, a natureza da operación é a da compra do ordenador novo e non a súa reparación nin o seu alugamento.

Custos indirectos

Os custos indirectos (calculados) corresponden a uns custos reais que poidan ser contrastados mediante método verificable e deben imputarse de xeito equitativo, de acordo coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas.

Valla como exemplo o cálculo de custos indirectos: unha factura (custo real) de gastos xerais vinculados a todo o centro (imputable indirectamente). Vaise imputa-la parte proporcional que lle corresponde en función do número de alumnos do centro de ensinanzas cofinanciadas con respecto ó total de alumnos do centro (criterio de imputación razoable), a partir das listaxes de alumnos matriculados (documento interno verificable). No apartado 2.8. analízase con detalle o criterio de imputación de gastos indirectos.

Considéranse principios e normas xeralmente aceptados en España os establecidos en:
. Código de Comercio.
. Plan Xeral de Contabilidade e adaptacións sectoriais.
. Resolucións do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC).
. Outras disposicións en materia contable.

Do anteriormente mencionado deduciranse os seguintes **gastos**, que son completamente **inelixibles:**

. Gastos que non teñan que ver coas accións elixibles ou coa execución do programa.
. Gastos non incluídos na categoría ou no tipo de gastos que se mencionan no apartado 1.2. Dentro dos gastos directos existe a categoría de gasto de "bens consumibles non amortizables necesarios para a formación", que permite encaixar calquera tipo de gasto coa condición de que sexa necesario para a formación.
. Gastos que carecen de xustificación (falla de documento que protexa a compra, o pagamento ou o custo calculado).
. Gastos que non foron pagos. Non se admiten gastos que foran pagados por caixa ou mediante cheque ó portador, xa que non queda constancia fidedigna deles.
. Gastos incorridos traspasando ilegalmente as regras da Comunidade en adquisicións públicas e regras que controlan as obrigas para emitir ofertas públicas.
. O IVE, sempre que sexa recuperable.
. Gastos excluídos formalmente nas normas de elixibilidade de gastos, ou que non cumpran os criterios establecidos nelas (apartado 1.4).
. Gastos e custos asimilados incorridos antes do inicio do proxecto ou despois da data de finalización.

Imputación dos custos indirectos

Os custos indirectos imputaranse de forma equitativa, de acordo coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas.
Por exemplo, no caso das actividades de formación cofinanciadas polo FSE, os custos indirectos imputaríanse partindo da base duna distribución proporcional equivalente a unha formación a tempo completo obtida mediante a relación horas/alumnos cofinanciadas e horas/alumnos impartidas en total polo organismo de formación.

Custos directos. Son os que gardan unha relación directa coa acción subvencionada ou cofinanciada que os ocasionou; é dicir, co seu obxecto de custo. Son doadamente identificables e poden ser imputados sen recorrer a mecanismos de reparto especiais.

Exemplo de custos directos dun ciclo formativo:
- Custo dos profesores que imparten o ciclo.
- Adecuación da aula onde se imparte o ciclo.
- Amortización do equipamento específico para aula-taller onde se imparte o ciclo.
- Materiais didácticos e consumibles empregados para a formación en ensinanzas cofinanciadas.
- Gastos de publicidade específica dos ciclos formativos.

- Reparacións e conservación de equipos ou aulas dos ciclos.
- Gastos diversos dos ciclos (ou accións cofinanciadas).
- Gastos do departamento que só teña disciplinas de ensinanzas cofinanciadas.
- Alugamento de equipamento para os ciclos.

Custos Indirectos. Son custos comúns a todo o centro ou a tódalas ensinanzas. Resultan difíciles de imputar, polo que cómpre recorrer a un reparto deles, empregando criterios máis ou menos subxectivos, pero nunca arbitrarios. Non existe unha regra xeral que permita determina-los custos que son directos e os que son indirectos. A relación directa ou indirecta de cada consumo depende do tipo de empresa ou entidade e da actividade que esta realice.

Exemplo de custos indirectos dos ciclos formativos:

- Custo de persoal que realiza traballos para tódalas ensinanzas do centro: administración, secretaría, xefatura de estudios, etc.
- Adecuación de espacios comúns: corredores, lavabos, biblioteca, sala de xuntas, sala de conferencias, administración, etc.
- Amortización do equipamento xeral do centro (por exemplo, da administración ou secretaria e dos espacios comúns).
- Gastos de publicidade de tódalas ensinanzas impartidas no centro.
- Reparacións e conservación de equipos e espacios comúns no centro.
- Comunicacións: correo, fax, teléfono, mensaxería, etc.
- Subministros: auga, gas, gasóleo, electricidade, etc.
- Taxas e seguros.
- Gastos diversos xerais: vixilancia, limpeza, etc.

Concepto de custo real

Os "gastos efectivos realizados" corresponderán a pagamentos efectuados polos beneficiarios finais, xustificados mediante facturas pagas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

A elixibilidade dun gasto xulgarase en relación co contexto xeral en que se inscriba, a súa natureza e o seu importe, o cumprimento da asignación física ou temporal do ben ou o servicio e a medida cofinanciada.

Os custos indirectos (calculados) corresponderán a uns custos reais que poidan ser contrastados mediante método verificable, e imputaranse de forma equitativa, de acordo coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas.

Alugamento

A modalidade de leasing, renting ou alugamento puro é a forma, financeiramente falando, máis interesante para que os IES adquiran bens inventariables, debido a que, na compra directo ou ó contado só é susceptible de subvención, no exercicio que se fai o desembolso financeiro, a amortización efectiva anual. Xa que logo, a diferencia, que non é susceptible de subvención no exercicio en que se realizan a compra e o pagamento, ten que estar financiada cos fondos da Consellería destinados ós gastos de funcionamento xerais do centro non cofinanciados. Ó adquiri-lo ben mediante alugamento, a parte da cota correspondente á recuperación do custo e o IVE é susceptible de subvención na súa totalidade polo FSE cando se paga, polo que só se necesitaría financiar con fondos da Consellería a parte da cota que corresponde a xuros (concepto non elixible).
Ademais, o IES non soporta un desembolso inicial moi forte polo custo total dos bens adquiridos, o que permite destinar ese diñeiro liberado a adquirir máis equipamento.

Concepto de amortización

É a expresión contable da depreciación do inmobilizado (bens inventariables) na súa aplicación ó proceso productivo (no noso caso o proceso productivo equivale á prestación dun servicio público de ensino). Identifícase normalmente coa depreciación que normalmente sofren os bens de inmobilizado polo seu funcionamento e uso, e valórase, de se-lo caso, a obsolescencia que poida afectarlles.

Consiste, xa que logo, na distribución do custo de adquisición do inmobilizado material durante a vida útil estimada de cada elemento, efectuada de forma racional e uniforme. A expresión numérica dese importe amortizable correspondente a un exercicio económico é a denominada “cota de amortización”.

No apartado 2.2. detállanse os métodos de amortización.

As amortizacións de bens inmobles (aínda que nunca a súa compra) e de material, consideradas gastos de funcionamento ou custos operativos vinculados ás actividades de formación ou a calquera tipo de acción elixible, continúan sendo elixibles, unha vez deducidos, cando así proceda, os importes que xa foron obxecto de cofinanciamento por parte dos fondos estructurais, sempre que as ditas amortizacións garden relación coas actividades contempladas no artigo 1 do Regulamento do FSE, se atopen recollidas nun cadro baseado nun método que se axuste á normativa estatal e correspondan a investimentos oficialmente rexistrados na contabilidade do beneficiario final.

Contabilización dos demais ingresos

Toda medida cofinanciada por un dos fondos estructurais pode xerar ou ser receptora de ingresos ó longo do seu período de cofinanciamento. Estes ingresos provirán de vendas, arrendamentos ou subministración de productos ou servicios, de dereitos de inscrición e individuais ou doutros gastos ou retencións salariais asimilables ós dereitos de inscrición, pagados polos asistentes nas accións de formación.

Pódense presentarse dúas situacións diferentes:

i) Hipótese A:
A totalidade dos ingresos está directamente relacionada coas operacións cofinanciadas. Neste caso, imputaranse totalmente á acción cofinanciada; é dicir, deduciranse dos gastos elixibles.

ii) Hipótese B:
Se os ingresos só se atopan parcialmente relacionados coas operacións cofinanciadas, deducirase dos gastos elixibles mediante unha clave de distribución apropiada (porción).

Coméntanse casos en que se poderían dar e o seu tratamento atendendo a esta norma.

> No ciclo de Perruquería cóbranse as prácticas de corte de pelo realizadas con persoas externas. O total dos ingresos por corte de pelo é directamente relacionado coa formación cofinanciada; se se deduciran dos gastos xustificados do ciclo conviría destina-los ingresos obtidos (por exemplo, polos cortes de pelo) a realizar maior gasto no ciclo que os obtivo e por importe igual ó ingreso obtido, co que se compensa unha deducción dos gastos elixibles (polos ingresos) cun maior gasto elixible (ingresos destinados a gastos do ciclo). Vexamos un exemplo con cifras: temos unha subvención de 18.000 euros e uns ingresos por corte de pelo de 500 euros; xustificariamos gastos no ciclo de perruquería por importe de 18.500 euros, para que a minoración de gastos elixibles (por 500 euros, igual ós ingresos) non nos afecte á xustificación do 100% da axuda recibida, igual a 18.000 euros.

> Obtemos un ingreso por cede-las instalacións para impartir no centro uns cursos para a entidade X, e a dita entidade ou organismo ingrésanos a cantidade de 1.000 euros. Este ingreso está relacionado con todo o centro e parcialmente relacionado coas accións cofinanciadas (aulas, talleres, materiais, etc.), xa que os gastos xerais do centro son imputables ó FSE, polo que do ingreso obtido se imputaría proporcionalmente (igual criterio que para imputar gastos indirectos) como un menor gasto elixible.

> Vendemos un equipo inventariable que foi imputado ó FSE como gasto elixible; o dito ingreso obtido minoraría os gastos elixibles do ciclo ó que foi imputado o gasto e no exercicio no que se obtén o ingreso. Tamén se pode dalo caso de que na compra dun ben inventariable se pague parte en efectivo e parte coa entrega do ben vello ou substituído; neste caso, o dito ben adquirido valorarase polo importe pagado efectivamente e non se deducirá como ingreso a valoración do ben entregado (como pagamento en especie e descontado en factura) como menor gasto elixible.

> Unha entidade privada financia a realización dunha viaxe de alumnos do ciclo de Automoción. A factura do gasto da viaxe figura a nome do IES por importe de 2.000 euros, e recibimos un ingreso duna entidade privada por importe de 1.500 euros. O gasto elixible imputable ó ciclo sería de 500 euros (2.000 euros menos 1.500 euros).

Alternativas á compra directa de equipamento

Arrendamento financeiro: leasing. É o contrato entre unha sociedade de leasing, que actúa como arrendador, propietario do ben, que lle permite ó arrendatario a súa utilización durante un período fixo de tempo mediante o pagamento periódico dunha determinada cota, de maneira que unha vez finalizado o dito período poida dispor dunha opción de compra sobre o dito ben.

Arrendamento puro. É aquel no que unha das partes se obriga a darlle á outra o uso dun ben por un tempo determinado e un prezo certo, sen que exista, por tanto, unha opción de compra.

Renting. É un contrato de arrendamento de bens inmobles por un tempo determinado e un prezo certos, no que se inclúe, ademais do uso do ben, unha serie de servicios complementarios (mantemento, seguro, substitución en caso de avaría, etc.). Non existe opción de compra, aínda que en ocasións os bens obxecto destes contratos son adquiridos polo arrendatario ó final dos citados contratos por un prezo aproximado ó valor residual do ben.

No capítulo 3 realízase unha análise comparativa das alternativas á compra directa.

2. OPERACIÓNS, PROBLEMÁTICA E PROCEDEMENTOS ESPECÍFICOS

CAPÍTULO 2

2. OPERACIÓNS, PROBLEMÁTICA E PROCEDEMENTOS ESPECÍFICOS

2.1. Criterio para determinar cándo un ben é de equipamento (inventariable) ou funxible (gasto)

2.2. Métodos de amortización (análise comparativa)

2.3. Reparación e mantemento

2.4. Adecuación de espacios

2.5. Software informático

2.6. Ferramentas e pequeno material. Procedemento de regularización

2.7. Equipos de montaxe, desmontaxe, simulación, etc.

2.8. Gastos directos e gastos indirectos. Criterio e soporte de imputación

2.1. CRITERIO PARA DETERMINAR CÁNDO UN BEN É DE EQUIPAMENTO (INVENTARIABLE) OU FUNXIBLE (GASTO)

Actividade da entidade. Os centros públicos de ensino realizan unha actividade de servicios que ten como finalidade a prestación dun servicio público ós seus usuarios, os alumnos, que reciben directamente a ensinanza ou o servicio, e indirectamente á sociedade ou comunidade, que é onde van desenvolve-la formación adquirida. Para o desenvolvemento das súa actividade principal (ensinanza ou actividade educativa) non precisan proverse de materias primas nin transformalas, nin almacenar un producto determinado, senón que unicamente precisan adquirir determinados bens necesarios (bens consumibles e equipamento) para realiza-la actividade formativa. As normas de valoración contables son aplicables independentemente da actividade realizada, e existen adaptacións sectoriais do Plan Xeral Contable que recollen operacións peculiares en determinadas actividades (construcción, concesionarias, etc.), non existindo unha adaptación do Plan Contable para a actividade do ensino. A actividade principal (ensino), para a que se require a compra regular de bens consumibles ou inventariables é o que se denomina contablemente "operacións típicas, de explotación ou de tráfico".

Os principios e as normas de valoración conteñen os criterios e as regras de aplicación ás operacións ou ós feitos económicos, e o seu obxectivo derradeiro é reflecti-la imaxe fiel (realidade) das devanditas operacións ou feitos económicos. Os principios e as normas contables son aplicables independentemente da forma xurídica (mercantil, pública, etc.) ou do obxecto social (actividade) da entidade. Os principios e normas contables permiten reflecti-las particularidades de cada actividade, por exemplo, no referente á amortización dos bens inventariables polo método técnico. Económico, ó reflecti-la depreciación efectiva deles motivada polo seu funcionamento ou uso. O tipo de actividade realizada por unha entidade require dun determinado tipo de gasto ou de equipamento específico para o seu desenvolvemento, e os principios e normas contables son aplicables calquera que sexa o tipo de actividade realizada.
Tendo en conta o anterior, dous aspectos fundamentais:

1.- O rexistro contable dunha operación estará condicionado polo fondo económico que subxace nela.

2.- A clave para a valoración de determinadas operacións peculiares (consideración como depreciable nun ano dun determinado ben como gasto ou como equipamento, por exemplo, os bens utilizados para montaxe e desmontaxe, etc..), e dentro do marco da súa elixibilidade para o FSE, está na súa correcta xustificación documental (certificación, cálculo, etc.).

Tamén cabe mencionar que o Plan Xeral de Contabilidade Pública ten como marco de referencia o Plan de Contabilidade para a empresa (RD 1643/1990). Por último, se se compara a actividade docente coa actividade mercantil, respecto ó uso e desgaste de equipamento, na actividade mercantil este prodúcese de forma intensiva, normalmente oito horas diarias durante os doce meses do ano, sen considera-las quendas de traballo que poidan existir, polo que neste aspecto non cabe diferenciación co uso tamén intensivo que poida haber na actividade do ensino.

Distinción entre gasto, custo, investimento, ingreso, cobramento e pagamento

a) **Custo.** Defínese como o equivalente monetario dos bens ou servicios aplicados ou consumidos no proceso de producción. Consiste na medida e valoración do consumo realizado ou previsto pola aplicación racional dos factores para a obtención dun producto, traballo ou servicio.
Sempre fai referencia ó ámbito interno da empresa, mentres que gasto e o pagamento supoñen unha relación da empresa co seu contorno.
Os custos son, exclusivamente, consumos, transformacións, inmobilizacións ou cambios de valor.
Pode producirse ou non ó mesmo tempo cós gastos (mercar e consumi-lo mesmo día).

b) **Gastos.** Supoñen obrigas externas, xeralmente de carácter xurídico, e os pagamentos á entrega de unidades monetarias por esas obrigas.
Non tódolos gastos dan sempre lugar a custos (pode haber materiais que nunca se incorporen ó proceso productivo), nin tódolos custos se corresponden cun gasto (os custos de oportunidade supoñen un custo e nunca son un gasto).

d) **Investimentos** do período. Aquela parte do gasto dun período que non foi consumida nela.

e) **Ingreso**. Vén determinado pola venda de productos ou pola prestación de servicios. Refírese ó ámbito externo. É un termo correlativo a gastos e ámbolos dous conceptos forman correntes ou fluxos económicos de signo contrario que xeran o resultado de explotación.

f) **Cobramento.** É a entrada de diñeiro en caixa ou en bancos.
Ten unha significación financeira e, aínda que deriva, polo xeral dos ingresos, non ten que corresponderse exactamente con eles.

No sector servicios os conceptos de custos e gastos son bastante coincidentes.

No ámbito de subvencións ós conceptos subvencionados téndense a identificar como custos reais ou gastos subvencionados conceptos coincidentes dentro deste contexto, xa que se fala dun concepto de gasto amplo: “gastos efectivamente realizados”, vinculados a unha acción, que estean pagados, que estean dentro duna categoría de gastos, etc.

O concepto de custo é moi importante, sobre todo en empresas de fabricación nas que a súa valoración, é dicir, o cálculo do custo do producto é unha variable económica fundamental.

Inmobilizado material e inmaterial, equipamento, ou bens inventariables

A normativa contable define o inmobilizado material como os elementos patrimoniais, tanxibles ou inmobles que se utilizan na actividade permanente e productiva da empresa; ten polo xeral, unha vida útil predeterminada, que transcende a duración dun exercicio económico, condicionada polo desgaste e a evolución tecnolóxica.

Criterio fundamental para considerar un ben como inventariable: cando a vida útil normal do elemento transcende dun ano natural, dun exercicio económico ou, no caso dos IES, é asimilable a un curso lectivo (que comprende 12 meses entre curso e curso, o que equivale a un ano). Non se debe confundir con que un ben poida durar menos dun ano por motivo dun mal uso, avaría, etc., é dicir, por situacións extraordinarias ou non normais. Nese caso pódese considera-lo elemento do exercicio pola totalidade, no exercicio que se produza a avaría, etc., e sempre debe estar perfectamente xustificada a mencionada perda extraordinaria de equipamento.

Canto ó concepto de desgaste e evolución tecnolóxica, pode ocorrer que un ben que inicialmente ten un número de horas de funcionamento teña un uso e desgaste maior do esperado e, por tanto, non acade a vida útil estimada inicialmente e, como consecuencia, deixe de ser utilizado na actividade. Sempre debe tratarse dunha perda irreversible e o devandito elemento poderá regularizarse (imputarse como gasto pola totalidade da amortización pendente á data que deixa de funciona-lo elemento, modelo de certificado nº 2 no apartado 6.4, e ficha contable individual “60112” no apartado 4.2.), e sempre debe estar perfectamente xustificado. Tamén pode ocorrer que un elemento inventariable poida verse afectado pola súa evolución tecnolóxica e deixe de ser operativo por este motivo; por exemplo, que un novo software adquirido motive que o equipo informático quede obsoleto e se necesite adquirir outro novo ou substituírlle algún compoñente.

Caso particular:
Para unha actividade, un ben pode ser inventariable e para outra ser un ben consumible, como ocorre no ciclo de Electrónica, para o que se mercan equipos utilizados exclusivamente para montaxe e desmontaxe, simulación de avarías, erros, etc., e o uso pode ser inferior a un ano. Deberán estar perfectamente xustificados, identificando os bens destinados a ese uso non normal, por exemplo póndolle unha etiqueta identificativa ou ben identificándoo na factura de merca e realizando un reconto deles ó final do exercicio (ver apartado 6.4., modelo de certificado n°1).

Gasto, ben consumible o funxible

Bens funxibles ou consumibles, ou gastos do exercicio: son bens que se consomen no momento da súa compra ou do seu uso, sempre durante un período inferior ó ano. Loxicamente, debido á variedade de gastos que se acollen a esta definición xeral pode non ser aplicable a algún tipo de gasto concreto.

O Plan Xeral Contable denomina estes gastos "gastos de explotación" ou gastos de actividade, que son aqueles nos que incorre a entidade regularmente ou ciclicamente no exercicio das súas actividades de tráfico.

Conceptos:

Bens inventariables. Inmobilizado material constituído por elementos patrimoniais tanxibles, mobles ou inmobles, que posúan unha entidade para o seu uso na producción ou subministración de bens e servicios. Estes elementos utilízanse, xa que logo, na actividade permanente e productiva da sociedade, e non están destinados á venda no desenvolvemento ordinario da actividade.

Valoración do inmobilizado. Polo seu prezo de adquisición ou custo de producción.
Prezo de adquisición: ten que incluír, ademais do importe facturado polo vendedor (deducindo calquera desconto, bonificación ou rebaixa que se practicase), tódolos gastos adicionais que se produzan ata a súa posta en condicións de funcionamento: transporte, instalación, montaxe e outros gastos similares. Os impostos indirectos (IVE) inclúense no valor de adquisición cando non sexan recuperables directamente da Facenda Pública.

Cando se trate de elementos do inmobilizado material fabricados ou construídos pola propia empresa (por exemplo, que o ciclo Fabricación á medida de mobles leve a cabo a construcción e montaxe duns andeis para o seu taller ou outros talleres do IES), entenderase por custo de producción o custo das materias primas e outros elementos, ademais os custos de man de obra empregada (custos de persoal) e outros custos indirectos que razoablemente se poidan imputar. Este custo non suporá, en caso ningún, o valor do mercado do ben producido.

Nota: Entendemos que non é interesante para os IES imputar bens fabricados por eles mesmos, xa que os materiais empregados na súa fabricación non poderían imputarse como gasto no exercicio no que se mercaron, e serían imputados vía amortización ó seren incorporados como custo de fabricación dos bens. A man de obra dos profesores tampouco é imputable, debido a que xa é cofinanciada como gasto do exercicio, e a man de obra dos alumnos non ten custo, xa que non se trata de empregados retribuídos.

Entrada en funcionamento. Ese instante separa claramente as posibilidades de seguir acumulando conceptos de custo como valor do mesmo (prezo de adquisición), para iniciar, pola contra, o proceso de amortización dos elementos correspondentes. Con carácter xeral, débese entender que a posta ou entrada en funcionamento dos bens de inmobilizado material ten lugar no intre en que os devanditos bens, tras superar unha montaxe, instalación e probas, estean en condicións de participar normalmente no proceso productivo ó que estean destinados. Con carácter específico, o devandito momento de entrada en funcionamento variará en función da natureza dos bens e das singularidades do proceso a que se destinen.
Normalmente, nos IES os bens adquiridos non corresponden a máquinas complexas e non requiren duna instalación e montaxe complexas, polo que na práctica a data de entrada en funcionamento será a data do albará ou da factura que reflicte a data de recepción do ben e a súa posta en funcionamento.

Tipos ou categorías de inmobilizado segundo o PXC:

Construccións. Agrupa o valor das edificacións en xeral, calquera que sexa o seu destino. Forman parte do seu prezo de adquisición ou custo de producción, ademais do xerado por todas aquelas instalacións e elementos que teñan carácter de permanencia, como son as instalacións de electricidade, gas, calefacción, sanitarios, conducción de auga e outras que formen parte do inmoble, as taxas inherentes á construcción e os honorarios facultativos do proxecto e dirección de obra.
Nota: cremos que as instalacións eléctricas adquiridas con factura individualizada e realizada despois de terminada a construcción poderían formar partida independente na conta de “Outras instalacións”, dado que é moi difícil que a súa vida útil sexa tan dilatada coma a dun inmoble construído.

Instalacións técnicas. Unidades complexas de uso especializado no proceso productivo que comprenden edificacións, maquinaria, material, pezas, elementos, repostos ou recambios, incluídos os sistemas informáticos que, aínda que sexan separables, son válidos unicamente para este tipo de instalacións concretas (por exemplo: unha planta de coxeración).

Maquinaria. Conxunto de elementos mecánicos (máquinas) mediante os que se realiza a elaboración de productos. Exemplos: na actividade de Hostalería a maquinaria está composta por tódolos electrodomésticos de cociña, como forno, cociña, fritideira, cafeteira, divisora de masas, cortadores, batedores, lavalouza, etc., que permiten elabora-los productos obxecto das prácticas; na familia profesional de Madeira e moble tódolos elementos ou máquinas utilizados para a transformación da madeira en productos derivados ou mobles, como as máquinas de corte e serrado, canteado e ensamblaxe, fresadora, lixadora eléctrica, etc.).

Útiles. Recolle o valor dos utensilios, ferramentas e medios auxiliares que se poden utilizar autonomamente ou conxuntamente coa maquinaria, incluídos moldes e patróns.

Outras instalacións. Conxunto de elementos ligados entre si de forma definitiva, para o seu funcionamento e sometidos ó mesmo ritmo de desafiuzamento, e que serven en exclusiva a un tipo determinado de instalacións (exemplo: eléctricas, de fluídos de aire, de telecomunicacións; telefonía, megafonía, centraliñas, de rede, de pesaxe, control e medida, de seguridade, etc.).
Nota: configuración de redes informáticas, cableado, conexión e instalación de ordenadores corresponden a instalacións, polo que son consideradas inmobilizado material, independentemente de que non entren nos programas centralizados de dotación de equipamentos da Consellería.

Moblaxe e utensilios. Moblaxe, material e equipo de oficina (excluídos os ordenadores e demais conxuntos electrónicos), por exemplo: cadeiras, mesas, andeis, mobles arquivadores, equipos de debuxo industrial e comercial, máquinas de oficina, fotocopiadoras, sumadoras, calculadoras, encadernadoras, reproductoras, etc.

Equipos para procesos de información. Ordenadores e demais conxuntos electrónicos.

Outro Inmobilizado material. Recompila os elementos de inmobilizado material que non ten cabida no resto das contas analizadas.

Outras operacións relacionadas co inmobilizado material:

Renovación. A renovación do inmobilizado é o conxunto de operacións mediante as que se recuperan as características iniciais do ben obxecto dela. A súa valoración realízase de acordo co seguinte:

a) O importe das renovacións, o valor de adquisición debe integrarse como maior valor do inmobilizado material.

b) Simultaneamente, débense dar de baixa os elementos substituídos e as correccións de que valor correspondan. Débese rexistrar unha perda (gasto elixible) pola parte do elemento non desafiuzado.

c) Se a renovación afecta a unha parte do inmobilizado e o ben que se substitúe non é susceptible de valoración independente, o importe do elemento incorporado non se considera maior valor do inmobilizado material, senón un gasto do exercicio, dotándose, se a renovación ten un carácter obrigatorio e periódico, unha provisión para reparacións.

Por exemplo: dunha maquinaria substitúese unha peza de tal forma que o seu funcionamento volve se-lo orixinario. O importe da peza nova foi de 1.500 euros (IVE incluído) e a peza substituída custou 1.000 euros e está desafiuzada nun 60%: parte non desafiuzada da peza substituída 400 (40% de 1.000), que

imputariamos coma gasto do exercicio. O importe da peza renovada por importe de 1.500 euros formaría parte do equipamento, imputándose coma gasto elixible pola amortización anual efectiva.

Ampliación e mellora. A ampliación consiste nun proceso mediante o que se incorporan novos elementos a un inmobilizado, obténdose como consecuencia unha maior capacidade productiva.
Enténdese por mellora o conxunto de actividades mediante as que se produce unha alteración nun elemento do inmobilizado, aumentando a súa anterior eficiencia productiva.

Criterios de valoración aplicables a estas operacións son os seguintes:

a) Os procesos de ampliación e mellora supoñen un incremento do valor do inmobilizado cando produzan:

    1. Un aumento da súa capacidade de producción.
    2. Unha mellora substancial da súa productividade.
    3. Un alongamento da vida útil estimada.

b) O aumento de valor do elemento do inmobilizado material débese establecer en función do prezo de adquisición da ampliación ou mellora.

c) Se no proceso de ampliación e mellora se fai necesaria a substitución de elementos, terase en conta o mencionado no apartado b), de renovación de inmobilizado.

d) Se no proceso se incorre na destrucción ou eliminación dos elementos substituídos, o custo da operación considérase maior valor da ampliación ou mellora. Se estes elementos substituídos poden allearse, o valor da venda diminúe os custos.

e) O importe para capitalizar está limitado de maneira que o novo valor do elemento do inmobilizado material, incluído o incremento por ampliación ou mellora, non supere o valor de mercado do respectivo elemento.

Ámbalas operacións son maior valor do inmobilizado material e, por tanto, inventariables.

Exemplo: un IES decide substituí-lo motor dunha máquina co fin de aumenta-las súas horas de uso.
O motor substituído adquiriuse hai tres anos por importe de 1.000.000 pts., e desafiuzase a razón dun 20% anual. O motor novo vale 1.500.000 pts. e o técnico encargado de face-la substitución pasou unha factura de 100.000 pts.
O motor substituído é vendido por 500.000 pts.

O aumento de valor da maquinaria é o custo de adquisición do novo motor, 1.600.000 pts. (custo do motor mailo gasto de posta en funcionamento; 1.500.000 máis 100.000 pts.), pero como obtivemos 500.000 pts. pola venda do motor substituído, débese reducir por ese importe o valor do motor incorporado.
Valor de la maquinaria (motor novo): 1.5000.000 + 100.000 – 500.000 = 1.100.000 pts.

Pezas de recambio. Considéranse pezas de recambio as destinadas a seren montadas en instalacións, equipos ou máquinas, en substitución doutras semellantes. O seu tratamento contable efectúase de acordo coas seguintes normas:

a) As pezas de recambio cun ciclo de almacenamento que sexa inferior ó exercicio económico débense incluír en existencias, e ó final do exercicio débese calcula-la variación destas existencias por reconto físico e regularizalas.
b) As pezas de recambio cun ciclo de almacenamento que sexa superior ó exercicio económico débense incluír como inmobilizado material, os seus importes deben ser desafiuzados, na medida que se poida identificar, de acordo co mesmo proceso ó que estea sometida a peza para substituír.

Aclaracións:
Ciclo de almacenamento (concepto contable) é asimilable a vida útil da peza ou o tempo que unha peza está en espera (almacén) para substituír a outra.
Exemplo: mercamos tres coitelas para unha máquina cortadora, a coitela tende a quedar inservible ós catro meses; o ciclo de almacenamento é inferior ó ano, xa que o seu consumo se produce durante o ano; cada peza está almacenada para substituír a outra en menos dun ano. Se, pola contra, durante un exercicio mercamos cinco coitelas e só se substitúen (consomen) catro, quedaría en almacén (non consumida no exercicio) unha peza, que non sería imputable como gasto nese exercicio, e imputaríase no exercicio seguinte cando se produce o seu consumo.

Na práctica, os IES adquiren as pezas de recambio para substituír directamente as pezas avariadas e non para a súa almacenaxe en espera da súa substitución para cando xurda unha avaría nunha máquina ou instalación. Estas pezas mércanse para a súa incorporación inmediata a un elemento (non para almacenalas) e teñen unha duración estimada inferior ó ano correspondente a gastos do exercicio no que se adquire. Se se mercan varias pezas e unhas se substitúen e outras se almacenan en espera de avaría, as que están almacenadas ó final do exercicio económico non será imputadas a gastos do exercicio no que se mercaron, e regularizaranse mediante inventario (ver apartado 6 do presente capítulo).

Se a peza mercada para substituír outra ten un período de almacenamento ou de uso superior ó ano, é dicir, a súa vida útil é superior ó ano, debemos contabilizala como inmobilizado material e desafiuzala de acordo coa súa vida útil normal ou estimada (con base na experiencia), tendo en conta que vai ser utilizada na actividade de ensinanza.

Venda de equipamento. Pódese dá-lo caso da venda dun equipo inventariable que foi imputado coma gasto ó FSE. O ingreso obtido minoraría os gastos elixibles do ciclo ó que foi imputado o mencionado gasto e no exercicio no que este se obtén. Tamén pode ocorrer que na merca dun ben inventariable se pague parte en efectivo e parte coa entrega do ben vello ou substituído; o devandito ben adquirido valorarase polo importe pagado efectivamente, e non se deducirá como ingreso a valoración do ben entregado (pagamento en especie, descontado na factura), como menor gasto elixible.

Modalidades de adquisición de equipamento

Equipos mercados sen financiamento (directamente).
É elixible todo o prezo de merca do investimento ou adquisición, distribuído nos exercicios nos que vai presta-la súa función de ensinanza (vida útil); é dicir, é elixible anualmente como gasto polo importe correspondente á súa amortización efectiva.

Equipos mercados e financiados por leasing.
É elixible todo o prezo de merca pagado nas cotas mensuais, agás os xuros pagados polo financiamento desta operación; é dicir, agás a parte da cota que corresponde a xuros.

Equipos utilizados en renting.
É elixible todo o prezo pagado en cada cota mensual do alugamento por renting, agás os xuros pagados polo financiamento deste contrato; é dicir, agás a parte da cota que corresponde a xuros.

Equipos utilizados en alugamento puro.
É elixible todo o prezo pagado polo seu alugamento. Esta operación non inclúe xuros.

No capítulo 3 realízase unha análise comparativa das alternativas á merca directa.

2.2. MÉTODOS DE AMORTIZACIÓN

Cando adquirimos un ben inventariable ou equipamento mediante compra directa (sen financiamento, nin mediante alugamento) temos que ter en conta que só é imputable como gasto elixible anualmente pola súa amortización efectiva.

Amortización: é a expresión contable da depreciación do inmobilizado (bens inventariables) na súa aplicación ó proceso productivo (no noso caso o proceso productivo equivale á prestación dun servicio público de ensino). Identifícase normalmente coa depreciación que normalmente sofren os bens de inmobilizado polo seu funcionamento e uso, debéndose valorar, de se-lo caso, a obsolescencia que poida afectarlles.

Consiste, xa que logo, na distribución do custo de adquisición do inmobilizado material durante a vida útil estimada de cada elemento, efectuada de forma racional e uniforme. A expresión numérica de importe desafiuzable correspondente a un exercicio económico é a denominada "cota de amortización".

Valor desafiuzable: é o valor polo que figura en contabilidade o elemento do inmobilizado material depreciable; é dicir, o prezo de adquisición do ben.

Vida útil: é o período de tempo durante o que se espera que o elemento do inmobilizado material estea funcionando e, xa que logo, axudando a producir rendementos normalmente ou prestando o servicio ó ensino. Este período débese calcular tendo en conta aqueles factores que poden incidir na vida productiva do elemento, como son:

- O uso e o desgaste físico esperado.
- A obsolescencia.
- Os límites legais que afecten á utilización do activo (normas de seguridade, anticontaminantes, etc.).

Momento de inicio da amortización: a amortización comeza a partir do intre en que o elemento estea en condicións de funcionamento, dispoñible para o seu uso; é dicir, desde que o activo poida xerar ingresos con regularidade, unha vez finalizados os períodos de proba.

Métodos de amortización: pódese utilizar calquera método de amortización que, de acordo con criterios técnico-económicos, reparta o custo da amortización ó longo da vida útil do elemento, con independencia de criterios fiscais ou de rendibilidade. Contablemente non se arbitra ningún sistema concreto de amortización; a única imposición é que o importe se determine con base nunha efectiva depreciación. É válido, por tanto, calquera sistema de amortización, sempre que se realice con carácter sistemático e que a cota de amortización cubra a perda de valor do inmobilizado, atendendo tanto ás condicións de uso como á obsolescencia.

Fiscalmente considérase que a depreciación é efectiva cando sexa o resultado de aplicar algún dos seguintes métodos, que poden ser utilizados para calcula-la depreciación contable do ben:

a) Amortización segundo táboas fiscais. A amortización lineal constante: prezo de adquisición do inmobilizado x porcentaxe de amortización= amortización anual.

b) Amortización degresiva. Supón que o importe da depreciación é maior ó inicio da vida útil e vai decrecendo ó longo dela. Este método permite recolle-la depreciación por obsolescencia que pode afectar a un ben, xa que as cantidades desafiuzadas ó principio son maiores, polo que inclúe tanto a depreciación experimentada polo seu uso como a depreciación atribuíble ó simple paso do tempo. Deste sistema exclúense os edificios, a moblaxe e os utensilios, e aplícase segundo os seguintes procedementos:

   1.- Aplicando unha **porcentaxe constante** sobre o valor pendente de amortización dos elementos acollidos a este sistema. Este método supón, unha vez determinada a "vida útil do ben", considerar que a proporción en que se deprecia é a mesma durante o período da súa utilización.
   A porcentaxe determínase ponderando o coeficiente de amortización fiscal (vida útil segundo táboas fiscais) polos seguintes correctores:

   - 1,5 se o período é inferior a 5 anos.
   - 2 se o período é de 5, 6 e 7 anos.
   - 2,5 para períodos iguais ou superiores ós 8 anos.

   A porcentaxe determinada débese aplica-lo primeiro ano sobre o valor de adquisición, o segundo ano sobre o valor de adquisición menos o importe desafiuzado o primeiro ano (valor pendente de desafiuza-lo valor neto contable), e así sucesivamente. Cando o saldo pendente de desafiuzar sexa inferior ó importe dunha cota lineal (importe total para desafiuzar dividido por vida útil), pódese desafiuzar esa cantidade nun só exercicio.
   Hai un exemplo do seu cálculo, en análise comparativa de métodos de amortización, na páxina seguinte.

   2.- Aplicando o método de **suma de díxitos**. Segundo este, unha vez determinada a vida útil, súmanse os díxitos que a forman (por exemplo, se a vida útil é de catro anos súmanse os díxitos 4 + 3 + 2 + 1 = 10). O importe total para desafiuzar divídese por esa suma e as cotas dos sucesivos anos determínanse multiplicando ese cociente

polo díxito máis alto; o resultado é o importe para desafiuza-lo primeiro ano, e así sucesivamente.
Hai un exemplo do seu cálculo na páxina seguinte.

Casos particulares:

a) Na aplicación das táboas de amortización establécense regras especiais para os seguintes elementos:
   - Para os bens sometidos a máis dunha **quenda** de traballo fíxase un coeficiente máximo especial, que se determina incrementando o coeficiente mínimo (o derivado do período máximo de amortización -ver táboas fiscais-), no resultado de multiplica-la diferencia entre o coeficiente máximo e o mínimo, polo número de roldas de traballo.
   - No caso de bens **usados**, modifícase o coeficiente aplicable, sobre o prezo de adquisición, ata o límite resultante de multiplicar por dous a cantidade derivada de aplica-lo coeficiente de amortización lineal máximo.
     Hai un exemplo do seu cálculo na páxina seguinte.

Aclaración: asimilamos rolda de traballo dunha empresa cando existen dous ou tres horarios de traballo de 8 horas cada día, durante os que o inmobilizado está funcionando 16 ou 24 horas ó día e, xa que logo, sofre unha depreciación maior que se é utilizado soamente nunha rolda de traballo. Asimilamos roldas de traballo na actividade formativa nos elementos que sexan utilizados por ciclos que se impartan en horario diúrno e nocturno (unha rolda en horario diúrno e outra rolda en horario nocturno). Debemos asimilar con roldas de traballo os bens que poidan ser utilizados por varios ciclos formativos, durante os seus horarios lectivos normais (horarios diúrnos), debido a que cando son usados por un ciclo non o son por outro.

Análise comparativa dos métodos de amortización descritos

Datos do ben:

Adquisición de 10 equipos informáticos. Data de adquisición: **01/011/2002** (data factura). Prezo: **3.000.000** pesetas (IVE, portes e instalación incluídos). Coeficiente máximo de amortización s/táboas fiscais: 25% (vida útil 4 anos). Coeficiente mínimo de amortización s/táboas fiscais: 12,5% (vida útil = 8 anos).

1- Amortización segundo o método de **cota lineal;** a cota de amortización lineal constante durante os catro anos é: 3.000.000 / 4 = 750.000
2- Amortización **degresiva** segundo método de **porcentaxe constante**:

- Aplicámo-lo coeficiente corrector correspondente (1,5) e temos que a porcentaxe constante é: 25 x 1,5 = 37,5.
- As cotas de amortización son:

Ano 1 : 3.000.000 x 37,5% = **1.125.000**
Ano 2 : (3.000.000 – 1.125.000) x 37,5 % =1.875.000 x 37,5% = **703.125**
Ano 3 : (1.875.000 – 703.125) x 37,5% = 1.171.875 x 37,5% = **439.453**
Ano 4: (1.171.875 – 439.453) x 37,5% = 732.422 x 100% **(*)** = **732.422**

(*) Saldo pendente de desafiuzar no ano 4 = 731.422, inferior o importe duna cota lineal (3.000.000 / 4 = 750.000) pode desafiuzarse esa cantidade nun só exercicio.

Nota: este método non se pode aplicar a edificios, á moblaxe nin ós utensilios.

3- Supoñamos que se decide aplica-lo método de amortización **degresiva** mediante o método de **suma de díxitos**:

- Suma de díxitos: 4 + 3 +2 + 1 = 10
- Cota por díxito: 3.000.000 / 10 = 300.000
- Cotas de amortización:
  ano 1: 300.000 x 4 = 1.200.000
  ano 2: 300.000 x 3 = 900.000
  ano 3: 300.000 x 2 = 600.000
  ano 4: 300.000 x 1 = 300.000

Nota: este método non se pode aplicar a edificios, á moblaxe nin ós utensilios.

Roldas:

4- Supoñamos que estes equipos se utilizan no ciclo de Administración e finanzas, que se imparte en dous grupos en horario diúrno e nocturno.
Coeficiente mínimo = 12,5%.
Calculámo-la diferencia entre os coeficientes máximo e mínimo = 25-12,5 = 12,5%.
Multiplicamos esta diferencia polo número de roldas: 12,5 x 2 = 25%.
Incrementámosllo ó coeficiente mínimo = 25% + 12,5% = **37,5%** = coeficiente aplicable.

Bens usados:

5- Supoñamos que os equipos informáticos son usados e o prezo de adquisición é de 1.000.000 pts. Amortización segundo o método de **cota lineal:** multiplicamos por 2 a cantidade derivada de aplica-lo coeficiente de amortización lineal máximo

25% x 2 = 50%; vida útil 2 anos, a cota de amortización lineal constante durante os dous anos de vida útil é de :
1.000.000 / 2 = 500.000 Pts.

Resumo comparativo dos distintos métodos de amortización:

Método / exercicio	**Cota lineal**	**Degresivo** (porcentaxe constante)	**Degresivo** (suma de díxitos)	Método con maior amortización anual
2002	750.000	1.125.000	**1.200.000**	degresivo suma díxitos
2003	750.000	703.125	**900.000**	degresivo suma díxitos
2004	**750.000**	439.453	600.000	Cota lineal
2005	**750.000**	732.422	300.000	Cota lineal
TOTAL	*3.000.000*	*3.000.000*	*3.000.000*	

Se se opta por aplicar un método de amortización fiscal, o método que permite desafiuzar máis importe os primeiros anos é o degresivo de suma de díxitos.

Vantaxes da aplicación dos sistemas de amortización admitidos pola norma fiscal:

- Aplicación xeral e de doado cálculo.
- Doada xustificación e control.
- Nalgúns elementos pode ser maior, nos primeiros anos, a amortización fiscal cá técnico-económica, aplicando o método degresivo.

Recomendamos aplica-lo método técnico-económico de amortización, debido a que é o que reflicte máis fielmente a depreciación efectiva do inmobilizado. A dificultade estriba na estimación da vida útil real dos elementos, que debe estar baseada nas especificacións técnicas dos elementos e na experiencia na utilización e duración de elementos similares en anos anteriores. Pola contra, ten unha análise individualizada que require de cada tipo de elemento, o que significa maior tempo para o cálculo da cota de amortización.

Para a **xustificación** da estimación da vida útil efectiva (método técnico-económico) do equipamento, véxase o capítulo 6 (modelo de certificación n° 4).

Explicación dos motivos do desgaste e obsolescencia: por exemplo, para os equipos informáticos, obsérvase que a duración real dos ordenadores é de tres anos, xa que cada tres anos son substituídos por outros novos ou se substitúen partes ou compoñentes principias (procesador, memoria, disco duro, placa base, monitor, etc.). Por exemplo, unha máquina de corte para o ciclo de Mobles

observamos polo uso das adquiridas anteriormente que ten unha duración de 2.000 horas/máquina segundo especificación técnica, e que o uso efectivo é de 1.500 horas/máquina, polo que ós catro anos está en desuso; o uso efectivo das 2.000 horas no taller do ciclo, cun uso que é intensivo, cúmprese ós 4 anos, quedando ó final do devandito período en desuso.

Pódese considerar aplicar unha amortización económica para elementos de compra frecuente, elementos que cada certo número de anos se fai necesario renovar; por exemplo, ordenadores e determinadas máquinas, nas que observamos que a depreciación efectiva é superior á que resulta de aplica-los métodos de amortización fiscais, sempre xustificando a aplicación dela (ver apartado 6.4., modelo de certificado n°4). Por outro lado, aplicamos unha amortización fiscal (por exemplo método degresivo) para o resto de elementos nos que é de difícil estimación a depreciación económica, e dos que a súa compra non é frecuente.

2.3. REPARACIÓN E MANTEMENTO

Reparación e conservación: Reparación é o proceso polo que se volve pór en condicións de funcionamento un elemento material (amañar avarías). A conservación consiste nas operacións encamiñadas a mante-lo elemento do inmobilizado material en boas condicións de funcionamento e coa mesma capacidade productiva (evitar avarías). Ámbalas dúas operacións son gastos correspondentes ó exercicio que se produzan.

O concepto de reparación e mantemento é o de reparar e evitar avarías de bens inventariables, e é un gasto imputable pola súa totalidade como elixible. Non se debe confundir cos conceptos de renovación, ampliación e mellora, pezas de recambio de bens de equipo, conceptos que supoñen incremento da vida útil dos bens (inventariables) e nos que o gasto elixible corresponde á súa amortización efectiva anual.

A substitución de compoñentes ou partes de equipos informáticos ou máquinas, en vez de mercar unha nova, para mante-los equipos operativos, é un concepto de incremento da súa vida útil, e non se corresponde con reparacións ou mantemento.

Débese ter en conta na xustificación de gastos de reparación e mantemento o detallarse claramente a operación realizada: identificación dos bens reparados, os traballos realizados, e que os prezos correspondan ós prezos normais de mercado do devandito traballo. É dicir, que se reflicte inequivocamente a realidade da operación realizada. Tamén sería conveniente, para a xustificación dunha reparación, achegar unha copia da factura da compra do equipo reparado, para que conste claramente identificado o equipo reparado.

2.4. ADECUACIÓN DE ESPACIOS

A normativa comunitaria sobre gastos elixibles menciona de forma específica o concepto de adecuación de espacios como un gasto elixible imputable pola súa totalidade como gasto no exercicio no que se realizou a devandita adecuación de espacios. Tampouco se menciona a tipoloxía de gastos por accións do programa operativo. Si o mencionaba de forma específica a Circular 13/2000 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional como un gasto de funcionamento imputable directamente pola totalidade.

O concepto de adecuación de espacios corresponde á ampliación ou mellora de construccións e instalacións e, por tanto, a un ben inventariable. A adecuación é un concepto de construcción, debido a que require realizar unha construcción nova ou adaptar unha existente. Adecuar un espacio require xeralmente tirar tabiques, construír uns novos, cambia-lo chan, instalación eléctrica, fontanería, calefacción, acabado novo, etc., e estes son conceptos de construcción que aumentan a vida útil. Por exemplo, un espacio ou cuarto destinado a almacén adáptase para utilizalo como oficina, unha aula ou un taller obsoleto adáptase para impartir unha nova ensinanza. A devandita adecuación podería interpretarse como unha dotación necesaria para realizar pola Consellería para imparti-las novas ensinanzas e non cofinanciable, igual ca un edificio para imparti-las ensinanzas.

Entendemos que a adecuación de espacios para impartir novas ensinanzas profesionais é necesaria, debido a que se realiza en centros xa construídos que necesitan adapta-los espacios existentes ás novas ensinanzas profesionais, sobre todo no referente á parte práctica, talleres de prácticas específicos para determinadas ensinanzas. Tamén é certo que todo o equipamento didáctico inventariable é necesario para o desenvolvemento das novas ensinanzas, pero este non é un criterio de valoración aplicable para determinar se un gasto é imputable pola totalidade ou pola súa amortización efectiva anual.

Conclusión: a nosa interpretación ou criterio é considera-la adecuación de espacios como un gasto elixible pola totalidade, con base na súa mención expresa que se recollía na circular 13/2000, sempre que estea perfectamente xustificado, e coa excepción de que ó non ser mencionado de forma específica na normativa de elixibilidade de gastos do FSE puidera estar suxeito a distinta interpretación.

A adecuación de espacios debe estar xustificada, ademais de coa súa factura correspondente, cun orzamento detallado dos traballos realizados, identificando as unidades de obra realizadas, materiais empregados, horas de traballo, etc., e perfectamente identificado o lugar onde se realizaron. Sería bo complementalo con fotografías da adecuación realizada.

Distintos casos que se poden presentar

Cando a adecuación afecte a espacios (aulas e talleres) que van ser utilizados por alumnos de ensinanzas cofinanciadas polo FSE e alumnos de ensinanzas non cofinanciadas, deberá facerse un rateo do seu uso (imputación proporcional ó uso), en función, por exemplo, dos alumnos de ensinanzas cofinanciadas e non cofinanciadas que utilizan o espacio compartido, e imputa-la parte proporcional a ese uso que corresponde ás ensinanzas cofinanciadas coma gasto directo. A parte proporcional que corresponde a ensinanzas non cofinanciadas non é imputable ó FSE (véxase apartado 2.8.).

Cando a adecuación de espacios corresponda a distintas aulas ou talleres e en todos se impartan ensinanzas cofinanciadas, ben se solicita un orzamento polo miúdo por aula e se imputa directamente á ensinanza que utiliza, ou ben, se o orzamento é global, divídese o importe da factura polos metros cadrados totais e impútase a cada ensinanza en función dos metros cadrados que ocupe.

Cando a adecuación afecte a espacios comúns a tódalas ensinanzas (cafetería, baños, biblioteca, sala de conferencias, instalacións deportivas, pechamento de recintos, corredores, etc.) imputarase como gasto indirecto pola súa amortización anual.

Outras obras de ampliación, mellora, renovación de edificios e construccións (edificio e instalacións do centro) que se poden asimilar ó concepto de adecuación de espacios, como por exemplo as obras de acristalamento, de pechamento, instalacións eléctricas, ramplas para minusválidos, etc, poden ser imputadas como custo indirecto, aplicando o coeficiente para gastos indirectos sobre a amortización efectiva anual.

2.5. SOFTWARE OU PROGRAMAS INFORMÁTICOS

¿Programas ou software informático son asimilables a libros didácticos?
A normativa sobre xustificación de gastos do FSE non fai unha mención específica sobre se as aplicacións informáticas deben ser consideradas como un gasto pola totalidade do prezo da compra. Tampouco se mencionaba na Circular 13/2000 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para que sexa considerado coma un gasto de funcionamento imputable directamente pola totalidade. Ó non mencionarse de forma específica na devandita normativa baseámonos nas normas contables e fiscais aplicables, que din o seguinte:

Resolución do 21/1/92 do ICAC: Rexistrarase como inmobilizado inmaterial (elemento patrimonial intanxible) o importe satisfeito pola propiedade ou dereito de uso de programas informáticos, sempre que estea prevista a utilización en varios exercicios. En ningún caso se considerarán como inmobilizado os conceptos seguintes:

-Os custos percibidos como consecuencia de **modificación ou modernización** de aplicacións informáticas ou sistemas informáticos xa existentes dentro da estructura operativa da empresa.
-Os custos derivados da formación do persoal para a aplicación do sistema informático.
-Os custos derivados de consultas realizadas a outras empresas e as revisións globais de control dos sistemas e aplicacións informáticas.
-Os custos de mantemento da aplicación informática.

Á creación dunha páxina WEB, ó ser similar a unha aplicación informática, débeselle aplica-lo mesmo criterio de valoración ca ás aplicacións informáticas (consulta n°1, BOICAC N° 44).

Nas instruccións de xustificación de custos para accións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo xestionadas polo Instituto Nacional de Emprego e referente ó programa operativo de Iniciativa Empresarial e Formación continua, respecto ó software informático establécese o seguinte:
"Como regra xeral, a adquisición de licencias dunha aplicación informática obxecto do curso será imputable como material didáctico, admitíndose o seu custo de amortización" (considérao inventariable).

No caso de que a utilización prevista sexa só nun curso académico deberá estar suficientemente xustificado (ver apartado 6.4., modelo de certificado n°2).

Conclusión:
As aplicacións informáticas, nalgúns casos, teñen a función ou son susceptibles de seren utilizadas como material didáctico na impartición de ensinanzas cofinanciadas e, noutros casos, é base fundamental e específica no desenvolvemento de determinadas materias, como é o caso da materia de

Aplicacións informáticas no ciclo de Administración e finanzas; nos ciclos de informática, na familia profesional de edificación e obra civil, etc. Malia isto, un programa informático non é asimilable a un libro didáctico canto ó seu prezo unitario, moi superior o dun libro, e canto ó seu uso, normalmente prolóngase durante varios exercicios. Un programa informático normalmente mantense operativo durante varios exercicios, requirindo actualizacións anuais, cun prezo que é sensiblemente inferior á compra do programa.

Pódese da-lo caso da adquisición dun software para a súa proba durante un curso nun determinado ciclo e que durante o seu desenvolvemento se considere que non é válido na súa aplicación docente para os sucesivos cursos. Nese caso si que se debería imputar como gasto do exercicio, sempre xustificándoo debidamente (ver apartado 6.4., modelo de certificado n°2).

Conclusión: a adquisición dunha licencia informática é un ben inventariable. O software para proba, sempre que só se utilice durante un curso e se xustifique suficientemente, e as actualizacións do software, son gasto do exercicio.

2.6. ÚTILES E FERRAMENTAS: PROCEDEMENTO DE REGULARIZACIÓN.

O Plan Xeral Contable (RD 1643/1990), na Norma de Valoración terceira di que os útiles se consideran como inmobilizado material tendo en conta o seguinte: os utensilios e as ferramentas que non formen parte dunha máquina e os medios auxiliares nos que o período de utilización se estime non superior a un ano débense cargar como gasto do exercicio. Se o período de utilización é superior a un ano, recoméndase, por razóns de facilidade operativa, o procedemento de regularización anual, mediante reconto físico; as adquisicións rexístranse como inmobilizado, regularizándose ó final do exercicio, en función do inventario practicado, con baixa razoable por demérito, con cargo a gastos do exercicio. Se os utensilios e as ferramentas se incorporan a elementos mecánicos (máquinas), sométense ás normas valorativas e de amortización aplicables ós ditos elementos. Tamén é aplicable nesta partida o principio de importancia relativa, que di que se pode rexistrar como gasto unha partida que puidera ser tamén incluída como inmobilizado, debido á escasa importancia que o importe da partida poida ter en relación ó conxunto.

A norma fai dúas distincións:

1- Se os utensilios, as ferramentas ou os medios auxiliares forman parte dunha máquina, é dicir, se se incorporan a elementos mecánicos, sométense ás normas de valoración e de amortización aplicables ós ditos elementos.

2- Se non forman parte dunha máquina, hai dous casos:

a- Cunha vida útil inferior a un ano considérase gasto do exercicio.

b- Cunha vida útil superior a un ano considéranse bens inventariables, e pódese aplica-lo procedemento de regularización anual.

Proceso:

Primeiro deberemos establecer se o útil ou a ferramenta teñen un período de utilización normal, na actividade á que se van destinar, inferior ou superior a un ano. Se a vida útil é inferior a un ano debemos xustificalo, por exemplo, mediante certificación do responsable do departamento ou taller, explicando as circunstancias e detallando os elementos (ver apartado 6.4., modelo de certificado n° 3).

Establecemos un importe mínimo para considerar útiles e ferramentas como de escasa importancia polo seu valor unitario en relación ó conxunto (conxunto fai referencia ó total das compras de ferramentas durante un período, exercicio ou curso). Non existe un criterio establecido para fixar un prezo mínimo; entendemos que un prezo mínimo ten que ir en función do tipo de material que se utiliza na actividade. Pode ser razoable establecer un prezo de 5.000 pesetas (30,05 euros) para as pequenas ferramentas do tipo de alicates, desaparafusador, martelos, etc., que é de doado desgaste e extravío, sempre que o valor conxunto deste material no sexa moi significativo dentro do conxunto de ferramentas e útiles adquiridos durante o curso. Por exemplo, os útiles e ferramentas adquiridos no ciclo de Madeira durante o curso foron por importe de 500.000 ptas.; o importe total da compra de alicates, martelos, brocas, etc. (nos que o valor unitario é inferior a 30,05 euros) no exercicio é de 40.000 pts. O dito importe é de escasa importancia con respecto ó total das compras de útiles e ferramentas.

Para os útiles e as ferramentas que non encaixen no mencionado anteriormente, é dicir, cunha vida útil superior a un ano, e cun valor que non é de escasa importancia, podemos utiliza-lo procedemento de regularización anual que consiste en realizar un reconto inicial, cuantifica-las compras do exercicio e realizar un reconto final, co que se obtén o consumo ou gasto do material durante o exercicio.

REGULARIZACIÓN DE INVENTARIOS DE ÚTILES E FERRAMENTAS, TAMÉN APLICABLE A REPOSTOS E MATERIAIS AUXILIARES

PROCESO DE REGULARIZACIÓN DE FERRAMENTAS

Para realiza-lo proceso de regularización de inventario de ferramentas necesítase a seguinte información ou datos:

- **Existencias iniciais.** As existencias ó comezo do ano natural, a través do seu reconto físico.
- **Compras** do exercicio. Detalle nas facturas de compras do exercicio.
- **Existencias finais**. Ó final do ano natural, realizando a súa contaxe física.

Se cando decidimos implanta-lo sistema de regularización, ó se-la primeira vez, nos atopamos nun exercicio en curso e non dispomos do dato das existencias iniciais, caben dúas alternativas.

1- Implantar este proceso no exercicio a partir do que podamos realizar ou dispor do reconto inicial de existencias. Por exemplo: estamos en outubro do exercicio 2002 e, como non dispomos das existencias iniciais do exercicio 2002 (existencias a 1 de xaneiro do 2002, ou o que é o mesmo, existencias finais a 31 de decembro de 2001), acordamos inicia-lo sistema de regularización para o exercicio 2003; para iso realizámo-lo reconto a 31/12/02 ou a 1/1/03 (obtémo-las existencias finais do exercicio 2002, que equivalen ás existencias iniciais do ano 2003); durante o exercicio 2003 cuantificamos tódalas compras de existencias de útiles e ferramentas, e a 31/12/03 realizamos reconto físico final de existencias e procedemos a calcula-lo consumo do exercicio 2003 (as existencias iniciais mailas compras e menos as existencias finais é igual ó consumo ou importe que imos imputar como gasto do exercicio por regularización de ferramentas.)

2.- Iniciámo-lo proceso durante o ano en curso sen dispormos do reconto de existencias iniciais. Nese mesmo momento realizamos un reconto (por exemplo en setembro), cuantificámo-las compras de setembro a decembro e realizamos, o 31/12/02, o reconto físico de existencias finais do exercicio 2002. Posteriormente calculámo-lo consumo do período setembro-decembro de 2002 (existencias iniciais a 30/9/02 mailas compras de outubro a decembro e menos as existencias finais a 31/12/02 igual ó consumo ou gasto do período outubro-decembro do exercicio 2002). Este consumo ou gasto extrapolámolo a todo o exercicio e dáno-lo consumo total (se en tres meses consumimos X, en 12 meses consumimos Y).

A realización do inventario físico de útiles e ferramentas efectuado polo centro consiste en levar a cabo unha contaxe física de unidades, nunha data establecida.

PLANIFICACIÓN DO RECONTO

-Designa-lo persoal encargado do reconto físico; o responsable do reconto debe se-la persoa responsable do departamento, titor ou persoa responsable da compra do material obxecto do reconto.

-Coñece-la natureza, as características técnicas e os compoñentes dos útiles e das ferramentas que imos contar (require a persoa encargada do material e a revisión das facturas de compras do exercicio).

-Coñecer con antelación a situación física dos útiles, as ferramentas e as pezas de recambio.

- Nos días previos á data fixada para o reconto e co fin de facilita-lo reconto, o persoal encargado deberá organiza-lo material obxecto de reconto.

- Confeccionar unha folla de reconto. Esta folla deberá reflectir como mínimo: prenumeración correlativa; código, identificación e descrición do artigo; localización; cantidade, número de unidades; comentarios sobre incidencias (obsolescencia, etc.) e prezo.

- Para asegura-la exactitude do reconto é recomendable comproba-la adecuada situación dos artigos, a súa repetición e a sinalización do contado para evita-la duplicidade do reconto.

Realizado por: _____
Data de realización: _____
Departamento: _____
Ciclo formativo: _____
Lugar onde se atopa o material: _____

FOLLA DE RECONTO DE FERRAMENTAS E ÚTILES

				(a)	(b)	(a x b)
Código	Descrición do artigo	Provedor	Localización	Cantidade contada	Prezo de compra	Valoración inventario
	TOTAL					

CÁLCULO DA REGULARIZACIÓN INVENTARIO DE FERRAMENTAS:

	Importe
(+) EXISTENCIAS INICIAIS 2002	
(+) COMPRAS DO EXERCICIO 2002	
(-) EXISTENCIAS FINAIS 2002	
CONSUMO OU GASTO DO EXERCICIO	

Sinatura do responsable do reconto

Visto e prace: Director / Secretario

2.7. EQUIPOS PARA PRÁCTICAS DE MONTAXE, DESMONTAXE, SIMULACIÓN, DIAGNÓSTICO, INSTALACIÓN, ETC.

Corresponden a bens inventariables que, por seren destinados a un uso especial ou peculiar, dentro do ensino, poden ter unha vida útil inferior ó uso que sería normal pola súa natureza noutra actividade. Estes bens son utilizados en prácticas de determinadas ensinanzas profesionais como equipos de proba, montaxe e desmontaxe, en simulación de erros, etc.

Tres matizacións

Os equipos destinados á proba, montaxe e desmontaxe, simulación de erros, etc., deben estar perfectamente identificados e, no que respecta ó seu uso e vida útil, débese xustificar cos medios de proba necesarios que permitan verifica-la realidade do seu destino e a súa vida útil (ver apartado 6.4, modelo de certificado n°1).

Pode haber equipos cun uso que, aínda que sexa distinto ó normal pola natureza do ben, se realice durante varios cursos académicos, polo que se debe considerar como un ben inventariable e a súa amortización económica pode ser similar ó que lle correspondería no seu uso normal.

Tamén se podería considera-la utilización de equipos en desuso ou de segunda man para estas prácticas de montaxe, desmontaxe, simulación de avarías, etc., que teñen un prezo sensiblemente inferior ó dun novo, e sería máis razoable á hora de xustificar unha vida útil inferior a un ano (imputable como gasto), aínda que ó seren equipos non actualizados pode ir en contra do criterio docente, que é o que prevalece.

Proceso

Primeiro deberemos establecer (estimar, con base na experiencia) se o elemento ten un período de utilización, na actividade á que se vai dedicar, inferior ou superior a un ano. Pódense dar tres casos:

1.- Se a vida útil estimada é inferior a un ano ou curso académico imputámolo como gasto pola totalidade no ano da súa adquisición. Para iso debemos xustificar, por exemplo mediante certificación do responsable do departamento, que o desgaste debido ó seu uso e á natureza do elemento é, con base na experiencia, inferior a un ano ou curso académico, póndolle unha etiqueta identificativa, identificando a factura de compra, identificando a factura do equipo que substitúe a este e realizando un reconto dos mesmos ó final do exercicio (ver apartado 6.4., modelo de certificado n°1).

2.- Para os equipos cunha vida útil estimada superior a un ano, pero sensiblemente inferior ó que figura nas táboas fiscais, por exemplo, cunha vida útil estimada económica de 2 ou 3 anos, e que segundo as táboas fiscais sexa de 6 ou 8 anos, podemos utiliza-lo método de amortización económica (ver apartado 6.4., certificado modelo n°2).

3.- Se a vida útil estimada do equipo é similar á que lle correspondería no uso normal pola súa natureza, utilizamos calquera dos métodos de amortización fiscal propostos no apartado 2.2.

Se se utilizan moitos equipos con esta finalidade e o control individual dos elementos se fixera difícil, poderíase considerar aplica-lo método de regularización anual de inventario (ver apartado 2.6).

2.8. GASTOS DIRECTOS E GASTOS INDIRECTOS

Custos directos: son os que gardan unha relación directa coa acción subvencionada-cofinanciada que os ocasionou; é dicir, co seu obxecto de custo. Son doadamente identificables e poden ser imputados sen recorrer a mecanismos de reparto especiais.

Exemplo de custos directos dun ciclo formativo:

- Custo do profesorado que imparte os ciclos.
- Adecuación da aula onde se imparte o ciclo.
- Amortización do equipamento específico para a aula-taller onde se imparte o ciclo.
- Materiais didácticos utilizados para a formación en ensinanzas cofinanciadas.
- Materiais consumibles utilizados especificamente para a formación en ensinanzas cofinanciadas.
- Gastos de publicidade específica dos ciclos formativos.
- Reparación e conservación de equipos ou aulas exclusivas dos ciclos.
- Gastos diversos dos ciclos (ou accións cofinanciadas).
- Gastos do departamento que só teña ensinanzas cofinanciadas.
- Alugamento de equipamento para os ciclos.
- Viaxe de alumnos dun ciclo subvencionado.

Custos Indirectos: son custos comúns a todo o centro ou a tódalas ensinanzas. Resultan difíciles de imputar, polo que é necesario recorrer a un reparto dos mesmos utilizando criterios máis ou menos subxectivos, pero nunca arbitrarios. Non existe unha regra xeral que permita determinar qué custos son directos e cáles son indirectos. A relación directa ou indirecta de cada consumo depende do tipo de empresa ou entidade e da actividade que esta realiza.

Exemplo de custos indirectos dos ciclos, programas de garantía social, etc.:

- Custo de persoal que realiza traballos para tódalas ensinanzas do centro: administración, secretaría, xefe de estudios, etc.
- Amortización de adecuación de espacios comúns: corredores, lavabos, biblioteca, sala de profesores, sala de conferencias, administración, etc.
- Amortización do equipamento xeral do centro: administración-secretaría, espacios comúns, etc.
- Gastos de publicidade de tódalas ensinanzas impartidas no centro.
- Reparación e conservación de equipos e espacios comúns no centro.
- Gastos de administración-secretaría: material oficina, etc.
- Comunicacións: correos, fax, teléfono, mensaxería, etc.
- Subministros: auga, gas, gasóleo, electricidade, etc.
- Taxas e seguros.
- Gastos diversos xerais: vixilancia, limpeza, etc.
- Viaxe de alumnos de ensinanzas cofinanciadas e non cofinanciadas.

Un gasto é directo ou indirecto non en función do seu tipo, senón en función da relación do gasto coa acción cofinanciada, que pode ser directa cando é custo específico da ensinanza cofinanciada, ou indirecta cando é un custo común a tódalas ensinanzas.

Os custos comúns a varios ciclos (ou varias ensinanzas cofinanciadas) son custos directos dos ditos ciclos. Por exemplo: nun taller no que se imparten varios ciclos da familia de Electricidade e electrónica, os custos imputaríanse pola totalidade e proporcionalmente ós ciclos que imparten a formación no dito taller (criterio de proporcionalidade en función do número de alumnos de cada ensinanza cofinanciada). Os custos dun departamento ou seminario que só imparta materias en accións cofinanciadas tamén serían custos directos imputables proporcionalmente ós ciclos onde se imparten as ditas materias.

Se o centro só imparte ensinanzas cofinanciadas, como é o caso do IES Carlos Oroza, de Pontevedra, que só imparte ciclos formativos da familia de Hostalería e turismo, tódolos custos ou gastos serían directos ós ciclos (tendo en conta sempre

que sexan gastos necesarios para a impartición dos ciclos (por exemplo, o de mantemento do xardín non é necesario para a impartición dos ciclos). No resto de IES que imparten ensinanzas cofinanciadas (ciclos formativos, PGS, ensino de adultos, etc.) e ensinanzas non cofinanciadas (bacharelato, ESO, etc.) os gastos xerais do centro deben repartirse con base nun criterio razoable.

Do custo dun profesor que imparte 18 horas de docencia, das que 10 horas corresponden a ciclos formativos (ensino cofinanciada) e oito horas á ESO (ensino non cofinanciado), corresponde imputar ós ciclos como custo directo o 55% (10/18) da nómina e das cargas sociais do profesor.

Dun profesor que imparte 18 de docencia integramente en ESO (ensino non cofinanciado), non corresponde imputar custo ningún ó FSE.

O custo do persoal do servicio de limpeza, mantemento, vixilancia, etc., contratado polo instituto, se fora o caso, sería un gasto xeral, debido a que é común a tódalas ensinanzas. O servicio de limpeza realiza o seu traballo nas aulas comúns, aulas de ensinanzas cofinanciadas e non cofinanciadas, polo que correspondería imputa-lo custo do servicio como gasto indirecto con base nun cálculo proporcional.

A compra de papel para unha impresora de administración ou secretaría do centro é un gasto indirecto (imputable a tódalas ensinanzas); a compra de papel para unha impresora da aula de informática exclusiva para os alumnos do ciclo de "Xestión administrativa" é un gasto directo da dita ensinanza. Se a compra do papel se fai centralizada, é dicir, que se fai o pedido ou a compra para administración, para ensinanzas cofinanciadas e para ensinanzas non cofinanciadas, existen dúas posibilidades: ou ben ó realiza-lo reparto físico do papel, anotar na factura ou documento interno o seu destino, ou ben, face-lo seu reparto con base nalgún criterio razoable (consumo normal por departamento ou ensinanza, polo número de alumnos, polo número de aulas que o consuman, etc.).

Criterio de imputación de gastos indirectos

A imputación de gastos comúns non se fará proporcionalmente ó número de alumnos de cada un dos diferentes tipos de ensinanzas, senón que se ponderan determinadas ensinanzas, considerando que o custo dalgunhas é superior ó das outras.

Dado que para o cálculo do coeficiente cómpre ter en conta o número de alumnos matriculados en cada centro e que as xustificacións destes teñen que ser en dous períodos, calcularanse dous coeficientes, un para o período xaneiro-setembro e outro para outubro-decembro. O número de alumnos que hai que ter en conta para o primeiro período será o dos matriculados no curso que remata o ano

considerado e, para o segundo, os matriculados no curso que comeza nese mesmo ano.

Exemplo de cálculo do coeficiente de gastos indirectos:

A = alumnos de BUP/ESO/COU/bacharelato = 80 + 240 = 320
EA = alumnos de adultos = 20
FPI = alumnos FP 1° grao = 0
FPII = alumnos FP 2° grao = 80
PGS = alumnos de programas de garantía social = 30
M = alumnos de módulos de nivel 2 e 3 = 0
CF = alumnos de ciclos formativos de graos medio e superior = 150
Total de alumnos = 600

Custos unitarios: x = custo de alumno de A o EA
1,5x = custo de alumno de FPI e de PGS
2x = custo de alumno de FP II
4x = custo de alumno dun ciclo formativo

$$\text{Coeficiente} = \frac{EA + 1{,}5PGS + 4M + 4CF}{A + EA + 1{,}5FPI + 2FPII + 1{,}5PGS + 4M + 4CF} = \frac{20 + (1{,}5x30) + (Mx0) + (4x150)}{320 + 20 + (2x80) + (1{,}5x30) + (4x150)} = \mathbf{0{,}58}$$

Imputación dunha factura de enerxía eléctrica no período xaneiro-setembro:
Importe factura x 0,58 = 253.000 pesetas x 0,58 = 146.740 pesetas.

Comentarios ó cálculo anterior:

Cabe mencionar que o coeficiente calculado é global (no exemplo, o 58% da factura); é dicir, imputable como gasto indirecto a tódalas ensinanzas cofinanciadas. Sería conveniente optar, unha vez calculado o coeficiente global, por repartilo individualmente ás ensinanzas cofinanciadas en función do seu número de alumnos, e non a partes iguais. No exemplo, de 146.740 pesetas (58%) entre, por exemplo, catro ciclos e un PGS que imparte o IES, imputaríase a cada ciclo unha quinta parte, por importe de 29.348 pesetas. Debido a que os ciclos con máis alumnos (ou con máis grupos) en principio deberían ter máis custo para xustificar, sería conveniente imputarlle un maior gasto a través do cálculo do coeficiente individual.

É dicir: factura por importe de 253.000 ptas.; coeficiente global de imputación como custo indirecto = 58%; importe do custo indirecto = 146.740 pesetas.

Total alumnos de ensinanzas cofinanciadas (segundo exemplo) = 200

Alumnos de ciclos = 150 alumnos.
Importe imputable como gastos indirecto a ciclos = 150/200 = 75% de 146.740 ptas. = 110.055 ptas.
Á súa vez, desagregámolo por ciclos: ciclo perruquería = 30 alumnos = 30/150 = 20% de 110.055 ptas.).

Alumnos PGS = 30
Importe imputable como gasto indirecto a PGS = 30/200 = 15% de 146.740 ptas.
Á súa vez, desagregariámolo por programas de garantía social se houbese máis dun programa.

Alumnos de ensinanza de adultos = 20
Importe imputable como gasto indirecto a EA = 20/200 = 10% de 146.740 ptas.

Unha vez establecido un criterio de imputación razoable, débese manter uniformemente ou de forma sistemática (principio contable de uniformidade); non é admisible varialo dun exercicio a outro en función de criterios non razoables e non xustificados.

Os custos indirectos (calculados) deben corresponder a uns custos reais que poidan ser contrastados mediante método verificable, e deben imputarse de forma equitativa, de acordo coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas. Os gastos indirectos deben estar contabilizados, igual cós gastos directos, de xeito claro e transparente, que permita relaciona-los documentos xustificativos coas accións realizadas. O problema para o seu rexistro contable en soporte dun programa contable é que unha factura de gastos indirectos se reparte entre distintas ensinanzas e habería que realizar numerosos asentos para a súa contabilización por ensinanza. Nas páxinas seguintes deseñamos unha folla en soporte de aplicación informática “Excel” para facilita-lo cálculo do coeficiente xeral e individual dos gastos indirectos e, ademais, un cadro detalle de imputación de gastos indirectos ás ensinanzas cofinanciadas (ámbalas dúas xúntanse en disquete no anexo), como soporte contable auxiliar verificable dos gastos indirectos imputados.

CÁLCULO DO COEFICIENTE DE IMPUTACIÓN DE GASTOS INDIRECTOS:

Período: Xaneiro-Setembro do ano 2001

Alumnos matriculados ó inicio do curso 2000-2001:

	número de alumnos	Ponderación custes s/ ensinanza	Importes ponderados	Coeficiente xeral	Coeficiente individual
Ensinanzas cofinanciadas:					
CICLOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR:					
EQUIPOS E INSTALAC. ELECTROTÉCNICAS =	35	4	140		23,14%
XESTIÓN ADMINISTRATIVA =	24	4	96		15,87%
CARROCERÍA =	18	4	72		11,90%
DES. E APLICACIÓN DE PROX. CONSTRUC. =	38	4	152		25,12%
SOLDADURA E CALDERERÍA =	19	4	76		12,56%
EDUCACIÓN ADULTOS (NIVEL III) =	37	1	37		6,12%
PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL (PGS)=	14	1,5	21		3,47%
ENSEÑANZAS DE ADULTOS (BAC.)	11	1	11		1,82%
OUTROS =					0,00%
total alumnos ensinanzas cofinanciadas	**196**		**605**		100,00%
Ensinanzas non cofinanciadas:					
ESO =	210	1	210		
BACHARELATO =	200	1	200		
FPI =	74	1,5	111		
FPII =	312	2	624		
OUTROS =					
total alumnos ensinanzas non cofinanciadas	**796**		**1.145**		
	COEFICIENTE XERAL =			34,57%	

Período: Outubro-Decembro do ano 2001

Alumnos matriculados ó inicio do curso 2001-2002:

	número de alumnos	Ponderación custes s/ ensinanza	Importes ponderados	Coeficiente xeral	Coeficiente individual
Ensinanzas cofinanciadas:					
CICLOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR:					
EQUIPOS E INSTALAC. ELECTROTÉCNICAS =	30	4	120		19,40%
XESTIÓN ADMINISTRATIVA =	26	4	104		16,81%
CARROCERÍA =	24	4	96		15,52%
DES. E APLICACIÓN DE PROX. CONSTRUC. =	35	4	140		22,64%
SOLDADURA E CALDERERÍA =	20	4	80		12,93%
EDUCACIÓN ADULTOS (NIVEL III) =	39	1	39		6,31%
PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL (PGS)=	17	1,5	26		4,12%
ENSEÑANZAS DE ADULTOS (BAC.)	14	1	14		2,26%
OUTROS =					0,00%
total alumnos ensinanzas cofinanciadas	**205**		**619**		100,00%
Ensinanzas non cofinanciadas:					
ESO =	200	1	200		
BACHARELATO =	198	1	198		
FPI =	65	1,5	98		
FPII =	240	2	480		
OUTROS =					
total alumnos ensinanzas non cofinanciadas	**703**		**976**		
	COEFICIENTE XERAL =			38,80%	

Fonte de datos e explicación dos cálculos:

Número de alumnos: sacámolos das listas de alumnos matriculados, para o período xaneiro-setembro os alumnos matriculados ó inicio do curso que remata neste período, para o período outubro-decembro, os alumnos matriculados no curso que comeza neste período.

Ponderación de custes: en función da ensinanza, segundo circular 13/2000, baseándose en que os ciclos formativos consumen máis gastos xerais, electricidade, etc. que outras ensinanzas que non teñen tantas prácticas

Importes ponderados: resulta de multiplica-la columna de n° de alumnos pola ponderación de custes por ensinanza.

Coeficiente xeral: resulta de dividi-lo total dos importes ponderados das ensinanzas cofinanciadas entre o total dos importes ponderados de tódalas ensinanzas (cofinanciadas e non cofinanciadas)

Coeficiente individual: resulta de dividi-lo total do importe ponderado de cada ensinanza cofinanciada individual entre o total do importe ponderado de tódalas ensinanzas cofinanciadas.

IES: _____

Realizado por: _____

Exercicio: _____

EXEMPLO DE DISTRIBUCIÓN GASTOS INDIRECTOS DE FUNCIONAMENTO POR ENSINANZA:

PERÍODO XANEIRO A SETEMBRO de 2001:

Factura/concepto de gasto	Importe factura	Coefic. Xeral	Gasto imputable	Equipos e instal. electrotécnicas	Xestión Administrativa	Carrocería	Des. e aplic. prox. construcc.	Soldadura e Calderería	Ed. adultos Nivel III	Inic. Electr. (PGS)	Ed. Adultos Bac.	Total
Coeficiente individual por enseñanza **(*)**:				23,14%	15,87%	11,90%	25,12%	12,56%	6,12%	3,47%	1,82%	100,00%
Reparación e Conservación												
Montaxes Macia	89.697	34,57%	31.010	7.176	4.921	3.690	7.791	3.895	1.896	1.076	564	31.010
Material de oficina:												
Electrónica Calderón, s.l.	102.048	34,57%	35.279	8.164	5.598	4.199	8.864	4.432	2.158	1.225	641	35.279
Subministros:												
Begasa	207.652	34,57%	71.788	16.612	11.391	8.543	18.036	9.018	4.390	2.492	1.305	71.788
Comunicacións:												
Telefónica	28.285	34,57%	9.779	2.263	1.552	1.164	2.457	1.228	598	339	178	9.779
Gastos diversos:												
El Progreso	47.250	34,57%	16.335	3.780	2.592	1.944	4.104	2.052	999	567	297	16.335
Amortización bens inventariables (&):												
Escritorios oficina secretaría	350.000	34,57%	12.100	2.800	1.920	1.440	3.040	1.520	740	420	220	12.100
	824.932		**176.291**	40.795	27.973	20.980	44.291	22.146	10.781	6.119	3.205	**176.291**

EXEMPLO DE DISTRIBUCIÓN GASTOS INDIRECTOS DE FUNCIONAMENTO POR ENSINANZA:

PERÍODO OUTUBRO A DECEMBRO de 2001:

Factura/concepto de gasto	Importe factura	Coefic. xeral	Gasto imputable	Equipos e instal. electrotécnicas	Xestión Administrativa	Carrocería	Des. e aplic. prox. construcc.	Soldadura e Calderería	Ed. adultos Nivel III	Inic. Electr. (PGS)	Ed. Adultos Bac.	Total
Coeficiente individual por enseñanza (*):				19,40%	16,81%	15,52%	22,64%	12,93%	6,31%	4,12%	2,26%	100,00%
Reparación e Conservación												
Montaxes Macia	65.800	38,80%	25.532	4.954	4.293	3.963	5.779	3.302	1.610	1.053	578	25.532
Material de oficina:												
Electrónica Calderón, s.l.	98.000	38,80%	38.026	7.378	6.394	5.902	8.607	4.918	2.398	1.568	861	38.026
Subministros:												
Begasa	189.000	38,80%	73.335	14.228	12.331	11.383	16.600	9.486	4.624	3.024	1.660	73.335
Comunicacións:												
Telefónica	44.285	38,80%	17.183	3.334	2.889	2.667	3.890	2.223	1.084	708	389	17.183
Gastos diversos:												
El Progreso	36.250	38,80%	14.066	2.729	2.365	2.183	3.184	1.819	887	580	318	14.066
Amortización bens inventariables (&):												
Canon-Fotocopiadora para secretaría	500.000	38,80%	29.101	5.646	4.893	4.517	6.587	3.764	1.835	1.200	659	29.101
	933.335		**197.243**	38.269	33.166	30.615	44.647	25.512	12.437	8.132	4.465	**197.243**

Explicacións:

(*) Ver folla de cálculo de coeficiente de imputación de gastos indirectos

(&) Para o cálculo do gasto imputable; o coeficiente xeral multiplícase pola amortización anual.

3. ALTERNATIVAS Á COMPRA DIRECTA DE EQUIPAMENTO

CAPÍTULO 3

3. ALTERNATIVAS Á COMPRA DIRECTA DE EQUIPAMENTO: ALUGAMENTO PURO OU SIMPLE, LEASING E RENTING

A compra de equipamento non é cofinanciada polo FSE, se é cofinanciado o gasto que corresponde á amortización anual do dito equipamento, polo que a compra directa ten que financiarse pola parte que excede da amortización anual (gasto elixible), con cargo a fondos da Consellería de Educación destinados para gastos de funcionamento xeral e de ensinanzas non cofinanciadas do exercicio, restándose no orzamento de gastos delas. Se os equipos se financian con cargo ó FSE estaríanse imputando gastos non elixibles (pola diferencia entre o prezo de compra e a amortización anual) e estaríase asumindo o risco de ter que reintegrar esa diferencia correspondente a gastos non elixibles.

As alternativas á compra directa de equipamento son:

1. Mediante financiamento externo:

   Renting.
   Leasing.
   Financiamento normal: préstamo ou crédito.

2. Sen financiamento externo: aluga-los equipos polo período que dure a ensinanza.

Previamente, relacionamos e definímo-los conceptos das alternativas á compra directa de equipamento, para despois analizalos con máis detalle:

Renting: é un contrato mercantil de arrendamento de bens mobles, por un tempo e prezo certo, contratando o arrendatario ademais do uso do ben unha serie de servicios complementarios (mantemento, seguro, substitución en caso de avaría, etc.), no que non existe opción de compra, se ben en ocasións os bens obxecto destes contratos son adquiridos polo arrendatario ó final dos citados contratos por un prezo aproximado ó valor residual do ben. A cota mensual inclúe o custo do ben, xuro financeiro, seguro e mantemento (opcional).

Arrendamento financeiro ("leasing"): é un contrato de arrendamento financeiro entre unha sociedade de leasing, arrendador, propietario do ben, que lle permite ó arrendatario a súa utilización (cesión de uso), durante un período fixo de tempo, mediante o pagamento periódico dunha determinada cota, que inclúe o custo do ben e unha carga financeira e, unha vez finalizado o dito período, a disposición dunha opción de compra sobre o dito ben.

Arrendamento puro: é aquel no que unha das partes se obriga a darlle a outra o uso dun ben por tempo determinado e prezo certo. Xa que logo, non existe unha opción de compra.

Financiamento normal (préstamo ou crédito): solicitamos a unha entidade financeira un préstamo ou crédito por un importe que se deberá devolver nun prazo e modo establecidos previamente, e polos que haberá que soportar un custo financeiro ó pagar xuros.

Características do renting:

- O ben é propiedade da empresa de renting.
- Pódese contratar unha opción de compra sobre os bens ó remata-lo contrato.
- Ten un custo financeiro arredor do 7%, dependendo da cantidade contratada. É arredor do 9% para pequenas cantidades (de 1.000 a 3.000 euros aproximadamente) e, a partir de 6.000 euros, baixa significativamente.
- É obrigatorio contratar un seguro sobre o ben, que representa 4 ou 5 euros máis na cota.
- Pódese contratar todo tipo de bens mobles: maquinaria, equipos informáticos, equipos electrónicos, fotocopiadora, fax, etc.
- Os prazos dos contratos van de 2 a 5 anos.
- As cotas son pospagables.

Vantaxes:

- ✓ O IES non soporta un desembolso inicial moi forte polo custo total dos bens adquiridos, e permite destinar ese diñeiro liberado a adquirir máis equipamento; é dicir, aumenta a capacidade adquisitiva.
- ✓ Permite cambia-los equipos cada tres ou catro anos, ou no prazo elixido.
- ✓ É elixible, do total do custo das cotas pagas, a parte da cota que corresponde á recuperación do custo do ben ou valor do ben.
- ✓ A xestión da compra, actualización, recompra e retirada dos equipos é sinxela, e permite ter un equipamento sempre actualizado.

O inconveniente do renting é que só é elixible a parte da cota que corresponde á recuperación do custo do ben ou valor do ben. Os demais gastos vinculados ó contrato (xuros financeiros, IVE e seguro obrigatorio) non son gastos subvencionables, e estes deben ser financiados con cargo ás transferencias da Consellería para gastos de funcionamento xerais (ver apdo. 1.4, ficha n° 20).

Convén establece-lo prazo do contrato de renting en función da vida útil estimada do ben obxecto do contrato (ver apdo. 1.4, ficha n° 20).

Características do leasing:

Similares ás do renting, coas seguintes particularidades:

- Ó finaliza-lo contrato o ben é propiedade do arrendatario, se el mesmo exerce a opción de compra.
- Non é obrigatorio contratar un seguro sobre o ben.
- As cotas son prepagables.
- Inclúe comisión de apertura.

Canto ás vantaxes son iguais cás mencionadas para o renting, agás no referente á súa xestión administrativa (solicitude, actualización, renovación e retirada de equipos), que non é tan sinxela como no renting.

O inconveniente que ten o leasing, igual có renting, é que a comisión de apertura, os xuros e o IVE non son elixibles, e estes deben ser financiados con cargo ás transferencias da Consellería para gastos de funcionamento xerais (ver apdo. 1.4, ficha n° 20).

Os contratos de arrendamento financeiro deben incluír unha opción de compra ou que se estableza un período mínimo de arrendamento igual á vida útil do activo ó que o contrato se refire (ver apdo. 1.4, ficha n° 20).

Documentación necesaria para a solicitude dun renting:

1) Fotocopia do CIF.
2) DNI do apoderado do centro (director).
3) Acta do Consello Escolar do acordo de adquisición dos equipos obxecto de renting.
4) Fotocopia de cheque de conta corrente para domiciliación de pagamentos.

Financiamento normal. O financiamento normal mediante préstamo ou crédito para a adquisición de equipos, ó non estar vinculado directamente ó equipamento adquirido (por un contrato), como é o caso do renting ou do leasing, tería o mesmo tratamento canto á súa elixibilidade cós equipos comprados directamente e sen financiamento. Só desde o punto de vista financeiro, e non desde o da súa elixibilidade, sería interesante a vía de financiamento normal; é dicir, no caso de que se necesitara adquirir un equipamento e o centro non dispuxera de tesourería para facer fronte a el podería cuestionarse a solicitude dun préstamo ou crédito.

Alugamento puro ou normal. O custo mensual do alugamento dun equipo novo é moi superior ó custo da súa adquisición mediante compra directa, renting e leasing. O alugamento normal só é unha opción para ter en conta se é para un período de tempo moi curto, motivado por unha necesidade concreta, para a que podería optarse por alugar un equipo clónico ou usado que teña un custo sensiblemente inferior ó do alugamento dun equipo novo, como o que figura no cadro comparativo de alternativas á compra. A vantaxe do alugamento puro é que as cotas pagadas son elixibles na súa totalidade, pero se este é durante un período de tempo longo, desde o punto de vista de eficiencia de recursos económicos (o prezo pagado supera excesivamente o valor comercial do ben), que é un aspecto para valorar nun control financeiro, sería cuestionable a súa elixibilidade.

ANÁLISE COMPARATIVA DAS ALTERNATIVAS Á COMPRA DIRECTA: RENTING E ALUGUER SIMPLE

Características do elemento:

Descripción do equipo:
.- 5 Ordenadores para a aula de informática do ciclo XXXX
.- Prezo de mercado de 5 ordenadores Compaq = 6.100,37 euros (con I.V.E. = 7.076,43 euros)

Modelo:
Evo D300 DT/P4 1,6 Ghz / 128 Mb / 20Gb / nVidia 16 Mb / CD / Win98
Monitor V570, 15", MPR-II, color carbón plata

Condiciones do contrato de renting:

.- Período de financiación igual á vida útil estimada do ben = 4 anos; Tipo de Interese = 7%

	COMPRA DIRECTA				RENTING/leasing				ALUIGER PURO OU NORMAL			
	Custe ano	Custe total elexible ano	Custe total 4 anos	Custe total elexible	Custe ano	Custe total elexible ano	Custe total 4 anos	Custe total elexible	Custe 1° ano	Custe total elexible ano	Custe total 4 anos	Custe total elexible
CUOTA:												
Amortización	6.100,37	1.525,09	6.100,37	6.100,37	1.396,03	1.396,03	6.100,37	6.100,37	17.400,00	17.400,00	69.600,00	69.600,00
Intereses	0,00	0,00	0,00	0,00	346,05	0,00	870,67	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Seguro	54,00	54,00	216,00	216,00	54,00	0,00	216,00	0,00	54,00	54,00	216,00	216,00
Mantenimiento	56,28	56,28	225,12	225,12	56,28	56,28	225,12	225,12	56,28	56,28	225,12	225,12
IVE	976,06	244,02	976,06	976,06	287,88	0,00	1.151,52	0,00	2.784,00	2.784,00	11.136,00	11.136,00
Custe de oportunidade	0,00	0,00	575,52	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Valor residual ós 4 anos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	**7.186,71**	**1.879,39**	**8.093,07**	**7.517,55**	**2.140,24**	**1.452,31**	**8.563,68**	**6.325,49**	**20.294,28**	**20.294,28**	**81.177,12**	**81.177,12**

.- Mellor opción a compra directa en canto ó custe total pagado, que é de 470,61 euros (8.093,07 - 8.563,68) menos que mediante o renting
(diferencia negativa polo custe de oportunidade na compra directa e positiva polo custe dos intereses que soporte o renting) e en canto ó custe total elexible que é do 93% do custe total (sería do 100% sen o custe de oportunidade), no renting o custe elexible é do 73%

.- A ventaxe do renting é de carácter financiero, xa que, non requiere o desembolso inicial do total do prezo do ben como no caso da compra directa, e o seu pago realízase en cuotas mensuais ó longo da duración do contrato.

.- A opción do aluguer normal a longo prazo queda excluída, xa que, o custe económico supera excesivamente o valor comercial do ben.

ANALISE COMPARATIVA DAS ALTERNATIVAS Á COMPRA DIRECTA: RENTING E ALUGUER SIMPLE

.- Non incluimos neste comparativo o leasing debido a que as condicións financeiras son similares ó renting, coa diferencia que o equipo ó final do contrato, se se exercita a opción de compra, quédase con el o arrendatario (IES), e no renting é opcional, ademais, no leasing as cuotas son prepagables e no renting postpagables, tamén, no contrato de leasing non se inclúe obrigatoriamente o seguro, e por último, o contrato de leasing leva comisión de apertura e o de renting non.

Explicacións:

tercer e cuarto ano os intereses van diminuíndo e a amortización aumentando.

Custe de oportunidade:
Se compramos directamente temos que desembolsa-la cantidade de 7.076,453 euros que non podemos destinar á adquisición doutros bens. O custe de oportunidade valorase da seguinte forma; o rendemento do capital non invertido na compra calculado aplicando o interese do euribor (no noso caso o 4% sobre o capital non invertido na compra (7.076,43 menos as cuotas de renting)

Características do contrato de Renting:
.- No renting o seguro é obrigatorio contratarlo e se inclúe na cuota (supón un custe de 4 ou 5 euros de incremento na cuota)
.- A garantía ou mantemento é opcional, os equipos veñen cunha garantía de 1 ano, e ó contratar 3 anos de garantía supón un custe aproximado de 56 euros.
.- É convinte non vincula-lo contrato os custes de garantía e de mantemento dos equipos, debido a que, só é elexible a parte da cuota que corrresponde ó valor do ben, o resto de gastos vinculados ó contrato non son elexibles.
.- O renting pódese contratar coa opción de compra ó final do contrato. O normal é que ó final dos 4 anos os equipos estean obsoletos e se contrate un novo renting.

9%, para a compra de equipos a partir dun importe aproximado de 6.000 euros o custe financeiro pasa ó 7,5% e cara abaixo.
.- Pódese contratar calquera tipo de equipamento; equipos informaticos, fotocopiadoras, fax, maquinaria, etc.
.- Os prazos dos contratos son normalmente de 2 a 5 anos.

Ventaxas do renting:
1.- Son elexibles do total das cuotas mensuais do renting, a parte que corresponde á recuperación do custe ou valor do ben.

financia-lol resto con cargo ós presupostos da Consellería para gastos de funcionamiento xerais, se os financiamos ou imputamos con cargo ó FSE estaríase imputando un gasto non elexible, polo exceso da amortización anual, co risco de reintegro ó FSE de dito exceso de imputación.
3.- Además nesta modalidade de contratación de equipos o desembolso ou os pagos mensuais polo importe das cuotas son máis asequibles, e non como na compra directa que hai que afrontar un desembolso elevado no momento da compra dos equipos, o que nos permitiría destinar ese diñeiro non desembolsado na compra

co diñeiro que non desembolsamos dunha vez na compra directa.
4.- A renovación de equipos faríase automática ó vencimento do contrato, cun novo renting, o que permite ter un equipamento sempre actualizado.

Inconvinte do renting:
Só é elexible a parte da cuota que corresponde á recuperación do custe do ben, os demais gastos vinculados ó contrato: intereses, I.V.E. e o seguro obrigatoriao non son gastos elexibles, deben financiarse co presupuesto da Consellería para os gastos xerais.

Fonte de información do Renting: Microgal (equipos informáticos) e Hispamer (servicios financeiros)

Adxuntamos cadro de amortización do renting.

Data: 01/01/2002 Identificación: MANUAL FSE 2002 Moeda: Euro
Valor do ben: 6.100,37 € Prazo anos: 4 Períodos: 48 Periodicidade: Mensual Seguro anual: 54,00
Valor residual: 0,00 Tipo xuro: 7,00000 Tipo de IVE: 16,00 Mantemento anual: 56,33

Informe renda e IVE de leasing operativo e renting

Nº pereríodo	Data	Cota	IVE	Total a pagar
	01/02/2002	154,42	23,99	178,41
2	01/03/2002	154,42	23,99	178,41
3	01/04/2002	154,42	23,99	178,41
4	01/05/2002	154,42	23,99	178,41
5	01/06/2002	154,42	23,99	178,41
6	01/07/2002	154,42	23,99	178,41
7	01/08/2002	154,42	23,99	178,41
8	01/09/2002	154,42	23,99	178,41
9	01/10/2002	154,42	23,99	178,41
10	01/11/2002	154,42	23,99	178,41
11	01/12/2002	154,42	23,99	178,41
12	01/01/2003	154,42	23,99	178,41
13	01/02/2003	154,42	23,99	178,41
14	01/03/2003	154,42	23,99	178,41
15	01/04/2003	154,42	23,99	178,41
16	01/05/2003	154,42	23,99	178,41
17	01/06/2003	154,42	23,99	178,41
18	01/07/2003	154,42	23,99	178,41
19	01/08/2003	154,42	23,99	178,41
20	01/09/2003	154,42	23,99	178,41
21	01/10/2003	154,42	23,99	178,41
22	01/11/2003	154,42	23,99	178,41
23	01/12/2003	154,42	23,99	178,41
24	01/01/2004	154,42	23,99	178,41
25	01/02/2004	154,42	23,99	178,41
26	01/03/2004	154,42	23,99	178,41
27	01/04/2004	154,42	23,99	178,41
28	01/05/2004	154,42	23,99	178,41
29	01/06/2004	154,42	23,99	178,41
30	01/07/2004	154,42	23,99	178,41
31	01/08/2004	154,42	23,99	178,41
32	01/09/2004	154,42	23,99	178,41
33	01/10/2004	154,42	23,99	178,41
34	01/11/2004	154,42	23,99	178,41
35	01/12/2004	154,42	23,99	178,41
36	01/01/2005	154,42	23,99	178,41
37	01/02/2005	154,42	23,99	178,41
38	01/03/2005	154,42	23,99	178,41
39	01/04/2005	154,42	23,99	178,41
40	01/05/2005	154,42	23,99	178,41
41	01/06/2005	154,42	23,99	178,41
42	01/07/2005	154,42	23,99	178,41
43	01/08/2005	154,42	23,99	178,41
44	01/09/2005	154,42	23,99	178,41
45	01/10/2005	154,42	23,99	178,41
46	01/11/2005	154,42	23,99	178,41
47	01/12/2005	154,42	23,99	178,41
48	01/01/2006	154,42	23,99	178,41
	Totais	**7.412,16**	**1.151,52**	**8.563,68**

Data: 01/01/2002 Identificación: MANUAL FSE 2002 Moeda: Euro
Valor do ben: 6.100,37 € Prazo anos: 4 Períodos: 48 Periodicidade: Mensual Seguro anual: 54,00
Valor residual: 0,00 Tipo xuro: ,.00000 Tipo de IVE: 16,00 Mantemento anual: 56,33

Informe detalle de leasing operativo e renting

Nº per.	Data	Pendente	Amortización	Xuros	Xuros res.	Mantemento	Seguro	Cota	IVE	Total a pagar
1	01/02/2002	6.100,37	145,23	0,00	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
2	01/03/2002	5.955,14	110,49	34,74	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
3	01/04/2002	5.844,65	111,14	34,09	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
4	01/05/02	5.733,51	111,78	33,45	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
5	01/06/02	5.621,73	112,44	32,79	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
6	01/07/02	5.509,29	113,09	32,14	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
7	01/08/02	5.396,20	113,75	31,48	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
8	01/09/02	5.282,45	114,42	30,81	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
9	01/10/02	5.168,03	115,08	30,15	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
10	01/11/02	5.052,95	115,75	29,48	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
11	01/12/02	4.937,20	116,43	28,80	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
12	01/01/03	4.820,77	117,11	28,12	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
13	01/02/03	4.703,66	117,79	27,44	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
14	01/03/03	4.585,87	118,48	26,75	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
15	01/04/03	4.467,39	119,17	26,06	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
16	01/05/03	4.348,22	119,87	25,36	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
17	01/06/03	4.228,35	120,56	24,67	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
18	01/07/03	4.107,79	121,27	23,96	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
19	01/08/03	3.986,52	121,98	23,25	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
20	01/09/03	3.864,54	122,69	22,54	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
21	01/10/03	3.741,85	123,40	21,83	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
22	01/11/03	3.618,45	124,12	21,11	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
23	01/12/03	3.494,33	124,85	20,38	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
24	01/01/04	3.369,48	125,57	19,66	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
25	01/02/04	3.243,91	126,31	18,92	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
26	01/03/04	3.117,60	127,04	18,19	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
27	01/04/04	2.990,56	127,79	17,44	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
28	01/05/04	2.862,77	128,53	16,70	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
29	01/06/04	2.734,24	129,28	15,95	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
30	01/07/04	2.604,96	130,03	15,20	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
31	01/08/04	2.474,93	130,79	14,44	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
32	01/09/04	2.344,14	131,56	13,67	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
33	01/10/04	2.212,58	132,32	12,91	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41

Data: 01/01/2002 Identificación: MANUAL FSE 2002 Moeda: Euro
Valor do ben: 6.100,37 € Prazo anos: 4 Períodos: 48 Periodicidade: Mensual Seguro anual: 54,00
Valor residual: 0,00 Tipo xuro: ,.00000 Tipo de IVE: 16,00 Mantemento anual: 56,33

Informe detalle de leasing operativo e renting

Nº per.	Data	Pendente	Amortización	Xuros	Xuros res.	Mantemento	Seguro	Cota	IVE	Total a pagar
34	01/11/04	2.080,26	133,10	12,13	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
35	01/12/04	1.947,16	133,87	11,36	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
36	01/01/05	1.813,29	134,65	10,58	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
37	01/02/05	1.678,64	135,44	9,79	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
38	01/03/05	1.543,20	136,23	9,00	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
39	01/04/05	1.406,97	137,02	8,21	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
40	01/05/05	1.269,95	137,82	7,41	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
41	01/06/05	1.132,13	138,63	6,60	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
42	01/07/05	993,50	139,43	5,80	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
43	01/08/05	854,07	140,25	4,98	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
44	01/09/05	713,82	141,07	4,16	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
45	01/10/05	572,75	141,89	3,34	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
46	01/11/05	430,86	142,72	2,51	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
47	01/12/05	288,14	143,55	1,68	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
48	01/01/06	144,59	144,59	0,64	0,00	4,69	4,50	154,42	23,99	178,41
			6.100,37	**870,67**	**90,00**	**225,12**	**216,00**	**7.412,16**	**1.151,52**	**8.563,68**

4. CONTABILIDADE DE GASTOS

CAPÍTULO 4

4. CONTABILIDADE DE GASTOS COFINANCIADOS POLO FSE. DESEÑO DUN SISTEMA CONTABLE

4.1. Cadro de contas

4.2. Fichas individuais de contas: definicións e relacións contables

4.3. Fichas individuais de contas: definicións e relacións contables

4.4. Sistema alternativo contable (relación detallada) en soporte distinto ó do programa informático de contabilidade

4.1. CADRO DE CONTAS (PLAN CONTABLE)

A normativa de xustificación de gastos do FSE esixe que se leve un sistema de contabilidade de gastos separado, de carácter analítico, para as actividades desenvolvidas cofinanciadas polo FSE. De seguido desenvólvese un plan contable para o rexistro de tódalas operacións relacionadas co FSE.

O plan contable que se propón está deseñado tendo en conta o tipo de actividade que desenvolven os centros de ensino e a información que interesa reflectir para cumprir coas obrigas contables esixidas pola normativa do FSE para a xustificación de gastos cofinanciados. Dentro dos gastos cofinanciados polo FSE interésanos diferencia-los gastos en equipamento dos gastos funxibles; tamén nos interesa diferencia-la categoría ou natureza do gasto (debido a que non tódolos tipos de gastos son elixibles). Ademais, importa tamén se o gasto é directo ou indirecto (pola distinta imputación que teñen segundo sexa dun tipo ou doutro), e todo iso clasificado por tipo de ensinanza (acción cofinanciada).

SISTEMA DE CODIFICACIÓN CONTABLE

Co sistema de codificación contable categorizámo-los gastos a distintos niveis, a través dos díxitos e da súa denominación. O nivel de desenvolvemento de códigos contables, como xa mencionamos, está en función da información que nos interesa obter.

A conta ou código contable e a súa denominación é a referencia identificativa do tipo de gasto imputado a unha determinada ensinanza.

Atendendo ó anterior, o plan contable clasificámolo, por exemplo, nos seguintes niveis (dependendo dos niveis de codificación que teña o programa contable que se vaia utilizar):

A nivel dun díxito (grupo) distinguimos se é un ben de equipo ou un gasto funxible.
A nivel de dous díxitos (subgrupo) bens cofinanciados polo FSE.
A nivel de tres díxitos (conta) se é imputable directa ou indirectamente.
A nivel de cinco díxitos (conta) concepto, natureza ou categoría de gasto.
A nivel de sete díxitos (subconta) a ensinanza á que corresponde o gasto.

A nivel de grupo (un díxito), ademais de bens de equipo (grupo 2) e de gastos funxibles (grupo 6), desenvólvense os seguintes grupos, para reflectir tódalas operacións relacionadas coa adquisición de bens e servicios, como son provedores (grupo 4), tesourería (grupo 5), e tamén os ingresos relacionados co FSE (grupo /), que se amosan de seguido:

O grupo 2 comprende os elementos do patrimonio (bens de equipo) destinados a servir de forma duradeira na actividade da empresa.

O grupo 6 comprende tódolos gastos elixibles do exercicio, que corresponden ós bens e servicios consumibles, as amortizacións de bens de equipo e as perdas por regularizacións e extraordinarias.

O grupo 4 recolle os provedores ou acredores por operacións de tráfico.

O grupo 5 reflicte a tesourería do centro, sen a dispoñibilidade en medios líquidos (caixa), ou os saldos a favor en contas correntes á vista de dispoñibilidade inmediata.

O grupo 7 comprende os ingresos por transferencias de recursos e subvencións; comprende tamén outros ingresos de xestión que puidera haber, ingresos financeiros e beneficios extraordinarios.

GRUPO 2

BENS DE EQUIPO (INMOBILIZADO MATERIAL E INMATERIAL)

COD. CTA.	SUBCTA.	DENOMINACIÓN
2		**EQUIPAMENTO (BENS INVENTARIABLES)**
2.2		**EQUIPAMENTO COFINANCIADO POLO FSE**
2.2.0		**BENS INVENTARIABLES DIRECTOS**
2.2.0.**00**		APLICACIÓNS INFORMÁTICAS
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.2.0.**01**		CONSTRUCCIÓNS (aulas e talleres)
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.2.0.**02**		INSTALACIÓNS TÉCNICAS
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.2.0.**03**		MAQUINARIA
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.2.0.**04**		ÚTILES INVENTARIABLES
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.2.0.**05**		ÚTILES PARA REGULARIZAR
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.2.0.**06**		OUTRAS INSTALACIÓNS
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.2.0.**07**		MOBLAXE
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
2.2.0.**08**		EQUIPAMENTOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*

COD. CTA.	*SUBCTA.*	*DENOMINACIÓN*
2.2.0.**09**		PEZAS DE RECAMBIO PARA REGULARIZAR
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.2.0.**10**		EQUIPAMENTO PARA MONTAXE, SIMULACIÓN, INVENTARIABLE
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.2.0.**11**		OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.2.1		BENS INVENTARIABLES INDIRECTOS Ó FSE
	0000	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS
	0001	*CONSTRUCCIÓNS (espacios comúns)*
	0002	OUTRAS INSTALACIÓNS
	0002	MOBLAXE
	0004	EQUIPAMENTOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN
	0005	*OUTRO INMOBILIZADO*
2.8		DESAF. ACUM. EQUIPAMENTO COFINANCIADO. FSE
2.8.0		DESAF. ACUM. INMOBILIZADO DIRECTO Ó FSE
2.8.0.**00**		DESAF. ACUM. APLICACIÓNS INFORMÁTICAS
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.8.0.**01**		DESAF. ACUM. CONSTRUCCIÓNS
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.8.0.**02**		DESAF. ACUM. INSTALACIÓNS TÉCNICAS
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.8.0.**03**		DESAF. ACUM. MAQUINARIA
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.8.0.**04**		DESAF. ACUM. ÚTILES INVENTARIABLES
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*

COD. CTA.	*SUBCTA.*	*DENOMINACIÓN*
2.8.0.**06**		DESAF. ACUM. OUTRAS INSTALACIÓNS
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.8.0.**07**		DESAF. ACUM. MOBLAXE
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.8.0.**08**		DESAF.ACUM. EQUIPOS PROC. INFORMACIÓN
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.8.0.**09**		DESAF. ACUM. PEZAS DE RECAMBIO INVENTARIABLES
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.8.0.**11**		DESAF. ACUM. EQUIPOS PARA MONTAXE, ETC. INVENTARIABLE
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.8.0.**12**		DESAF. ACUM. OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
2.8.1		DESAF. ACUMULADO INMOBILIZADO INDIRECTO Ó FSE
	0000	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS
	0001	DESAF. ACUM. CONSTRUCCIÓNS
	0006	DESAF. ACUM. OUTRAS INSTALACIÓNS
	0007	DESAF. ACUM. MOBLAXE
	0008	DESAF. ACUM. EQUIPOS PROC. INFORMACIÓN
	0012	DESAF. ACUM. OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL

Non teñen conta de equipamento indirecto os seguintes elementos: maquinaria, instalacións técnicas, útiles e ferramentas e pezas de recambio. Isto débese a que normalmente son adquiridos como equipamento específico para as ensinanzas e, xa que logo, imputables directamente á ensinanza que o adquire, e non como un equipamento xeral do centro imputable a tódalas ensinanzas. Equipamento e pezas de recambio non teñen conta de amortización acumulada, xa que se regulariza contra unha conta de gastos.

GRUPO 6: GASTOS DE FUNCIONAMENTO

COD. CTA.	*SUBCTA.*	*DENOMINACIÓN*
6		**GASTOS**
6.0		**GASTOS DE FUNCIONAMENTO COFINANCIADOS FSE**
6.0.1		**GASTOS DIRECTOS**
6.0.1.0.**0**		REPARACIÓN E CONSERVACIÓN
	01	*C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*
	02	*C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS*
	03	*P.G.S. INICIACIÓN Á ELECTRÓNICA*
6.0.1.0.**1**		*MATERIAL DE OFICINA*
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.0.**2**		*SUBMINISTROS*
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.0.**3**		*COMUNICACIÓNS*
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.0.**4**		*TRANSPORTES*
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.0.**5**		*RETRIBUCIÓN EXPERTOS (FORMACIÓN PROFESORADO)*
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.0.**6**		*GASTOS DIVERSOS*
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.0.**7**		AMORTIZACIÓN ANUAL DE BENS DE EQUIPO
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.0.**8**		ARRENDAMENTO DE BENS DE EQUIPO
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.0.**9**		REGULARIZACIÓN ÚTILES
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.**10**		REGULARIZACIÓN PEZAS DE RECAMBIO
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.**11**		EQUIPAMENTO PARA MONTAXE, ETC. NON INVENTARIABLE
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS
6.0.1.**12**		PERDAS PROCEDENTES DE EQUIPOS INVENTARIABLES
	01	C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
	02	C.S. DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS

COD. CTA.	*SUBCTA.*	*DENOMINACIÓN*
6.0.2.		**GASTOS INDIRECTOS**
	0001	REPARACIÓN E CONSERVACIÓN
	0002	MATERIAL DE OFICINA
	0003	SUBMINISTROS
	0004	COMUNICACIÓNS
	0005	GASTOS DIVERSOS
	0006	*PRIMAS DE SEGUROS*
	0007	*GASTOS DE VIAXES*
	0008	AMORTIZACIÓN ANUAL DE EQUIPAMENTO
6.3		**GASTOS DE FUNCIONAMENTO NON COFINANCIADOS**
6.3.**0**		POR SEMINARIO E/OU DEPARTAMENTO
	0000	REPARACIÓN E CONSERVACIÓN
	0001	MATERIAL DE OFICINA
	0002	SUBMINISTROS
	0003	COMUNICACIÓNS
	0004	TRANSPORTES
	0005	RETRIBUCIÓN DE EXPERTOS
	0006	GASTOS DIVERSOS
	0007	PUBLICIDADE E PROPAGANDA
	0008	PRIMAS DE SEGUROS
	0009	GASTOS DE VIAXE
	0010	GASTOS FINANCEIROS
	9999	OUTROS GASTOS

GRUPO 4: PROVEDORES

COD. CTA.	**SUBCTA.**	**DENOMINACIÓN**
4		**PROVEDORES POR OPERACIÓNS DA ACTIVIDADE**
4.0.0.		PROVEDORES
	0001	PROVEDOR “XXXXX”

GRUPO 5: CONTAS FINANCEIRAS

COD. CTA.	*SUBCTA.*	*DENOMINACIÓN*
5		**CONTAS FINANCEIRAS**
5.7		**TESOURERÍA**
5.7.0.		CAIXA EUROS
	0001	CAIXA EUROS
5.7.2.		BANCOS C/C Á VISTA
	0001	BANCOS “XXX”- CTA. N° XXXX

GRUPO 7: INGRESOS

COD. CTA.	SUBCTA.	DENOMINACIÓN
7.0		**INGRESOS SUBVENCIÓNS DE GASTOS DE FUNCIONAMENTO**
7.0.1		CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
	0001	GASTOS DE FUNCIONAMENTO XERAIS
	0002	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
	0099	OUTROS CONCEPTOS
7.0.2		FONDO SOCIAL EUROPEO
	0001	GASTOS FUNCIONAMENTO FSE
	0002	FCT PRÁCTICAS FSE
	0003	ORIENTACIÓN
Conta contable/ Elemento	Valor Amortizable 31/12/02	Amortizac. exercicio 2002	Amortizac. Acumul. a 31/12/02	Amortizac. pendente 31/12/02
22001 CONSTRUCCIÓNS				
22003 MAQUINARIA				
22005 UTILLAXE				
22006 OTRAS INSTALACIÓNS				
22007 MOBILIARIO				
22008 EQUIPOS INFORMÁTICOS	7.076,43	2.653,66	2.653,66	4.422,77
22010 EQUIPOS PARA MONTAXE				
22011 OUTRO INMOVILIZADO MAT.				
221 EQUIPAMENTO INDIRECTO	3.396,69	1.273,76	1.273,76	2.122,93
TOTAIS	10.473,12	3.927,42	3.927,42	6.545,70

Explicación dos encabezamentos:

1.- **Ficha n°**: corresponde á numeración que fixamos ó confecciona-la ficha auxiliar de inmovilizado
2.- **Descripción**: breve descripción do elemento para a súa identificación, e pola categoria do elemento; maquinaria, mobiliario, equipos informaticos, etc.
3.- **Data de adquisición**: Data que figura no documento soporte da adquisición (ver apartado 2.1.)
4.- **Prezo de adquisición**: inclúe I.V.E. e demais custos de adquisición (ver apartado 2.1.)
5.- **Criterio de imputacion** (ver apartado 2.8.):
    1.- DIRECTO
    2.- INDIRECTO: en función do coeficiente de imputación calculado de gastos indirectos.
6.- **Valor amortizable**: normalmente corresponde co prezo de adquisición, nos bens indirectos aplicámo-lo coeficiente sobre o prezo de adquisición (ver apartados 2.2.)
7.- **Criterio de amortización aplicada** (ver apartado 2.2.):
    L= lineal
    D C=degresiva porcentaxe constante
    D S=degresiva suma de díxitos
    E = economica-técnica
8.- **Tipo de amortización**: en base ó criterio de amortización (ver apartado 2.2.)
9.- **Amortización do exercicio**: corresponde á dotación anual por amortización do exercicio (prezo de adquisición multiplicado polo coeficiente de amortización).
10.- **Amortización acumulada**: é a suma das amortizacións anuais a unha data.
11.- **Amortización pendente**:Valor neto contable, é dicir, a diferencia entre o prezo de adquisición ou, no seu caso, valor amortizable e a amortización acumulada á data.

Nota: xúntase ficha, inventario e cadro de amortización en disquete, en formato Excel (versión Microsoft Office 2000).

5.4. Táboa fiscal de amortización e coeficientes de amortización usuais

A táboa de coeficientes de amortización (anexo RIS aprobado polo RD 537/1997, actualizadas as actividades de explotación agrícola e servicios portuarios no RD 215/1999 e 3472/2000 respectivamente) caracterízase porque os elementos se clasifican en función da **actividade desenvolvida** pola sociedade, excepto polo que se refire a determinados elementos que se consideran comúns a calquera actividade, os que están relacionados de forma independente (por actividades) na dita táboa. Unha vez determinado o elemento na correspondente actividade, ou que se trate dun elemento dos comúns, a táboa fixa un coeficiente lineal máximo de amortización e outro mínimo en función do período máximo de amortización establecido nela, de xeito que a utilización de calquera coeficiente comprendido entre ámbolos dous responde á depreciación efectiva do elemento para efectos fiscais, polo que é deducible (elixible, no noso caso) o importe da dita amortización sen necesidade de que o suxeito pasivo probe a **efectividade da depreciación**.

Se un elemento non estivese clasificado en ningunha das actividades, nin tampouco dentro dos comúns, establécese un coeficiente de amortización lineal máximo do 10% e un período máximo de amortización de 20 anos.

Os coeficientes de amortización de táboas teñen carácter anual; é dicir, o resultado de aplica-los coeficientes responde a períodos impositivos dun ano de duración, de xeito que se o inicio da amortización ten lugar unha vez comezado este, a amortización deducible (elixible, no noso caso) será a parte proporcional da utilización respecto á duración del ano natural.

Ó non figurar nas táboas fiscais un apartado específico para a actividade da ensinanza, buscarémo-los elementos utilizados da seguinte forma: primeiro en elementos comúns, onde figuran elementos comúns a calquera actividade; se non se atopa no apartado de elementos comúns, buscaremos noutras actividades relacionadas coa actividade de ciclo formativo correspondente ou nunha actividade que utilice ou poidan utiliza-los ditos elementos.

Por exemplo:

Nos ciclos formativos da familia profesional de Electrónica pódense atopar elementos específicos ou asimilables na agrupación “33: fabricación de material electrónico”.

Nos ciclos formativos da familia profesional de Comunicación, imaxe e son pódense atopar elementos específicos ou similares na agrupación “76: comunicacións”.

Nos ciclos formativos da familia profesional de Madeira e moble pódense atopar elementos específicos ou asimilables na agrupación “46: industria da madeira, cortiza e mobles de madeira”.

Nos ciclos formativos da familia profesional de Fabricación mecánica pódense atopar elementos específicos ou asimilables na agrupación “31: fabricación de productos metálicos”.

Nos ciclos formativos da familia profesional de Imaxe persoal pódense atopar elementos específicos ou asimilables na agrupación “942: salóns de perruquería e institutos de beleza”.

Nos ciclos formativos da familia profesional de Sanidade pódense atopar elementos na agrupación “92: sanidade e servicios veterinarios”.

Nos ciclos formativos da familia profesional de Hostalería e turismo pódense atopar elementos na agrupación “62: hostalería, restaurantes e cafés”.

Nos ciclos formativos da familia profesional de Téxtil, confección e pel pódense atopar elementos na agrupación “43: industria téxtil”.

De seguido realizamos un resumo de elementos comúns que atopamos nas revisións realizadas e os coeficientes máximos de amortización que lles corresponden segundo as táboas fiscais aprobadas polo Real decreto 537/1997.

ELEMENTO	ACTIVIDADE (s/táboas fiscais)	Coeficiente máximo	Vida útil
Equipos de proceso de información	Elementos comúns	25 %	4
Compoñentes informáticos (CD-Rom, monitor, procesador, disco duro, tarxeta gráfica, etc.)	Elementos comúns	25 %	4
Instalación en rede	Comunicacións	12%	18
Máquinas copiadoras e reproductoras (fotocopiadoras)	Elementos comúns	15 %	6.6
Impresoras	Elementos comúns	25 %	4
Videoproxector	Comunicacións	25 %	4
Sistemas e programas informáticos	Elementos comúns	33 %	3.03
Retroproxector	Comunicacións	20 %	5
Maquetas (motor enmaquetado, etc.)	Const. vehículos automóbiles	33 %	3.03
Moblaxe (armarios, mesas, cadeiras, soportes, etc.)	Elementos comúns	10 %	10
Seguridade, detección e extinción de incendios (alarmas, extintores, barreiras de seguridade, etc.)	Elementos comúns	12 %	8.3
Instalación eléctrica	Elementos comúns	8 %	12.5
Instalación de aire acondicionado, auga, vapor, calefacción, etc.	Elementos comúns	12 %	8.3
Amplificadores, caixas acústicas, mesa de mesturas, etc.	Comunicacións	20 %	5
Equipos de medición e control (compás, mira telescópica, flexómetro, etc.)	Comunicacións	18 %	5.5
Teléfono (sen fíos, fixo, móbil, etc.)	Elementos comúns	10 %	10
Equipos de laboratorio e ensaio (cubetas, microscopios, etc.)	Elementos comúns	15 %	6.6
Útiles e ferramentas (trade, etc.)	Elementos comúns	30 %	3.3
Útiles e ferramentas (gato hidráulico, chave impacto, carraca pneumática etc.)	Construcción de vehículos automóbiles	33%	3,3
Sistemas transporte e evacuación de pezas (desmontadora, etc.)	Construcción de vehículos automóbiles	12 %	8,3
Equipos de son	Comunicacións	20%	5
Equipos de proba (paquetes de domótica, adestradores polivalentes, etc.)	Const. de maquinaria e material eléctrico.	25 %	4
Máquinas de cortar, dobrar e curvar chapa (achafranadores, fresadores, etc.)	Fabricación de productos metálicos	12 %	8.3
Equipos de soldadura (soprete, tenaces analóxicas, manoreductor, etc.)	Fabricación de productos metálicos	15 %	6.6

ELEMENTO	ACTIVIDADE	Coeficiente máximo	Vida útil
Material de oficina (encadernador, etc.)	Elementos comúns	10 %	10
Maquinaria de cociña (electrodomésticos, etc.)	Hostalería, restaurantes e cafés	15 %	6.6
Cristalería	Hostalería, restaurantes e cafés	50 %	2
Vaixela e cubertos	Hostalería, restaurantes e cafés	25	4
Instalación de escaparates (simulación de escaparates, mostradores, etc.)	Comercio	12 %	8.3
Motores, bombas e similares (compresor, etc.)	Talleres de reparación de elementos de transporte	10%	10
Maquinaria en instalacións sanitarias (secador de mans, dosificador, etc.)	Hostalería, restaurantes e cafés	15%	6.6
Plotter	Elementos comúns	25%	4
Aparellos de medida (polímetro dixital, osciloscopio, etc.)	Producción, transp. e distrib. de enerxía eléctrica.	7%	14.3
Medidor de campo de TV	Radiocomunicacións, sistema de radiodifusión e televisión.	18%	5.5

6. CONTROL DE GASTOS

CAPÍTULO 6

CONTROL DE GASTOS

6. CONTROL DE GASTOS. Sistema de arquivo, visado e deseño doutra documentación soporte

6.1 Xeneralidades sobre control

6.2. Recomendacións e propostas de control interno

6.3. Deseño dun sistema de arquivo

6.4. Certificados (xustificante da imputación de equipamento como gasto)

6.1. Modelo de informe de control de gastos

6.2. Modelo de xustificante de gastos de viaxe

6.1. XENERALIDADES

Definición de control interno:
"O plan de organización e tódolos métodos e as medidas relacionados con el que son adoptados por unha organización para salvagarda-lo seu activo, comproba-la exactitude e a fiabilidade dos seus datos contables, promove-la súa eficiencia operativa e axudar ó cumprimento das directrices de xestión prescritas".

O control é necesario en toda a organización. Ademais, os centros públicos de ensino, ó seren perceptores de fondos estructurais, están suxeitos a unhas esixencias específicas canto á xustificación e o control dos gastos cofinanciados polos ditos organismos.

O sistema de control é un conxunto de procedementos e de accións.

Todo proceso de control nunha organización, e en concreto na xestión de compras e gastos cofinanciados polo FSE, require que toda a operación estea **autorizada** (pola persoa con poder), que a operación estea **rexistrada** (contabilidade) e que o ben estea **salvagardado** (física e documentalmente).

Autorización
As operacións realízanse conforme unha autorización xeral ou específica da dirección. Xa que logo, en toda a documentación soporte dos gastos cofinanciados, debe consta-la sinatura do director (como persoa que representa o centro) ou da persoa delegada por este (secretario).

Rexistro
As operacións rexístranse de xeito preciso:
Para permiti-la preparación das certificacións de gastos axustados á normativa aplicable.
Para mante-la salvagarda dos activos.

Acceso e responsabilidade de bens inventariables:
A custodia dos activos, libros e arquivos só está permitida conforme a autorización da dirección (director ou persoa en quen delegue).

A contabilidade dos activos compárase a intervalos razoables cos activos existentes e tómanse as medidas necesarias con respecto a calquera diferencia que poida xurdir.

Os controis realízanse co establecemento de políticas e procedementos, regulamento e normativa da organización dos centros (Decreto 324/1996), manual de procedementos (por exemplo o presente manual) e deseño dun sistema contable e auxiliar (capítulos 4 e 5 do presente manual), co visado de documentación e un sistema de arquivo.

As técnicas ou os procedementos de control consisten en asignar responsabilidades (autorización), un sistema contable e auxiliar (deseño dun

plan contable e de rexistros auxiliares), un sistema de arquivo (organización da documentación soporte) e un deseño de visado da documentación (constancia do control).

Respecto ós órganos de goberno do centro, vén regulado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, que son: o Consello Escolar, o equipo directivo, o director (representante do centro) ou o secretario (por delegación do director) e o xefe de departamento, no referente á autorización das operacións cofinanciadas.

6.2. Recomendacións e propostas de control interno

De seguido expóñense os posibles erros potenciais de control interno e os seus efectos, que poden orixinarse nas áreas relacionadas con compras e gastos. Ademais, formúlanse as recomendacións e as propostas para evitalos.

1- GASTOS E PROVEDORES

Tipo de erro potencial
Que non quede evidencia da revisión e aprobación dos gastos antes de efectua-lo seu pagamento.

Efecto que produce
Pagamento de gastos non autorizados e duplicados.
Facturas de gastos indirectos imputadas como gastos directos, e viceversa.
Facturas imputadas a ensinanzas distintas das que corresponden.
Facturas imputadas ó FSE e que non corresponden a gastos cofinanciados.

Recomendación
Quedaría evidencia da revisión e aprobación dos gastos antes de efectua-lo seu pagamento, por exemplo, estampando un selo na factura ou achegando unha folla informe de control que inclúa os seguintes conceptos: comprobación, autorización, cálculos, etc.
Para evitar pagamentos duplicados sería conveniente axuntar á factura o seu xustificante de pagamento unha vez que este se realizase.

Proposta de control interno

Os xustificantes dos gastos cofinanciados polo FSE levarían unha dilixencia, na que se constataran, por exemplo, os seguintes datos:

- Sinatura do responsable do departamento ou ciclo que solicita o gasto (solicitude do responsable do departamento da compra de material).
- Sinatura ou autorización do responsable do centro (director e/ou secretario)
- Datos identificativos da factura autorizada.

- Achegar á factura o seu albará, orzamento, etc., e o xustificante de pagamento correspondente.
- Localización e identificación dos bens do investimento, para poder determinar adecuadamente a súa amortización.

*Véxase modelo de **informe de control de gastos** no apartado 6.5.*

2- EQUIPAMENTO

Tipo de erro potencial
Que non se confeccione un inventario de inmobilizado, nin fichas individuais de amortización.

Efecto que produce
Non existe control dos bens inventariables.
Gastos non elixibles, debido a que se imputen ó FSE bens inventariables polo prezo de compra e non pola súa amortización anual.

Recomendación
Para o control do inmobilizado e das súas correspondentes amortizacións é necesario a implantación dun inventario de inmobilizado con fichas auxiliares individuais. Os ditos rexistros auxiliares incluirán tódolos datos correspondentes ó ben: número de ficha auxiliar, código contable, descrición, data e custo de adquisición, colocación, vida útil estimada, coeficiente de amortización, amortización anual, amortización acumulada, valor neto contable, etc.
Véxase o capítulo 5.

3- TESOURERÍA

Tipo de erro potencial
Que non se deixe constancia da realización de conciliacións bancarias e de arqueo de caixa.

O saldo de caixa era obxecto de arqueo cunha periodicidade mínima mensual, levantándose unha acta do arqueo e detallando o efectivo, anticipos de caixa, efectos, etc., existente na data do mesmo.
Na medida do posible, as operacións de tesourería serían canalizadas a través de bancos, que teñen un control superior ó da caixa.

Efecto que produce
O saldo contable de caixa pode non corresponder co efectivo real nela, debido a:

- Cobramentos realizados e non contabilizados: tesourería infravalorada, contas por cobrar sobrevaloradas ou ingresos por venda infravalorados (vendas ó contado).
- Pagamentos realizados e non contabilizados: tesourería e pasivos sobrevalorados.

Recomendación
Realizar conciliación bancaria e arqueo periódico de caixa, polo menos mensual, co fin de detectar diferencias motivadas por saídas non autorizadas (por exemplo) ou entradas e saídas non contabilizadas, e poder proceder á súa correspondente investigación e solución.

4- CÁLCULO E CONTABILIZACIÓN DOS GASTOS INDIRECTOS

Tipo de erro potencial
Que non se realice o cálculo da imputación dos gastos indirectos ó FSE; é dicir, que os gastos indirectos, aínda que xustificados, non se calcularan e imputaran con base nun criterio razoable.

Efecto que produce
Gastos non elixibles, por non cumpriren a normativa sobre a xustificación de gastos do FSE.

Recomendación
A normativa de xustificación de gastos esixe que os custos indirectos se imputen de maneira xusta e equitativa, de acordo coas normas de contabilidade xeralmente admitidas e sobre a base dun plan de reparto razoable.

Proposta de control interno:
Confecciona-la folla para o cálculo do coeficiente de imputación de gastos indirectos (ver apartado 2.8.).
Confeccionar unha folla de control de gastos (apartado 6.5.).

5- CONTABILIDADE DE GASTOS COFINANCIADOS POLO FSE

Tipo de erro potencial
Que os gastos directos e indirectos imputados ós ciclos non se identifiquen contablemente de forma clara e diferenciada; é dicir, que non se leve un rexistro contable de gastos imputados ó FSE.

Efecto que produce
Erros na imputación de gastos elixibles por falla de control e gastos non elixibles por non cumpri-la normativa sobre a xustificación de gastos do FSE.

Recomendación
Os gastos directos e indirectos estarán contabilizados de maneira separada e detallada, e polo importe imputable ós ciclos, que permitan de forma clara e transparente relaciona-las facturas e os importes imputados ós ciclos.

Proposta de control interno
No capítulo 4 deséñase un sistema contable de gastos e, no apartado 2.8., un rexistro auxiliar de imputación de gastos indirectos por acción cofinanciada.

6.3. DESEÑO DUN SISTEMA DE VISADO E ARQUIVO

6.3.1. VISADO DE DOCUMENTACIÓN SOPORTE

Un primeiro control da documentación soporte para os gastos cofinanciados consistiría en que todo xustificante levase un distintivo do FSE (faríase un selo, para visar toda a documentación, coa seguinte lenda: "**IMPUTADO Ó FSE**"). Esta medida de control evitaría que un gasto puidera imputarse a máis dunha subvención ou fondo estructural e tamén permitiría diferencia-los gastos cofinanciados dos non cofinanciados.

Para os documentos soporte de gastos indirectos recoméndase que conste unha dilixencia na que se especifique a contía imputada como gasto; por exemplo:

"Dilixencia pola que se fai constar que do importe total de ..... euros, da factura número ....., do provedor ....., impútase o importe de ..... euros, resultante de multiplica-lo importe total polo coeficiente de ..... % calculado en función dos alumnos das ensinanzas cofinanciadas con respecto ó total de alumnos do centro".
O/a secretario/a ou o/a administrador/a.
Asinado _____

Para que quede evidencia formal ou constancia documental do control dos gastos (autorización, comprobación, revisión de cálculos, pagamento, identificación, localización, etc.) recomendaríase deixar constancia deste proceso de control na propia factura, a través dun selo confeccionado para tal efecto ou en documento interno engadido á factura, por exemplo, como o modelo que se propón no apartado 6.5.

6.3.2. SISTEMA DE ARQUIVO

A normativa do FSE, canto ó arquivo da documentación soporte das operacións cofinanciadas di: "Durante os tres anos seguintes ó pagamento por parte da Comisión do saldo relativo a unha intervención, agás cando se decidise outra cousa nos acordos administrativos bilaterais, as autoridades responsables terán ó dispor da Comisión tódolos xustificantes (os orixinais ou copias certificadas conforme os orixinais na forma comunmente aceptada relativos ós gastos...)".

Todo proceso de compra dun ben ou servicio iníciase cunha autorización, continúa coa realización do pedido, posteriormente a recepción do ben ou servicio co seu documento xustificante (albará), recepción da factura (como xustificante da operación e cotexo con albará), autorización e emisión do pagamento, rexistro contable da operación e, como remate, arquivo do soporte documental utilizado no proceso, como xustificante e control da operación.

Como xa se mencionou no apartado 1.4. ficha 4, existen dúas clases principais de soporte documental ou xustificantes dos rexistros contables de gastos cofinanciados, con base na súa orixe:

a) Os xustificantes emitidos ou procedentes de terceiros, como son escrituras, contratos, facturas recibidas, xustificantes e extractos bancarios, a correspondencia, fax, etc.

b) Os xustificantes internos ou emitidos pola propia sociedade son, no caso dos IES, o cálculo da imputación de gastos indirectos, da depreciación de equipamento, a periodización de gastos segundo o principio de ganancia, perdas de inmobilizado, a folla de reconto físico para a regularización de ferramenta, formularios de gastos, programación xeral do centro, recibos de nóminas, xustificantes de desprazamentos do persoal, correspondencia, etc. Estes documentos internos son admitidos na práctica contable española como soporte xustificativo dos rexistros contables.

É posible, en determinadas circunstancias, que a entidade careza do soporte documental preciso dunha concreta operación, por extravío, destrucción ou imposibilidade material de xustificala, mesmo por medios indirectos (falla de factura pero constancia de transferencia de pagamento). Neses supostos, prevalecería a realidade da operación sobre a formalidade da súa falla de xustificante, para efectos de rexistro contable, sen prexuízo de que a autorización de contabilización se someta a requisitos máis rigorosos.

Os xustificantes globais son, en todo caso, documentos de orixe interna, tales como diarios contables, listaxes informáticos ou inventario de inmobilizado. En principio, dependendo da súa natureza, un xustificante global estará soportado nos xustificantes das operacións concretas que refunde e sintetiza para efectos contables.

Todo xustificante de gasto estará soportado documentalmente mediante un comprobante externo ou interno que reúna os requisitos formais e fiscais esixibles.

Contido obrigatorio das facturas:

a. Número e, de se-lo caso, serie.
b. Nome, apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal e enderezo, tanto do expedidor como do destinatario.
c. Descrición da operación e contraprestación total.
d. Lugar e data da emisión.

Os documentos internos complementan os documentos externos (facturas, contratos, etc.) debido ó tipo de compras. Por exemplo, os bens inventariables requiren un cálculo da amortización imputable como gasto; en gastos de viaxes, ademais das facturas dos ditos gastos por hoteis, quilómetros, comidas, etc., requiren un informe da viaxe realizada e a totalidade dos gastos liquidados.

Os comprobantes incluirían información sobre a súa imputación contable de tal modo que se puidera coñecer cómo e cándo foron contabilizados, así como a súa localización no arquivo de contabilidade.

As facturas pro forma e orzamentos non son documentos de valor probatorio de realizar unha compra ou prestación de servicio.

As facturas de bens de investimento arquivaranse de forma separada, de xeito que se permita un maior control destes documentos, xa que é un gasto que afecta a varios exercicios (durante o período de amortización). Ademais, dentro do arquivo estarán separadas por ano de compra, e na factura constará unha referencia á súa ficha individual de amortización.

Para a xustificación das medidas de información e publicidade (regulamento CE n° 1159/2000 da Comisión, do 30 de maio de 2000), sería recomendable levar un expediente (carpeta) coa xustificación documental das medidas de publicidade realizadas (copia do periódico para notas de prensa, anuncio de convocatoria dunha fala informativa no centro para informar dos ciclos, trípticos, carteis, documentación administrativa con cabeceira, CD, comunicacións con outros centros, empresas ou entidades, etc.).

Exemplo dun sistema de arquivo

O sistema de arquivo dos documentos soportes dos gastos cofinanciados polo FSE estará de forma separada e perfectamente identificado, para o que cómpre ter en conta o seguinte:

Estarán separados os xustificantes dos gastos cofinanciados polo FSE dos non cofinanciados polo FSE.
Estarán arquivados de forma separada os gastos directos dos gastos indirectos.
Os xustificantes estarán separados pola acción cofinanciada ou ensinanza; é dicir, por cada ciclo, PGS, etc. que se imparta.

Proceso de arquivo

Abrimos tres A-Z ; ó primeiro A-Z chamámoslle “arquivo N°1 do FSE de gastos directos”, ó segundo “arquivo N°2 do FSE de gastos indirectos”; ó terceiro A-Z “arquivo N°3 do FSE de equipamento”.

No arquivo N°1, dos gastos directos, incluímos unha separata por cada ensinanza cofinanciada; dentro de cada separata por ensinanza incluímo-la relación de gastos directos imputados (contabilidade ou lista detallada) e as facturas(soporte físico dos gastos imputados). Se hai unha factura que corresponda a dous ciclos, arquívase unha copia en cada ciclo ó que se imputa e menciónase na factura. Tamén podería separarse en dous períodos (xaneiro-setembro e outubro-decembro) e, dentro de cada período, por ensinanza.

No arquivo N°2, dos gastos indirectos, incluímo-lo cálculo do coeficiente de imputación para os gastos indirectos, unha relación detallada dos gastos indirectos, un detalle da distribución de cada factura a cada ensinanza cofinanciada e as facturas.

No arquivo N°3, dos bens inventariables, incluímos unha separata por ano natural; dentro de cada separata por ano incluímo-lo inventario e cadro de amortización anual, as fichas auxiliares de amortización e as facturas do equipamento adquirido nese ano.

De seguido deseñámo-las portadas e o contido dos arquivos.

(ARQUIVO N°1)
(PORTADA DO ARQUIVO)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
FONDO SOCIAL EUROPEO

IES: .....

ANO 2002

GASTOS COFINANCIADOS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

GASTOS DIRECTOS

(Contido do arquivo, con separata por ensinanza)

- Equipos electrónicos de consumo.
  - Relación de gastos directos (contabilidade ou lista detallada).
  - Facturas (soporte físico dos gastos imputados).

- Perruquería.
  - Relación de gastos directos (contabilidade ou lista detallada)
  - Facturas (soporte físico dos gastos imputados).

- Ensinanza de adultos.
  - Relación de gastos directos (contabilidade ou lista detallada).
  - Facturas (soporte físico dos gastos imputados).

- Orientación.
  - Relación de gastos directos (contabilidade ou lista detallada).
  - Facturas (soporte físico dos gastos imputados).

ARQUIVO N°2)
(PORTADA DO ARQUIVO)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

FONDO SOCIAL EUROPEO

IES: .....

ANO 2002

GASTOS COFINANCIADOS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

GASTOS INDIRECTOS

(Contido do arquivo)

- Cálculo do coeficiente para os gastos indirectos.
- Relación detallada dos gastos indirectos.
- Detalle da súa distribución por ensinanza cofinanciada.
- Facturas.

(ARQUIVO N°3)
(PORTADA DO ARQUIVO)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

FONDO SOCIAL EUROPEO

IES: .....

ANO 2002

BENS INVENTARIABLES

(Contido, con separata por ano)

- Ano 2002
  - Inventarios e cadro de amortización.
  - Fichas auxiliares de amortización.
  - Facturas de investimento.

- Ano 2003
  - Inventarios e cadro de amortización.
  - Fichas auxiliares de amortización.
  - Facturas de investimento.

6.4. CERTIFICADOS (como xustificante da imputación de equipamento como gasto)

(MODELO DE CERTIFICACIÓN N° 1)

CERTIFICADO E DECLARACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA USO DE MONTAXE, DESMONTAXE, SIMULACIÓN DE AVARÍAS, ETC. CON VIDA ÚTIL INFERIOR A UN ANO

IES: .....
Ano: .....
Acción cofinanciada: .....

Con relación á factura do provedor _____, n°___, con data ___ ___ _____, que corresponde a un analizador lóxico (compoñentes informáticos, etc.) o equipo docente do ciclo/responsable (titor) D. ..... declara:

Que o material adquirido foi empregado na realización de actividades de montaxe, desmontase, simulación de avarías, axuste e medidas, no módulo 4 de mantemento de equipos electrónicos, seguindo as directrices que determinan as capacidades terminais que de seguido se refiren:

Capacidades terminais elementais:

Localizar e reparar avarías de natureza mecánica nos equipos electrónicos, seguindo procesos xerais e sistemáticos, realizando modificacións e substitucións, axustes e medidas precisas, empregando a documentación técnica e medios específicos, e respectando as normas de calidade e seguridade.

Localizar e reparar avarías de natureza electrónica, seguindo procesos xerais e sistemáticos, realizando modificacións e substitucións, axustes e medidas precisas, empregando a documentación técnica e medios específicos, e respectando as normas de calidade e seguridade.

Realizar operacións de montaxe e desmontaxe ou substitución de elementos electrónicos de inserción ou superficiais, utilizando as ferramentas necesarias con precisión e destreza, baixo as normas de seguridade persoal e do equipo.

Establece-la secuencia de probas e ensaios encamiñados á realización do proceso de diagnóstico de avarías nun equipo electrónico a partir da documentación técnica e do ficheiro histórico, documentando o proceso, avaliando a conveniencia de introduci-las novas tecnoloxías no proceso que se segue e recollendo a información necesaria para ser utilizada por técnicos de mantemento.

(MODELO DE CERTIFICACIÓN N° 1)

Que o equipo foi utilizado polos alumnos do ciclo no taller número....., nas actividades antes mencionadas, durante o curso 2000-2001, e que debido ó seu desgaste polo uso nas ditas actividades deixou de utilizarse con data _____ , correspondente ó curso 2000-2001. Para seguir impartindo a ensinanza adquiriuse outro equipo de substitución do inutilizado, con data _____, ó provedor _____

Documentación soporte xustificativa
Proxecto curricular
Factura de compra
Factura de adquisición dun equipo para substitución do inutilizado.
(Complementaria)
O equipo atópase almacenado / colocado no ____ para ser tirado ó lixo.
Fotografía do equipo

_____ , ___ de _____ de _____

Sinatura dos responsables das ensinanzas:
(xefe estudios/
departamento didáctico e/ou;
titor e/ou;
equipo docente)

Visto e praxe (secretario)

Visto e prace (director)

(MODELO DE CERTIFICACIÓN N° 2)

CERTIFICADO E DECLARACIÓN DE EQUIPAMENTO QUE, POLO SEU DESGASTE OU EVOLUCIÓN TECNOLÓXICA, TIVO UNHA VIDA ÚTIL INFERIOR Á ESTIMADA INICIALMENTE

IES: .....
Ano: .....
Acción cofinanciada: .....

Con relación á factura do provedor _____, n°_____, con data __ ___ _____, que corresponde a un analizador lóxico (equipos ou compoñentes informáticos, etc.) o equipo docente do ciclo/ responsable (titor) D. ..... declara:

Que o material adquirido se empregou na realización de actividades de ....., no módulo 4 de ....., seguindo as directrices que determinan as capacidades terminais que de seguido se refiren:

Capacidades terminais elementais

_____
_____
_____

Que o equipo foi utilizado polos alumnos do ciclo no taller número....., nas actividades antes mencionadas, durante o curso 2000-2001, e que, debido ó seu desgaste polo uso o cambio tecnolóxico (**concreta-lo motivo**) nas ditas actividades, deixou de utilizarse con data _____ , correspondente ó curso 2000-2001. Para seguir impartindo a ensinanza adquiriuse outro equipo de substitución do inutilizado, con data _____, ó provedor _____

Documentación soporte xustificativa
Proxecto curricular
Factura de compra
Factura de adquisición dun equipo para substitución do inutilizado.
(Complementaria)
O equipo atópase almacenado / colocado no ____ para ser tirado ó lixo.
Fotografía do equipo

_____, ___ de _____ de _____

Sinatura responsables ensinanzas: Visto e prace (director)
(xefe departamento, etc.)

(MODELO DE CERTIFICACIÓN N° 3)

CERTIFICADO E DECLARACIÓN DE ÚTILES E FERRAMENTAS NON INCORPORADOS A MÁQUINAS E CUNHA VIDA ÚTIL INFERIOR A UN ANO

IES: .....
Ano: .....
Acción cofinanciada (ciclo, etc.): .....

Con relación ós seguintes útiles e ferramentas, que se detallan de seguido:

Concepto	Factura n°	Provedor	Importe

O equipo docente do ciclo/ responsable (titor) D. ..... ,
declara:
Que o material non se incorporou a máquinas e a vida útil é inferior a un ano.
Que o material adquirido foi empregado na realización de actividades de ....., no módulo X de ....., seguindo as directrices que determinan as capacidades terminais que de seguido se refiren:

Capacidades terminais elementais

_____
_____
_____

Que o equipo foi utilizado polos alumnos do ciclo no taller número....., nas actividades antes mencionadas, durante o curso 2001-2002, e que, debido ó seu desgaste polo seu uso, deixaron de ser utilizados nel. Para seguir impartindo a ensinanza adquiríronse novos útiles e ferramentas en substitución dos anteriores, ó(s) provedor(es) ....., con data(s).....

Achégase documentación soporte xustificativa:
Proxecto curricular, facturas de compra de útiles e ferramentas substituídas e novas.

_____, ___ de _____ de _____

Sinatura dos responsables das ensinanzas:
(xefe departamento e/ou
titor e/ou
equipo docente)

Visto e prace (secretario e/ou director)

(MODELO DE CERTIFICACIÓN N° 4)

CERTIFICADO E DECLARACIÓN DA APLICACIÓN DUN CRITERIO ECONÓMICO A DETERMINADO EQUIPAMENTO

IES: .....
Ano: .....
Acción cofinanciada: .....

Con relación á factura do provedor _____, n°_____, con data __ ___ _____, que corresponde a un ..... (describímo-lo equipo), o equipo docente do ciclo / responsable (titor) D. ..... declara:

Con relación ós seguintes bens de equipo, que se detallan de seguido:

Concepto	Factura n°	Provedor	Importe

Que o material foi adquirido para a realización de actividades de ....., no módulo 4 de ....., seguindo as directrices que determinan as capacidades terminais que de seguido se refiren:

Capacidades terminais elementais

_____

_____

_____

Que o equipo é utilizado polos alumnos do ciclo no taller número..... nas actividades antes mencionadas, iniciándose o seu uso durante o curso 2001-2002, e que debido á experiencia no uso dos equipos substituídos estimaremos que a súa vida útil é de X anos, debido ó seu uso intensivo e consecuente desgaste (**concreta-lo motivo**) nas ditas actividades, deixou de utilizarse con data _____ , correspondente ó curso 2001-2002. Para seguir impartindo a ensinanza adquiriuse outro equipo de substitución do inutilizado, con data _____, ó provedor _____

(MODELO DE CERTIFICACIÓN N° 4)

Documentación soporte xustificativa:
Proxecto curricular
Factura de compra
Factura de adquisición dun equipo para substitución do inutilizado.
(Complementaria)
O equipo atópase almacenado / colocado no ____ para ser tirado ó lixo.
Fotografía do equipo

_____, ___ de _____ de _____

Sinatura dos responsables das ensinanzas:
(xefe departamento e/ou
titor e/ou
equipo docente)

Visto e prace (director, secretario)

6.5. Modelo de informe de control de gastos

Para que quede evidencia formal ou constancia documental do control dos gastos deseñamos un documento interno (podemos chamarlle informe ou formulario de control e autorización de gastos) que reflicte o proceso de control de cada factura de compra, que se achegará a cada factura:

F.S.E.

Informe de Control de gastos

Provedor:_____
Factura n°: _____ Data: _____ Importe: _____
Concepto detallado: _____
_____

Departamento receptor do gasto

Departamento/ciclo	
Responsable do departamento	
Responsable do material	

Observacións:
_____

Conformación factura

	OK con albará	OK prezos	OK cálculos	Autorización compra	Autorización pagamento
Responsable departamento					
Responsable centro					

Contabilización

Gasto	
Ben inventariable	
Criterio de imputación	
Código conta contable	
Identificación (ben inventariable)	

Previsión de pagamentos

Forma de pagamento	Banco	N° documento	
Cheque	Caixa Galicia	333608	
Vencementos	16/4/98		
Importes	1.500,88		

Observacións: _____

Sinatura dos responsables das ensinanzas: Autorización (secretario)
(xefe departamento/
equipo docente)

Visto e prace (director):

(Exemplo de confección)

F.S.E.

Informe de control de gastos

Provedor: INFORMÁTICA SEIXO, S.L.
Factura n°: 980306 Data: 16-04-98 Importe: 1.500.88 euros
Concepto detallado: ORDENADOR PENTIUM II, IMPRESORA H.P., RATO ALFOMBRIÑA, CONFIGURACIÓN E INSTALACIÓN

Departamento receptor do gasto:

Departamento/ciclo	ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
Responsable do departamento	D. XOSÉ XXXX
Responsable do material	D. MANUEL XXXXX

Observacións:

_____

Conformación factura

	OK con albará	OK prezos	OK cálculos	Autorización compra	Autorización pagamento
Responsable departamento	SI	SI	SI	SI	SI
Responsable centro				SI	SI

Contabilización

Gasto	Non
Ben inventariable	Si
Criterio de imputación	Indirecto pola súa amortización
Código conta contable	2200001
Identificación (ben inventariable)	Taller N°3 e ficha de amortización Nº 3/2001

Previsión de pagamentos

Forma de pagamento	Banco	N° documento	
Cheque	Caixa Galicia	333608/333710	
Vencementos	16/4/98	16/5/98	
Importes	750,44	750,44	

Observacións:

_____

Sinatura dos responsables das ensinanzas: (xefe departamento/ equipo docente)

Autorización (secretario):

Visto e prace (director):

6.6. Modelo de xustificante de gastos de viaxe

1.- Modelo de liquidación de gastos de viaxe.

IES: _____ **F.S.E.**

GASTOS DE VIAXE

1.- MOTIVO DA VIAXE:

Xúntase informe detallado ____
Descríbese brevemente ____

_____

_____

Viaxe realizado a: _____
Período: _____

2.- CONVOCATORIA:

Xúntase documento _____
Persoal, telefónica, etc. _____

3.- ASISTENTE/S:

_____

_____

4.- CON CARGO A: _____

5.- DETALLE DE GASTOS:

Gastos de locomoción:
.- Vehículo propio, _____ Km., a _____ euros/km = _____
.- Outros medios (xúntase factura):_____ = _____
Manutención e Estancia: _____
Estancia (xúntase factura, xustificante n° _____): = _____
Manutención (xúntase factura, xustificante n° ___) = _____
Dietas: sen pernocta _____, con pernocta _____ = _____
Outros gastos _____ (se adjunta factura) = _____
Gastos con xustificante (especificar):
_____ = _____
_____ = _____
_____
TOTAL ..... = _____

V° B° (Secretario/Director) : _____

En _____ a _____ de _____ de _____

Recibín a cantidade de _____
correspondente á liquidación dos gastos de viaxe anteriormente detallados.

Nome: _____ Sinatura: _____

2.- Exemplo de confección dunha folla de liquidación de gastos de viaxe.

IES: A FARIXA **F.S.E.**

GASTOS DE VIAXE

1.- MOTIVO DA VIAXE:

Xúntase informe detallado NO
Descríbese brevemente SI
VIAXES REALIZADOS A SANTIAGO PARA CURSO DE FORMACIÓN SOBRE A XUSTIFICACION DE GASTOS DO FSE
Viaxe realizado a: SANTIAGO
Período: 20/09/02

2.- CONVOCATORIA:

Xúntase documento...: SI
Persoal, telefónica, etc. :

3.- ASISTENTE/S:

D. JUAN PEREZ (Secretario)
D. MANUEL RGUEZ. (Director)

4.- CON CARGO A: GASTOS DIRECTOS DEL FSE

5.- DETALLE DE GASTOS:

Gastos de locomoción:		
.- Vehículo propio 210 Km., a 0,1683 euros/km	=	35,34
.- Outros medios (xúntase factura): AVION	=	300,50
Manutención y Estancia:		
Estancia (xúntase factura, xustificante n° 22/02):	=	160,00
Manutención (xúntase factura, justificante n° ___)	=	24,04
Dietas: sen pernocta _____, con pernocta _____	=	
Outros gastos _____ (se adjunta factura)	=	
Gastos con xustificante (especificar):		
SERVICIO DE TAXIS recibo nº 45/2002	=	45,00
	=	
TOTAL	=	564,88

V° B° (Secretario/Director) : _____

En OURENSE a 20 de Septiembre de 2002

Recibín a cantidade de QUINIENTOS SESENTA Y NUEVE CON CUARENTA Y CUATRO EUROS correspondente á liquidación dos gastos de viaxe anteriormente detallados.

Nome: D. JUAN XXXXX Sinatura: _____

7. PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DE GASTOS SUBVENCIONABLES

CAPÍTULO 7

7. PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DE GASTOS SUBVENCIONADOS

O Plan Financeiro a Curto Prazo (PFCP) concrétase nun orzamento anual de funcionamento. Nel recóllense os plans de ingresos, compras e gastos do período, así como os estados xerais de cobramentos e pagamentos.

Un PFCP é aproveitado para soporta-lo ciclo orzamentario anual dunha entidade. Afecta a exercicios completos ou a períodos dentro dun exercicio (por exemplo, de xaneiro a setembro e de outubro a decembro). Ás veces require ampliación, afondamento ou modificación no transcurso do exercicio ó que fai referencia, debido ás desviacións que van xurdindo entre o orzado e o real.

Non obstante, a clave do plan radica na determinación do nivel planificado de ingresos que é capaz de proporcionar un equilibrio entre os dous lados da conta de resultados (ingresos e gastos).

No caso dos centros públicos de ensino, o orzamento de ingresos, a variable clave, é fixa ou ten pouca variación dun exercicio a outro, co que a estimación dos ingresos do exercicio se aproxima moito ós ingresos reais que vai recibi-lo centro.

É importante, á hora de realiza-lo plan, garantir unha conta de resultados cunha suficiente marxe de seguridade (que os gastos non cheguen a excede-los ingresos).

A planificación financeira nos IES vai estar enfocada sobre a base dun importe recibido (subvención) no exercicio anterior; diferenciando os ingresos para gastos de funcionamento financiados con cargo á Consellería dos ingresos cofinanciados polo FSE, cun volume de gastos necesarios para xustifica-la subvención recibida, e isto desagregado por acción cofinanciada, debido a que os ingresos están vinculados e diferenciados por cada acción/ensinanza. Tamén deberemos ter en conta, á hora de realiza-los gastos, que os ingresos son estacionais; é dicir, a subvención recíbese en tres cobramentos distribuídos ó longo do ano, normalmente en febreiro, xuño e outubro.

Proceso do plan financeiro ou orzamentario:

- Prognóstico de ingresos por subvencións do FSE.
- Plan de investimentos (equipamentos).
- Plan de financiamento para bens de equipo adquiridos por leasing ou renting.
- Plan de gastos de estructura ou fixos.
- Plan de gastos variables (subministros, material de oficina, etc.).
- Plan de gastos indirectos (gastos xerais cofinanciados proporcionalmente polo FSE, etc.).
- Establecemento dun prazo normal de pagamento a provedores (por exemplo, un prazo mínimo de 30 días).

Nas páxinas seguintes deseñamos unhas follas, en soporte de aplicación informática “Excel”, para confeccionar un plan financeiro anual (xúntanse en disquete).

ORZAMENTO DE GASTOS COFINANCIADOS

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total a xustificar Previsto	Real	Difer.	Observaciones
INGRESOS:																
Cobros para gastos cofinanc. FSE **(1)**			300				200			200			700			
Outros cobros **(2)**													0			
TOTAL INGRESOS	0	0	300	0	0	0	200	0	0	200	0	0	700			
GASTOS:																
Equipamiento:																
Amortización de equipamento **(3)**												40	40			
Cuotas de renting **(4)**	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	60			
Cuotas de aluguer de equipos **(5)**													0			
Gastos fixos **(6)**	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	120			
Gastos variables **(7)**	10	18	15	22	30	5			15	20	20	25	180			
Gastos indirectos **(8)**	25	25	25	25	25	25	25	25	25	25	25	25	300			
Otros pagos **(9)**													0			
TOTAL GASTOS	50	58	55	62	70	45	40	40	55	60	60	105	700			
DIFERENCIA MENSUAL (10)	-50	-58	245	-62	-70	-45	160	-40	-55	140	-60	-105	0			
DIFERENCIA ACUMULADA (11)	-50	-108	137	75	5	-40	120	80	25	165	105	0	**0**			

EXPLICACIONES:

[**1**] Polo importe da subvención recibida no exercicio anterior para a actividade cofinanciada polo FSE.

[**2**] Se hubese outros ingresos relacionados coa actividade cofinanciada, por exemplo aluguer de espacios, etc.

[**3**] As INVERSIÓNS supoñen un desembolso de diñeiro, e só é gasto do exercicio a **amortización** do ben (para o cálculo da amortización ver capítulo 5).

[**4**] As INVERSIÓNS mediante **renting** o desembolso do diñeiro é en cotas mensuais e igual á cantidade a computar como gasto elexible (excepto os intereses da cota).

[**5**] A utilización de bens de equipo en **aluguer** supoñen un desembolso do diñeiro igual á cantidade a mercar como gasto elexible.

[**6**] Os GASTOS FIXOS corresponden a gastos periódicos e de contías fixas (detállanse en cadro n°1).

[**7**] Os GASTOS VARIABLES corresponden a gastos que dependen do volume de actividade, non se sabe a súa contía hai que estimala en función da experiencia de exercicios anteriores (detállanse no cadro n°2) .

[**8**] Os GASTOS INDIRECTOS corresponden á porcentaxe dos gastos xerais do centro que corresponden ás accións cofinanciadas (detállanse no cadro n°3, ver capítulo 2.8)

[**9**] Se hubese outros pagos relacionados coa actividade cofinanciada.

[**10**] Diferencia mensual, superavit en positivo, déficit en negativo.

[**11**

Ó final de ano teremos que analizalo exceso ou defecto de gastos con respecto ós ingresos e axusta-los mesmos reducindo ou incrementando os mesmos.

CADRO N°1

GASTOS FIXOS	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	TOTAL
Arrendamentos													
Primas de seguros													
Tributos													
Servicios profesionais													
Outros gastos fixos													
TOTAL	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

CADRO N°2:

GASTOS VARIABLES	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	TOTAL
Forza Motriz													
Carburantes													
Reparación e conservación													
Teléfono													
Transportes													
Material de oficina													
Gastos de viaxe													
Retribución de expertos													
Publicidade													
Outros gastos variables													
TOTAL	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

CADRO N°3:

GASTOS INDIRECTOS	total gastos centro	coeficiente imputación global	coeficiente imputación ciclo	TOTAL
Electricidade				
Carburantes				
Reparación e conservación				
Teléfono				
Transporte				
Material de oficina				
Amortizacións indirectas				
Outros gastos xerais				
TOTAL	0	0	0	0

8. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁN ENVIAR OS CENTROS Ó ÓRGANO XESTOR

CAPÍTULO 8

8. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁN ENVIA-LOS CENTROS Ó ÓRGANO XESTOR

8.1. Documentación xustificativa

8.2. Anexo: formularios

8.1 Documentación xustificativa

Os centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparten ciclos formativos, programas de garantía social e ensinanzas de adultos, así como aqueles institutos de educación secundaria e centros públicos integrados con departamento de orientación educativa e profesional, deberán enviar ó órgano xestor (Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais) a documentación que se expresa de seguido:

- Formulario 1: Datos do profesorado que imparte novas ensinanzas.
- Formulario 2: Gastos directos de funcionamento dos centros.
- Formulario 3: Gastos indirectos de funcionamento dos centros.
- Formulario 4: Resumo total de gastos.
- Formulario 5: Datos de alumado
- Relación de gastos (facturas imputadas de acordo co establecido no capítulo 4 deste manual).

A xustificación de gastos ante a Comisión hai que realizala por ano natural. Nel como xa é ben sabido, coinciden dous cursos académicos, o que implica, xeralmente, variación no número de alumnos, profesores e horas lectivas dedicadas polo profesorado ás diferentes ensinanzas.

De aí a necesidade de considerar, para determinados gastos, dous períodos: un de xaneiro a setembro e outro de outubro a decembro. Isto que obriga a envia-la documentación (formularios e relacións de facturas) en dous momentos.

Prazos nos que cómpre envia-la documentación:

- **Durante o mes de outubro** de cada ano: documentación relativa ó período xaneiro-setembro. Deberanse envia-los formularios e a relación de facturas de cada ciclo, PGS, ensinanza de adultos e departamento de orientación (estes últimos gastos víñanse enviando nun só prazo; agora hai que envialos para cada período). Neste período non é necesario envia-lo formulario 4: “Resumo total de gastos”.

- **Durante o mes de xaneiro** de cada ano: documentación relativa ó período outubro-decembro. Deberanse envia-los formularios e a relación de facturas de cada ciclo, PGS, ensinanza de adultos e departamento de orientación (estes últimos gastos víñanse enviando nun só prazo; agora hai que envialos para cada período).

Do **formulario 1**, relativo ós datos do profesorado, deberá formalizarse un por cada un dos ciclos formativos que se imparten no centro, e un por cada programa de garantía social.

Xunto co formulario, deberase enviar tamén unha copia dos horarios de cada profesor e o horario da ensinanza á que se refire.

No formulario recolleranse as horas cofinanciadas, é dicir, as horas que un profesor imparte nun ciclo (apartado de docencia) e as horas de titoría ou coordinación de ciclos (apartado de coordinación).

No apartado de horas restantes recolleranse as horas que imparte noutras ensinanzas, como é o caso doutros ciclos, PGS, etc. (apartado de docencia), así como as horas de posibles cargos: director, secretario, xefe de estudios, etc. (apartado de cargo).

Os **formularios 2 e 3** formalizaranse tendo en conta o establecido neste manual sobre os gastos directos, indirectos, gastos elixibles e non elixibles, amortización de equipos, adecuación de espacios, arrendamento puro e simple, leasing e renting, etc.

O **formulario 4** enviarase unicamente no mes de xaneiro e recollerá o importe dos gastos de funcionamento recibidos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como o importe total dos gastos xustificados.

Respecto ó **formulario 5**, de datos de alumnado, malia non ter implicación económica, é moi importante a súa formalización, xa que cómpre para facilita-los datos de indicadores solicitados pola Comisión.

A normativa de xustificación de gastos do FSE esixe que se leve un sistema de contabilidade de gastos separado, de carácter analítico, para cada ensinanza: ciclo formativo, PGS, ensinanza de adultos e departamento de orientación. Neste sentido, os centros deberán enviar unha **relación de gastos** seguindo os modelos do capítulo 4 do manual, ben sexa mediante un sistema contable ou ben mediante un sistema alternativo (relación detallada).

8.2 ANEXO: FORMULARIOS

CURSO: 200..../200....

UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

FORMULARIO 1
DATOS DO PROFESORADO DOS CICLOS FORMATIVOS E PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL

CENTRO: CODIGO:
ENSINANZAS: CÓDIGO:
LOCALIDADE: PROVINCIA:

APELIDOS	NOME	I/F	NRP	A/B	NIF	HORAS COFINANCIADAS		ASIGNATURAS IMPARTIDAS	HORAS RESTANTES	
						DOCENCIA	COORDINAC.		DOCENCIA	CARGO

NOTA: Este formulario completarase cos horarios de tódolos profesores mencionados no mesmo e o horario do ciclo formativo ou do programa de garantía social ó que nos estemos referindo.

....., ... de ..... de 200.....
O Director,

Asdo: .....

UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

FORMULARIO 2
GASTOS DIRECTOS DE FUNCIONAMENTO DOS CENTROS

ANO: PERÍODO: .....

CENTRO: CODIGO:

ENSINANZAS	REPARACIÓN E CONSERVACIÓN	MATERIAL OFICINA	AMORTIZACIÓN: MOBILIARIO E ENSERES	RETRIBUCIÓN EXPERTOS	SUBMINISTROS	COMUNICACIÓN	TRANSPORTE	GASTOS DIVERSOS	TOTAIS
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0

NOTA: Os departamentos de orientación e as ensinanzas de adultos inclúense como unha ensinanza máis.

....., ... de ..... de 200.....
O Director,

Asdo: .....

UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

FORMULARIO 3
GASTOS INDIRECTOS DE FUNCIONAMENTO DOS CENTROS

ANO: PERÍODO: .....

CENTRO: CODIGO:

ENSINANZAS	REPARACIÓN E CONSERVACIÓN	MATERIAL OFICINA	AMORTIZACIÓN: MOBILIARIO E ENSERES	RETRIBUCIÓN EXPERTOS	SUBMINISTROS	COMUNICACIÓN	TRANSPORTE	GASTOS DIVERSOS	TOTAIS
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0	0

NOTA: Os departamentos de orientación e as ensinanzas de adultos inclúense como unha ensinanza máis.

....., ... de ..... de 200.....
O Director,

Asdo: .....

UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

FORMULARIO 4
RESUME ANUAL DE GASTOS

CÓDIGO:
CENTRO:
ENSINANZAS:

	IMPORTE ANUAL 200....	
	XUSTIFICADO	RECIBIDO
GASTOS DIRECTOS DE FUNCIONAMENTO DOS CICLOS FORMATIVOS, PGS, ENSIN. ADULTOS, DEPART. ORIENT.		
GASTOS INDIRECTOS DE FUNCIONAMENTO DOS CICLOS FORMATIVOS, PGS, ENSIN. ADULTOS, DEPART. ORIENT.		
Totais		

....., ... de ..... de 200.....
O Director,

Asdo: .....

UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

FORMULARIO 5
DATOS DE ALUMNADO

CURSO 200... /200...

CENTRO: CODIGO:

ENSINANZAS	Nº TOTAL DO ALUMNADO	Nº DE ALUMNOS	Nº DE ALUMNAS	Nº DE DISCAPACITADOS	Nº DE INMIGRANTES	MENOS DE 25 ANOS	ENTRE 25 E 45 ANOS	MÁIS DE 45 ANOS
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0
	0	0	0	0	0	0	0	0

NOTA: As ensinanzas de adultos inclúense como unha ensinanza máis, nº total de alumnos independentemente de que sexan de diferentes niveis.

....., ... de ..... de 200.....
O Director,

Asdo: .....

9. PLANIFICACIÓN PARA O CONTROL E XESTIÓN DE GASTOS DO FSE POLO ÓRGANO XESTOR

CAPÍTULO 9

9. PLANIFICACIÓN PARA O CONTROL E A XESTIÓN DE GASTOS DO FSE POLO ÓRGANO XESTOR

9.1 Introducción

9.2 Planificación de control polo órgano xestor

9.3 Normativa aplicable ó Programa Operativo Integrado de Galicia (2000-2006)

9.1. Introducción

O regulamento N° 1260/99 do Consello di o seguinte respecto ó control financeiro das subvencións recibidas dos fondos estructurais:

Control financeiro

1. Coa finalidade de garanti-lo éxito das accións levadas a cabo por promotores públicos ou privados, na execución das mesmas os estados membros adoptarán as medidas necesarias para:

- Verificar que as accións financiadas pola Comunidade se realizaron correctamente.
- Prever e perseguir irregularidades.
- Recupera-los fondos perdidos por abusos ou neglixencia.

Os estados membros informarán a Comisión das medidas adoptadas para o efecto e, en particular, comunicarán á Comisión unha descrición dos sistemas de control e xestión establecidos para garantir unha aplicación eficaz das accións. Informarán periodicamente a Comisión do desenvolvemento das dilixencias administrativas e xudiciais.

Os estados membros conservarán para disposición da Comisión tódolos informes nacionais apropiados relativos ó control das medidas establecidas nos programas ou accións de que se trate.

2. Sen prexuízo dos controis efectuados polos estados membros de conformidade coas disposicións legais, regulamentarias e administrativas nacionais, e sen prexuízo das disposicións do artigo 206 do Tratado e de calquera inspección realizada en aplicación da letra c) do artigo 209 do Tratado, as accións financiadas polos fondos estructurais e os sistemas de xestión e control poderán ser controlados in situ, en particular mediante sondaxes, por funcionarios ou axentes da Comisión.

Antes de efectuar un control in situ, a Comisión deberá informar disto o estado membro interesado, coa finalidade de obter toda a axuda necesaria. A realización por parte da Comisión de posibles controis in situ sen previo aviso rexerase polos acordos concluídos segundo as disposicións do Regulamento financeiro no marco da cooperación. Funcionarios ou axentes do estado membro poderán participar nos controis.

A Comisión poderá solicitar ó estado membro interesado que realice un control in situ para verifica-la regularidade da solicitude de pagamento. Funcionarios ou

axentes da Comisión poderán participar nestes controis e deberán facelo se así o solicita o estado membro interesado.

A Comisión procurará que os controis efectuados por ela se realicen de forma coordinada coa finalidade de evita-la repetición dos controis relativos a un mesmo asunto durante o mesmo período. O estado membro en cuestión e a Comisión transmitirán sen demora calquera información oportuna relativa ós resultados dos controis que se teñan efectuado.

3. Durante os tres anos seguintes ó último pagamento correspondente a unha acción, o organismo e as autoridades responsables porán ó dispor da Comisión tódolos documentos xustificativos relativos ós gastos e ós controis correspondentes á dita acción.

Organismos que están facultados para realiza-los controis financeiros ou auditorías do FSE ós beneficiarios:

- Os funcionarios da Comisión Europea.
- O órgano promotor, que é a Xunta de Galicia, a través da Intervención Xeral da Xunta de Galicia.
- O órgano xestor, que é a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

9.2. Planificación do control polo órgano xestor

Será sobre a base do establecido no Regulamento (CE) N° 438/2001 da Comisión, do 2 de marzo de 2001, en relación cos sistemas de xestión e control das axudas outorgadas con cargo ós fondos, e ó seu artigo 4, que di: Os sistemas de xestión e control incluirán procedementos para verifica-la realidade da prestación dos bens e servicios cofinanciados e dos gastos declarados, así como para garanti-lo cumprimento das condicións da correspondente decisión da Comisión adoptada en virtude do artigo 28 do Regulamento (CE) n° 1260/1999 e das normas nacionais e comunitarias aplicables, en particular, sobre a subvencionabilidade dos gastos para a axuda procedente dos fondos estructurais, en virtude da intervención de que se trate, a contratación pública, as axudas estatais, a protección do medio ambiente e a igualdade de oportunidades.

Tamén, sobre a base das recomendacións do informe de auditoría dos sistemas de xestión e control dos fondos estructurais e, en concreto, no referente á evidencia da realización de controis sobre os certificados enviados polos centros

educativos: “ó órgano xestor deberá establecer uns procedementos de control necesarios para garanti-la elixibilidade dos gastos certificados, así como a evidencia que debe existir para a efectiva realización dos ditos controis, en especial no relativo ós gastos de funcionamento dos centros educativos como beneficiarios das accións cofinanciadas polo FSE”.

Como consecuencia do anterior, proponse o seguinte sistema de control dos gastos declarados ou certificados polos beneficiarios:

1.- Establecer un plan de controis rotativos dos IES.

O plan pode ser, por exemplo, quinquenal (do ano 2002 ó 2007), para cubri-lo 70% do total dos IES ó final do período, e o 80% ou 90% dos custos cofinanciados polo FSE, cifras moi representativas e que significan un control exhaustivo. Por exemplo, supondo que hai 128 IES na Comunidade, seleccionariamos 90 IES, escolleriamos 17 para realiza-lo control o ano 2002, 17 para o ano 2003, 17 para o ano 2004, e así sucesivamente. Dos 90 IES totais para revisar seleccionariamos proporcionalmente por provincia e por volume de custos subvencionables, da maneira que se comenta máis adiante.

2.- Establecer un sistema de selección, partindo do plan de control para cubri-lo 70% dos IES en torno ó 80% ou 90% dos gastos subvencionados. Primeiro distribuiriámo-los 90 IES por provincias, da seguinte maneira: se na provincia de Pontevedra hai 45 IES, que representan o 35% do total dos IES de Galicia, de Pontevedra seleccionariamos 32 dos 90 (35% de 90). Dentro deses 32 IES estableceriamos 2 estratos en función do volume de custos cofinanciados polo FSE: un cos IES de maior custo e outro cos de menor custo. Logo seleccionamos dentro do estrato dos de menor custo o 20% do total dos 32, que serían 6 IES, e o 80% de 32, é dicir, 26 IES dentro dos de maior custo. Unha vez establecidos os IES por provincias, e unha cifra para discrimina-los de custo máis significativo dos de custo menos significativo, seleccionariamos aleatoriamente o número de IES establecido (por exemplo cun xerador de números aleatorios ou calquera outro método aleatorio).

<u>Selección estratificada para a provincia de Pontevedra</u>

Un método de estratificación dunha poboación para a mostraxe é dividi-la poboación en dous grupos, un cos valores maiores ou máis significativos e o resto cos valores menores nun segundo grupo. A poboación para a mostraxe fixámola previamente sobre a base dunha revisión exhaustiva (cobertura do 80% ou 90% do custo), igual a 90 IES para revisar, dos que 32 IES corresponden á provincia de Pontevedra, 6 IES do grupo ou estrato inferior e 26 IES do estrato superior.

Características do estrato	Traballo para realizar
Custos superiores a un importe determinado previamente	Revisión de 26 IES sobre a base do obxectivo de revisión exhaustiva
Custos inferiores a un importe determinado previamente	Revisión de 6 IES sobre a base do obxectivo de cobertura do 80%

A selección estratificada ten polo menos dúas vantaxes importantes. Permítelle ó auditor relaciona-la selección da mostra coas partidas significativas e claves da poboación, utilizando técnicas de auditoría para cada estrato. A estratificación tamén mellora a confiabilidade da mostra e reduce o tamaño da mostra requirida.

Para a selección aleatoria dos elementos (IES) de cada estrato respectivo, primeiramente numerámo-los IES en cada estrato do número 1 ó número XX, seguindo, por exemplo, a orde da listaxe de imputación de custos ó FSE, e seleccionámo-los IES mediante un xerador de números aleatorios ou mediante calquera outro sistema aleatorio.

Outro método de selección que se pode aplicar é a mostraxe de dobre propósito, tamén denominada mostraxe proporcional ou da unidade monetaria. Trátase realmente dun tipo de selección estratificada (as unidades con importes rexistrados con maiores custos, neste caso, teñen máis probabilidades de seren seleccionadas).

A mostraxe de dobre propósito é un proceso aleatorio, dado que cada unidade monetaria é o elemento individual da poboación e cada unidade monetaria rexistrada na poboación ten unha oportunidade igual de ser seleccionada. Dá ás partidas con importes rexistrados máis significativos máis oportunidades de seren seleccionadas ca ás partidas con importes menores rexistrados.

Para a aplicación deste modelo débense segui-los seguintes pasos:

1.- Determina-lo tamaño da mostra (neste caso determinamos unha mostra para a provincia de Pontevedra de 32 IES).

2.- Obter unha listaxe cos custos de funcionamento e que amosen as súas sumas acumuladas (colleriámo-la listaxe de imputación de custos ó FSE do ano revisado e faramos un cadro como o que se xunta no exemplo).

3.- Incluír na mostra a partida na que a suma acumulada incluía a unidade monetaria que estableza o método de selección sistemática ou a listaxe ordenada de números aleatorios seleccionados.

Exemplo de selección sistemática en mostraxe de dobre propósito

Aplicámo-lo procedemento para a verificación e selección dos gastos de funcionamento dos IES da provincia de Pontevedra, do que o custo total é de, por exemplo, 350.000.000 pesetas, mediante unha mostra fixada previamente de 32 elementos (IES), dun total de poboación de 45 elementos.

Dividindo o valor da poboación entre o tamaño da mostra obtense o intervalo de selección (350.000.000 / 32), que é de 10.937.500 pesetas.

De forma aleatoria, o auditor extrae un número comprendido entre 1 e 10.937.500 pesetas (cun xerador de números aleatorios). O auditor obtivo o número aleatorio: 6.567.420 pesetas.

O intervalo de selección é de 10.937.500 pesetas, de tal xeito que o primeiro IES seleccionado é aquel do que a suma acumulada conteña a unidade monetaria 6.567.420 pesetas, o segundo IES seleccionado debe ser aquel que conteña a unidade monetaria acumulada de 17.504.920 (6.567.420 pesetas máis 10.937.500), o terceiro é aquel que conteña a unidade monetaria acumulada de 28.442.420 (17.504.920 máis 10.937.500), o cuarto elemento é aquel que conteña a unidade monetaria acumulada de 39.379.920 (28.442.420 máis 10.937.500) como o elemento que conten a unidade monetaria xa foi seleccionado, para segui-lo proceso, volvemos suma-lo intervalo de selección e dáno-lo cuarto elemento que conteña a unidade monetaria de 50.317.420 (39.379.920 máis 10.937.500), e así sucesivamente:

Unha reproducción parcial da listaxe cronolóxica dos gastos de funcionamento dos IES da provincia de Pontevedra amosa a seguinte información:

Número de IES	Custo individual (en miles de pesetas)	Suma acumulada (en miles de pesetas)	Elemento seleccionado
1 María Soliño	3.162	3.162	
2 Antón Losada Diéguez	5.400	***8.562***	5.400
3 Paralaia	9.234	***17.796***	9.234
4 C.F. P. Príncipe Felipe	6.516	24.312	
5 Sánchez Cantón	3.630	27.942	
6 Frei Martín Sarmiento	20.838	***48.780***	20.838
7 A Granxa	3.486	52.266	3.486
8 IES N° 1	38.460	90.726	

Nota: a numeración ou orde dos IES pode se-la mesma cá que figura na listaxe de imputación de custos ó FSE.

3.- Comunicámoslle ó IES seleccionado a realización dun control de elixibilidade de gastos, solicitándolle que remita ou prepare (para revisión in situ) a seguinte documentación:

- Contabilidade ou relación detallada dos gastos certificados (formularios) con cargo ó FSE.
- Documentación soporte dos gastos imputados (facturas, contratos, etc.).
- Xustificantes de pagamento dos gastos imputados ó FSE.

4.- Revisión da documentación.

5.- Informe da revisión. Detallando as incidencias atopadas, que poden ser, por exemplo, as seguintes:

- Bens inventariables imputados pola totalidade e non pola súa amortización anual efectiva.
- Gastos directos imputados a un ciclo distinto do que lle corresponden.
- Gastos indirectos imputados como directos.
- Falta de xustificantes de pagamento dalgunha factura.
- Falta de aplicación dun criterio razoable na imputación de gastos indirectos; é dicir, falta de aplicación do coeficiente de proporcionalidade nos gastos indirectos.
- Falta de detalle da adecuación de espacios realizada.
- Facturas de reparacións, alugamentos, etc., que non reflictan a realidade da operación realizada.

6.- Propostas ós IES de solución das incidencias encontradas, e seguimento da corrección das ditas incidencias.

Como papel de traballo da revisión realizada, ademais dos formularios de gastos, relación detallada de gastos e documentación soporte dos gastos (facturas e xustificantes de pagamento), poderiamos utilizar un cuestionario como evidencia e papel de traballo da revisión realizada, como o que figura de seguido:

CUESTIONARIO RESUMO DE FEITOS CONSTATADOS

IES: _____

Ano: _____

	SI / NON-N/A
1. ¿Confeccionáronse e remitíronse á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional os formularios de gastos que se establecen no manual para a xustificación de gastos do FSE?	
2. ¿A contabilidade ou lista detallada coincide cos formularios de gastos?	
3. ¿Tódolos gastos teñen o seu documento soporte (factura e xustificante de pagamento)?	
4. Ademais das comprobacións realizadas nos documentos de contabilidade (formulario e relación detallada), ¿está todo o gasto incluído na declaración de gasto ilexible? En particular:	
a) ¿Foi excluído todo o gasto ocasionado antes ou despois do ano ó que corresponden os formularios?	
b) ¿Foi excluído o gasto sen ningún documento de apoio que probe o pagamento?	
c) ¿Está cada detalle do gasto directamente vinculado á acción cofinanciada?	
d) ¿Foi excluído o gasto considerado inelixible segundo o apartado 1.2. do Manual Operativo?	
f) ¿Indica a porcentaxe atopada na mostraxe do gasto inelixible ou detalles do gasto sen documento de apoio?	
g) ¿Se hai facturas que corresponden a conceptos de bens inventariables, imputáronse como gasto pola súa amortización anual efectiva?	
h) Indica a porcentaxe atopada na mostraxe de facturas que corresponden a equipamento inventariable	
i) Hai algún gasto indirecto que fora imputado como directo.	
5. En relación cos gastos indirectos, ¿son imputados razoablemente? En particular:	
a) ¿Realizase o cálculo do coeficiente de imputación de gastos indirectos, e para os dous períodos: xaneiro-setembro e outubro-decembro?	
b) ¿Consta unha dilixencia nas facturas de gastos indirectos?	
c) ¿Hai algún gasto indirecto que fora imputado como directo?	
d) ¿Detállanse os gastos indirectos imputados a cada ensinanza?	

	SI / NON-N/A
6. ¿Están os xustificantes de gastos cofinanciados arquivados por separado dos gastos non cofinanciados?	
7. ¿Se hai contratos de renting ou leasing, inclúense os xuros das cotas como gasto ilexible?	
8. ¿Se hai gastos de adecuación de espacios, detállase perfectamente a obra realizada e identifícase a dependencia onde se realizou?	
9. ¿Existe un sistema de control interno razoablemente capaz de garantir que os documentos soportes corresponden á acción subvencionada, que foron autorizados, pagados, etc.? ¿Consta un visado ou un informe de control na factura?	
10. ¿Recibiuse outro tipo de subvención? ¿Hai algún mecanismo para eludir máis dunha petición realizada para a axuda da Comunidade polo mesmo gasto? (por exemplo, ¿estámpase un selo do FSE na factura?).	
11. ¿Cúmprense as medidas de información e publicidade establecidas na normativa vixente? En concreto, ¿organízanse charlas informativas?, ¿expóñense carteis no centro, etc.?	

(**N/A**: Non aplicable)

Observacións:

_____

_____

_____

_____

_____

_____

Como evidencia do papel de traballo da revisión realizada, poderiamos utilizar un cadro resumo coma o seguinte:

CADRO RESUMO DA REVISIÓN

IES: _____

Ano: _____

	Euros				Euros	
ACCIÓN	Gastos declarados en formularios 2001	Gastos declarados contabilidade 2001	Gastos verificados auditoría 2001	Porcentaxe verificado	Gastos verificados non ilexibles 2001	Porcentaxe de gastos non ilexibles
1. Electrónica de consumo						
2. Perruquería						
3. Administración e finanzas						
4. Orientación						
TOTAIS						

9.3. Normativa aplicable ó Programa Operativo integrado de Galicia (2000-2006)

A finalidade do control dos gastos cofinanciados polo FSE é o de verifica-lo cumprimento da normativa aplicable en relación coa correcta obtención, o aproveitamento e o destino das axudas, así como da finalidade perseguida pola subvención concedida.

Para cumprir con este obxectivo xeral de control establécense ou desáñanse uns procedementos ou probas que permitan obter evidencia adecuada e suficiente do cumprimento da normativa aplicable. Esta evidencia obtense a través do exame de rexistros e documentos, observación, preguntas, confirmacións a terceiros, cálculos, etc.

Para un correcto control dos gastos cofinanciados polo FSE, detallámo-la normativa comunitaria e autonómica aplicable, os aspectos máis salientables da dita normativa aplicable e unha relación de documentación necesaria que permita deixar evidencia suficiente e adecuada acerca do cumprimento da dita normativa aplicable.

9.3.1. NORMATIVA APLICABLE NOS CONTROIS

9.3.1.1. Normativa comunitaria

- Tratado Constitutivo da CE e Tratado Constitutivo da UE.

- REGULAMENTO (CE) nº 1260/1999, do Consello, do 21 de xuño de 1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estructurais.

- REGULAMENTO (CE) nº 1262/1999, do Parlamento e do Consello, do 21 de xuño de 1999, relativo ó Fondo Social Europeo (FSE).

- DECISIÓN DA COMISIÓN do 07/03/2001, relativa á concesión dunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FSE) e do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria, Sección Orientación (FEOGA-O), para o Programa Operativo Integrado de Galicia (2000-2006), que se integra no Marco Comunitario de Apoio para as intervencións estructurais nas rexións españolas de obxectivo 1 do período 2000-2006.

- REGULAMENTO (CE) nº 1262/1999, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ó Fondo Social Europeo.

- REGULAMENTO (CE) nº 1159/2000, sobre as actividades de información e publicidade que deben realiza-los estados membros en relación coas intervencións dos fondos estructurais.

- DECISIÓN DA COMISIÓN do 23 de abril de 1997. No Anexo establécense as fichas de elixibilidade dos gastos no marco dos fondos estructurais.

- REGULAMENTO (CE) 1685/2000, da Comisión, do 28 de xullo de 2000, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) nº 1260/1999, do Consello, no relativo ó financiamento de gastos de operacións cofinanciadas polos fondos estructurais.

- REGULAMENTO (CEE) nº 438/2001, da Comisión, do 2 de marzo de 2001, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) nº 1260/1999, do Consello, en relación cos sistemas de xestión e control das axudas outorgadas con cargo ós fondos estructurais.

9.3.1.2. Normativa autonómica

- Lei 11/92, do 7 de outubro, do réxime financeiro e orzamentario, modificada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

- Decreto 239/1995, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que establece a estructura, a organización e a regulamentación xeral da formación profesional especifica, e as directrices que deben cumpri-los currículos dos diferentes ciclos formativos.

- Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 6 de abril de 1995, pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnado no bacharelato e nos ciclos formativos de grado medio en centros financiados con fondos públicos.

- Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 5 de maio de 1997, pola que se regulan os programas de garantía social na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei 8/1987, do 25 de novembro (DOG do 20 de xaneiro de 1988) pola que se establece a autonomía de xestión económica dos centros docentes non universitarios.

- Orde do 12 de xaneiro de 1988 (DOG do 21 de xaneiro), pola que se regula a aprobación e a xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes de niveis non universitarios.

- Orde do 13 de xuño de 2001 pola que se autoriza a oferta de ciclos formativos en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2001-2002 (DOG do 22 de xuño).

- Orden do 31 de maio do 2000 (DOG do 22 de xuño) pola que se autoriza a oferta de ciclos formativos en centros públicos da Comunidade autónoma de Galicia para o curso 2000-2001.

- Orden do 7 de maio de 2001 (DOG do 24 de maio), pola que se regula a admisión do alumnado nos ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica en centros sostidos con fondos públicos.

- Resolución do 10 de maio de 2001 (DOG do 29 de maio), da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se dictan instruccións sobre o acceso e a admisión ós ciclos formativos de graos medio e superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.

- Resolución do 27 de abril do 2000 (DOG do 30 de maio), da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se dictan instruccións sobre o acceso e a admisión ós ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional específica para o curso 2000-2001.

- Resolución do 30 de xuño do 2000 (DOG do 27 de xullo), da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se regula o acceso e a admisión do alumnado ós ciclos formativos das familias profesionais de artes plásticas e deseño durante o curso 2000-2001.

- Resolución do 29 de xuño de 2001 (DOG do 26 de xullo), da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se regula o acceso e a admisión do alumnado ós ciclos formativos das familias profesionais de artes plásticas e deseño durante o curso 2001-2002.

- Orde do 1 de xuño de 1999 (DOG do 9 de xullo), pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa a formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 24 de abril de 2000 (DOG do 30 de maio), pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en bacharelato e en ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio, en centros sostidos con fondos públicos.

- Orde do 25 de abril de 2000 (DOG do 30 de maio), pola que se regulan as probas de acceso ós ciclos formativos de formación profesional específica e de artes plásticas e deseño.

- Resolución do 14 de xuño de 2001 (DOG do 26 de xullo), da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se dictan instruccións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica no curso 2001-2002.

- Resolución do 14 de xuño de 2000 (DOG do 29 de xuño), da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se dictan instruccións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica no curso 2000-2001.

- Orde do 12 de decembro de 2000 (DOG do 19 de decembro), pola que se convocan axudas económicas para os alumnos e as alumnas que realizan formación específica en empresas, correspondentes ós estudios de formación profesional de segundo grado, artes aplicadas e oficios artísticos, módulos profesionais experimentais, ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, artes plásticas e deseño e programas de garantía social.

- Circular 1/2001, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, sobre formación en empresas durante o curso 2000-2001 en centros públicos e privados.

- Resolución do 3 de xullo de 2001 (DOG do 26 de xullo), da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se autorizan os programas de garantía social en centros públicos no curso 2001-2002.

- Resolución do 28 de setembro de 2001(DOG do 24 de outubro), da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se modifica a autorización dos programas de garantía social en centros públicos para o curso 2001-2002.

- Resolución do 30 de xuño do 2000 (DOG do 24 de xullo), da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se regula o desenvolvemento de programas de garantía social en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2000-2001.

- Resolución do 26 de xullo de 2000 (DOG do 28 de agosto), da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se autorizan os programas de garantía social en centros públicos para o curso 2000-2001.

- Resolución do 30 de outubro de 2000 (DOG do 27 de novembro), da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se autorizan os programas de garantía social en centros públicos, que figuran no anexo, para o curso 2000-2001.

- Circular 13/2000, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se dictan normas para a xustificación das actividades incluídas no programa operativo do Fondo Social Europeo (FSE) para o período 2000-2006.

9.3.2. ASPECTOS SALIENTABLES DA NORMATIVA

Os aspectos máis salientables da normativa aplicable, para o cumprimento do obxectivo perseguido polas subvencións cofinanciadas polo FSE, detállanse de seguido:

1. Que se cumpran as condicións impostas para a renovación e, de se-lo caso, a concesión de ciclos formativos novos.

2. Que os ciclos formativos foran autorizados.

3. Que a finalidade dos ciclos formativos impartidos polos IES se axuste ó disposto no artigo 2 do Decreto 239/1995, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e ás finalidades concretas dos distintos tipos de módulos que, de acordo co artigo 7 do mencionado decreto, deben integrar cada ciclo formativo.

4. Que no desenvolvemento da formación se cumpran os obxectivos establecidos no currículo particular de cada ciclo formativo.

5. Que o decreto específico de cada ciclo formativo conteña os aspectos básicos regulados no artigo 11 do decreto 239/1995.

6. Que se respecten os requisitos establecidos en relación ó acceso do alumnado ós ciclos formativos.

7. Que o número de grupos por ciclo formativo e de alumnos por grupo non superen o establecido na normativa vixente.

8. Que se cumpren as limitacións impostas en relación á matrícula establecidas pola normativa vixente.

9. Que o horario dos ciclos formativos cumpra o disposto na normativa vixente.

10. Que se teña realizado o módulo de formación en centros de traballo.

11. Que ó final do ciclo formativo se teña presentada a memoria esixida.

12. Que os gastos relativos a cada ciclo formativo se xustifiquen correctamente.

13. Que os gastos non se cofinanciaran con ningún outro fondo estructural procedente da UE que sería incompatible de acordo coa normativa comunitaria.

14. Que se cumpran as medidas de información e publicidade dispostas.

15. Que as facturas e os xustificantes dos gastos relativos ás accións subvencionadas e as cantidades percibidas con cargo ó FSE e á Comunidade Autónoma estean correctamente contabilizados.

9.3.3. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA REALIZA-LO CONTROL

O obxectivo do control financeiro, como xa comentamos, será verifica-lo cumprimento da normativa aplicable en relación coa correcta obtención, o aproveitamento e o destino das axudas, así como a finalidade perseguida pola subvención concedida. Para realiza-las probas de control cómpre verificar unha documentación, que deberá estar dispoñible nos IES e que, sen ter carácter restrictivo, relacionamos de seguido:

1) Escrito de solicitude de renovación ou de nova implantación e memoria presentada ante a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos ciclos formativos impartidos nos cursos obxecto de control. Actas de aprobación polo Consello Escolar da impartición de ciclos obxecto do control. Resolución de aprobación das ensinanzas por parte da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.

2) Currículo básico, proxecto curricular e currículo particular dos ciclos formativos obxecto de revisión.

3) Programación xeral do centro dos cursos obxecto de control: listaxe de alumnos matriculados nos ciclos formativos obxecto de control durante os cursos obxecto de control. Relación de grupos e alumnos por ciclo (autorización, se procede, pola Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional). Listaxe do total de alumnos matriculados no centro por tipo de ensinanza. Relación de profesorado, materias e horarios dos ciclos: cadro horario dos ciclos e cadro horario do profesorado que os imparte.

4) Documentación e/ou expedientes de acreditación do cumprimento dos requisitos de acceso e/ou matriculación dos alumnos ós ciclos formativos (instancias de solicitude, resolución de admisións, matrículas, seguro escolar, xustificantes dos requisitos de acceso: titulación, expediente académico, proba de acceso, idade, etc.).

5) Respecto á formación en centros de traballo: programas formativos, convenios de colaboración, calendarios de inicio, relación de alumnos que a desenvolveu, autorización pola inspección educativa, e liquidación e xustificación das dietas pola asistencia as prácticas.

6) Documentos de avaliación e acreditación académica: expediente académico, actas de avaliación e informes de avaliación individualizados.

7) Se se impartiron ciclos na modalidade a distancia: listaxe de alumnos matriculados.

8) Memoria final do ciclo formativo.

9) Formularios de xustificación de gastos, horas do profesorado e actividades correspondentes ós ciclos formativos obxecto de control (formularios 1, 2, 3, 4 e 5, segundo o manual para xustificación de gastos do FSE da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional).

10) Documentación soporte dos gastos incluídos nos formularios de xustificación: facturas, albarás, orzamentos, contratos e documentos contables auxiliares (cálculos de imputación de custos indirectos, inventario de equipamento, cálculo de amortizacións, etc.). Partes de faltas ou asistencia de alumnos e profesorado.

11) Documentación soporte do pagamento dos gastos correspondentes ós ciclos formativos obxecto de revisión (extractos bancarios e xustificantes de pagamento). Extractos e xustificantes bancarios do exercicio obxecto de control, do anterior e do posterior.

12) Comunicación das contías definitivas concedidas (subvención concedida). Xustificantes bancarios do cobramento das subvenciones obxecto do noso traballo.

13) Libros contables, libros auxiliares e conta xustificativa de gastos de funcionamento do exercicio obxecto de control.

14) Medidas e/ou actividades de información e publicidade realizadas sobre as accións subvencionadas, en cumprimento co Regulamento (CE) número 1159/2000.

ANEXOS

TÁBOA FISCAL DE AMORTIZACIÓN

Táboa xeral (Anexo RIS aprobado polo Real decreto 537/1977). Os coeficientes do "**grupo 011. Explotación agrícola e gandería"** foron aprobados polo Real decreto 215/1999, e son aplicables desde o 1 de xaneiro de 1999.

Índice da táboa

División 0: Agricultura, gandería e pesca.
División 1: Enerxía e auga.
División 2: Extracción e transformación de minerais non enerxéticos e productos derivados. Industria e química.
División 3: Industrias transformadoras dos metais.
División 4: Outras industrias manufactureiras.
División 5: Construcción.
División 6: Comercio, hostalería e restaurantes. Reparacións.
División 7: Transporte e comunicacións.
División 8: Institucións financeiras, seguros, servicios prestados ás empresas e alugamentos.
División 9: Outros servicios.
Elementos comúns.

COEFICIENTES DE AMORTIZACIÓN	Coeficiente máximo %	Período Máximo Anos
División 0. Agricultura, Gandería e Pesca		
Agrupación 01. Producción agrícola		
Grupo 011. Explotación agrícola e gandeira		
1. Obras de acondicionamento, rego e drenaxe		
a) Rede de acequias e desagues de obras de fábrica	8	25
b) Rede de distribución subterránea con tubería	6	34
c) Diques, balsas, depósitos elevados e estanques de evaporación	4	50
2. Maquinaria pesada para movemento de terras. Aplicaranse os coeficientes da Agrupación 51.		
3. Máquinas e aperos para preparación do terreo		
a) Subsoladoras, arados de tódalas clases e rolos apisoantes	10	20
b) Rede de distribución subterránea con tubería	12	18
4. Máquinas aboadoras, sementadoras e carros pulverizadores	12	18
5. Maquinaria para selección e desinfección de sementes, espolvoreadores e pulverizadores con motor e equipos para tratamentos de pragas en xeral	15	14
6. Instalacións e equipos de rego	10	20
7. Máquinas de recolección	12	18
8. Remolques	10	20
9. Tractores e os seus accesorios	12	18
10. Restante maquinaria das explotacións agrarias non comprendidas nos anteriores	12	18
11. Útiles e aperos de labranza non especificados nos anteriores apartados	25	8
12. Instalacións para cultivos protexidos		
a) Estructura arame e madeira	15	14
b) Estructura arame e ferro	12	18
c) Estructura de ferro e cristal ou semellante	8	25
13. Gando vacún, porcino, ovino e caprino	16	14
14. Gando equino e frutais non cítricos	8	25
15. Frutais cítricos e viñedos	4	50
16. Olivar	2	100
Grupo 012. Manipulación e envasado de froitos, hortalizas e prantas		
1. Maquinaria e instalacións de descarga, elevación e transporte interior, de preparación, descascarado, lavado, secado, encerado, cepillado, selección e calibrado	12	18
2. Maquinaria e instalacións de empaquetado, empapelado, marcado, envasado apilado e pregado	10	20
Grupo 013. Desecación de froitos, hortalizas e tubérculos		
1. Secadeiros	7	30
2. Maquinaria e instalacións de preparación, selección, lavado, secado mecánico e moenda	12	18
3. Maquinaria e instalacións de envasado e empaquetado	10	20
Agrupación 02. Explotacións industriais de producción avícola-leiteira		
1. Muiños de pensos e maquinaria e instalacións de preparación de alimentos	10	20
2. Instalacións de distribución de alimentos, de posta, rexistro, crianza e recría	12	18
3. Instalacións incubadores	10	20
4. Instalacións de clasificación e pesaxe	10	20
5. Segadora-fileiradora	12	18
6. Tractores	12	18
7. Accesorios do tractor	12	18
8. Instalacións de muxido	15	14
Agrupación 03. Pesca		
Grupo 031. Pesca marítima con buques e redes de cerco		
1. Embarcadeiros e instalacións de carga e descarga	6	34
2. Buques de pesca	10	20
3. Aparatos localizadores de pesca, detectores, telefonía, radio-xoniómetros e radar	18	12
4. Aparellos de pesca	25	8
5. Maquinaria e instalacións para a preparación e manipulado do pescado e os seus derivados	12	18
Grupo 032. Explotacións cetáreas, ostrícolas e viveiros		
1. Instalacións flotantes para criadeiros	8	25
2. Comportas e grellas en viveiros	10	20
3. Instalacións para a preparación e manipulado de crustáceos e moluscos	12	18
4. Utensilios de arrinque, corda de esparto e semellantes	25	8

COEFICIENTES DE AMORTIZACIÓN	Coeficiente máximo %	Período Máximo Anos
Grupo 033. Secado, salazón e afumado do peixe		
1. Secadoiros	7	30
2. Maquinaria e instalacións de limpeza, preparación e primeira elaboración do peixe	12	18
3. Maquinaria e instalacións de desecación e afumado	12	18
4. Maquinaria e instalacións de envasado, peche, empaqetado e embalado	10	20
División 1. Enerxía e auga		
Agrupación 11. Extracción, preparación, aglomeración de combustibles sólidos e coquerías		
Grupo 111. Minas a ceo aberto		
1. Terreos adicados exclusivamente a escombreiras	4	50
2. Infraestructura e obras mineiras especializadas	7	30
3. Escavadora de rodelas e instalacións anexas	15	14
4. Apiladoras e instalacións anexas	10	20
5. Cintas transportadoras	10	20
6. Maquinaria de mina, tractores oruga, excavadoras, palas e camións de mina	20	10
7. Maquinaria para perforación e sondaxe	30	8
8. Maquinaria e instalacións auxiliares de minas	10	20
9. Autocamións	20	10
Grupo 112. Minas subterráneas		
1. Terreos adicados exclusivamente a escombreiras	4	50
2. Infraestructuras e obras mineiras especializadas	7	30
3. Maquinaria e instalacións auxiliares de minas	10	20
4. Maquinaria e instalacións de compresión, trituración e clasificación	15	14
5. Instalacións para recheo	12	18
6. Instalacións de ventilación	12	18
7. Instalacións de aire comprimido	12	18
8. Desaugadoiros de minas	12	18
9. Instaacións de transporte sobre railes:		
a) Vías	7	30
b) Vagoneta, volquetes e demais elementos de carga	10	20
c) Equipos de tracción	8	25
10. Autocamións	20	10
Grupo 113. Prantas de tratamento, concentración e depuración de minerais		
1. Terreos adicados exclusivamente a escombreiras	4	50
2. Maquinaria e instalacións para o transporte de mineral	12	18
3. Maquinaria e instalacións para separación e tratamento primario	12	18
4. Maquinaria e instalacións de trituración, moenda e clasificación	15	14
5. Maquinaria e instalacións auxiliares	10	20
6. Autocamións	20	10
Agrupación 12. Extracción de petróleo e gas natural		
1. Maquinaria e instalacións para traballos de perforación:		
a) Sonda perforadora, bombas de expulsión, grupos motrices	12	18
b) Castillete-mástil	10	20
c) Varillaxe de perforación	20	10
2. Maquinaria e instalacións de extracción e producción	12	18
3. Maquinaria e instalacións de fluxo e redes colectoras	12	18
4. Maquinaria e instalacións de separación e tratamento primario	12	18
5. Maquinaria e instalacións de almacenamento	10	20
6. Tanques e depósitos	8	25
7. Maquinaria e instalacións de bombeo, medida, evacuación de recuperación secundaria e terciaria e instalacións anexas ás anteriores	10	20
8. Plataformas marinas	10	20
9. Buques de perforación e producción	10	20
10. Torre e subestructura	10	20
11. Instalacións de transporte de hidrocarburos por canalización	10	20

COEFICIENTES DE AMORTIZACIÓN	Coeficiente máximo %	Período Máximo Anos
Agrupación 13. Refino de petróleo		
1. Unidades de destilación, craqueo y reformado	12	18
2. Unidades de desulfuración, polimerización, lubricantes, asfaltos e semellantes	12	18
3. Calcinadores de coque	12	18
4. Unidades de tratamento	12	18
5. Unidades de mezcla e dosificadores	10	20
6. Redes de distribución e transporte de fluídos	8	25
7. Unidades de bombeo	10	20
8. Unidades de almacenamento	5	40
Agrupación 14. Transporte por oleoducto de productos petrolíferos e o seu almacenamento		
1. Instalacións marítimas:		
a) Superestructura e estacas	4	50
b) Equipos e instalacións mecánicas	12	18
c) Liñas de conducción	8	25
2. Oleoductos:		
a) Liñas de conducción e a súa infraestructura	8	25
b) Estacións de bombeo e terminais de recepción	10	20
3. Tanques de almacenamento, os seus cubetos de retención e a súa infraestructura	5	40
4. Equipos de bombeo en instalacións de almacenamento	10	20
5. Liñas de conducción de productos e de vapor para quentamento de fueles en instal.	8	25
6. Rede de drenaxe de tanques	4	50
7. Separadores de hidrocarburos, unidades de recuperación de vapores e outras instalacións anticontaminantes	15	14
8. Cargadeiros de camións ou vagóns-cisterna:		
a) Equipos electrónicos para automatización ou regulación do proceso de carga	15	14
b) Instalación e equipos para aditivación	12	18
c) Equipo mecánico e outro	12	18
9. Camións para transporte de productos petrolíferos:		
a) Cabezas tractoras de trailers	18	12
b) Semirremolques ou cisternas de trailers	12	18
c) Camións-cisterna ríxidos	15	14
Agrupación 15. Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica e gas		
Grupo 151. Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica		
1. Centrais hidráulicas, de bombeo e mixtas:		
* Obra civil	3	68
* Equipamiento electromecánico	5	40
2. Centrais térmicas	7	30
3. Centrais nucleares, incluídos os terreos ocupados na zona baixo control do explotador	5	40
4. Centrais eólicas	8	25
5. Centrais experimentais	10	20
6. Liñas de transporte	5	40
7. Subestacións:		
a) Convencionais	5	40
b) Blindadas	3	68
8. Reparto e distribución	4	50
9. Aparatos de medida	7	30
10. Instalacións de despacho de maniobra	10	20
11. Outras instalacións técnicas	8	25
Grupo 152. Producción, transporte e distribución de gas		
1. Instalacións de producción e regasificación:		
a) Instalacións de carga e descarga	8	25
b) Depósitos de almacenamento	5	40
c) Instalacións de vaporización	10	20
d) Liñas de fabricación	12	18
2. Instalacións de transporte e distribución:		
a) Redes de transporte e distribución	5	40
b) Estacións de regulación e medida	5	40
c) Instalacións de medida e control	12	18
d) Depósitos metálicos de distribución	8	25
e) Aparatos surtidores de gases licuados de petróleo	12	18
f) Reguladores de presión	10	20

COEFICIENTES DE AMORTIZACIÓN	Coeficiente máximo %	Período Máximo Anos
Agrupación 16. Captación, depuración e distribución de auga		
1. Obras hidráulicas:		
* Obra civil	3	68
* Equipamento electrónico	5	40
2. Depósitos e tanques	4	50
3. Rede de distribución	6	34
4. Instalacións elevadoras	10	20
5. Instalacións de filtraxe	7	30
6. Instalacións depuradores por cloración	10	20
7. Instalacións complementarias mecánicas e eléctricas	6	34
División 2. Extracción e transformación de minerais non enerxéticos e productos derivados da industria química		
Agrupación 21. Extracción e preparación de minerais metálicos		
Aplicaranse os coeficientes da Agrupación 11		
Agrupación 22. Producción e primeira transformación de metais		
1. Fornos altos, fornos de cok, fornos de aceiro e outras instalacións analóxicas	10	20
2. Instalacións fixas e trens de laminación cos seus elementos complementarios	10	20
3. Instalacións de colada continua	10	20
4. Autocamións		
Agrupación 23. Extración e preparación de minerais non metálicos e enerxéticos		
Aplicaranse os coeficientes da Agrupación 11		
Agrupación 24. Industrias de productos minerais non metálicos		
Grupo 241. Xacementos e canteiras		
